Silvia Alonso Fernandez (1 para 2)
Secretaria
Data de Sinatura: 16/01/2019
HASH: 2a87f630cc48bba63a7449ba5de1bde7

Xosé Carlos Valcarcel Doval (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 16/01/2019
HASH: 154962dec3c1e759a904557b50ca69a5

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2018.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)
D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)
D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)
D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)
D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)
D. Mª CONSUELO VISPO SEARA (PP)
D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)
D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)
D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)
Dª MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)
D.ª SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)
D.ª SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)
D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

Dª SILVIA ALONSO

Ausentes:

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 5 de NOVEMBRO de 2018 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr.

Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR DO 2 DE XULLO DO 2018**

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do dia é a aprobación da acta da sesión anterior que se celebrou, neste caso, o 2 de xullo do 2018. Alguén ten algo que engadir, modificar, sobre este acta, ou non?. Non?. Ninguén?. Polo tanto, procedemos a súa votación. Votos a favor da acta, da aprobación da acta da sesión do 2 de xullo do 2018?. Unanimidade.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade dos presentes. Falta Fina

O Sr. Alcalde toma a palabra: Falta Fina Varelas, e Marabú, tamén. Marabú supoño que será por causas derivadas de onte, do cansancio, e Fina, está a piques de chegar.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Aprobación da acta anterior do 2 de xullo de 2018"**

2. **EXPEDIENTE 4834/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao segundo punto da orde do día, que é o expediente 4.834, si unanimidade.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade dos asistentes. Fina falta e Marabú tamén.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Expediente 4.834/2018, procedemento xenérico aprobación dos festivos locais. Ben, pois, os festivos locais que se propoñen para este ano, para este ano non, para o que ven, 2019, como todos os anos, de momento, é o 5 de marzo, que é o martes de entroido, e o 11 de novembro que é o San Martiño. Ramón? Nada. Democracia Orensana, Santi? Partido Popular? Algunha consideración que facer sobre este punto? Sobre estes festivos locais?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas noites a todos, ante todo ao público asistente, a todos os compañeiros. Nada, non temos nada que dicir o Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois polo tanto sometemos a votación esta proposta de alcaldía. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade dos asistentes.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Aprobación dos festivos locais para o ano 2019, 5 de marzo (martes de entroido) e 11 de novembro (San Martiño)"**

3. EXPEDIENTE 3.402/2018, APROBACIÓN DE CONVENIO A ASINAR COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto, expediente 3.402/2018, aprobación de convenio. Trátase dun convenio a asinar coa Universidade de Vigo. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Boas tardes a todas e a todos os presentes. O que traemos é un convenio de cooperación educativa entre o Concello de Barbadás e a Universidade de Vigo, para realizar prácticas académicas externas. Nas cláusulas recóllese todo o que regula ás prácticas formativas da Universidade de Vigo coas administración públicas. No punto 2, di que dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido dará lugar á substitución da prestación laboral propia dos postos de traballo. E na parte sexta, di que o período de prácticas non constitúe baixo ningún concepto, unha relación laboral entre o alumnado e o Concello de Barbadás, nin coa Universidade de Vigo ou a entidade xestora. Non poderá formalizarse un contrato de traballo entre a empresa e o estudantado, mentres non finalice a práctica. E o Concello de Barbadás, di na cláusula sétima, poderá conceder á Universidade de Vigo, unha bolsa para realizar, para a realización de prácticas académicas externas axustándose á normativa complementaria desenvolvida pola propia universidade. Isto é todo. Son o que regula estas prácticas formativas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón, ten cinco minutos na primeira quenda como todos os demais voceiros ou voceiras.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todas e a todos. Para ser

breves, un pouco somos escépticos sobre a firma deste convenio. En primeiro lugar, porque durante as comisións informativas, viuse claramente que unha parte do goberno dicía unha cousa e outra parte dicía outra. Entón, parece que non había un acordo entre o que pensaba unha parte e pensaba a outra sobre o tema das prácticas. O que si quereríamos que nos aclararan, se pode ser, que nos concretaran para que necesitan firmar este convenio. Se teñen algo en concreto para levalo a cabo. Ou sexa, se simplemente é unha firma dun convenio por firmar un convenio ou teñen previsto, unha vez firmado o convenio que peticións van facer á universidade ou que pasos van a dar unha vez firmado este convenio. Polo tanto pedimos aclaración para poder emitir o noso voto. Que beneficios pode ter para o concello a firma deste convenio e un pouco iso, visto que mesmo na comisión informativa, pedimos máis aclaración sobre este tema.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Nada que dicir? Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todos e a todas, especialmente ao público que hoxe nos acompaña. Vamos a ver, nun principio, nós íamos preguntar o mesmo que acaba de preguntar o compañeiro do Grupo Mixto, Ramón Padrón. Necesitamos máis información e concretamente se este tipo de prácticas laborais, refírense a prácticas extra curriculares ou curriculares. Entón ímonos manter un pouquiño para a segunda quenda, para determinar a nosa postura. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde. Son tres minutos, agora.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben. Eu estiven moitos anos na oposición, tanto na Deputación Provincial de Ourense coma neste concello. Oito anos estiven na oposición. Sempre que o grupo de goberno levaba unha cousa eu lía o que ía aos plenos para poder facer coherente as miñas intervencións. É dicir, levaba a lección aprendida. Lía o que ía aos plenos. Non ía aos plenos a preguntar que é o que nos traedes?, senón que eu primeiro informábame ou preocupábame por informarme de que cousas ían ao pleno para despois debater cun mínimo de seriedade e de coherencia. Vostedes estannos preguntando para que firmamos un convenio coa Universidade de Vigo, ben, o alumnado da Universidade de Vigo, como o de todas as universidades, agora co Plan

Bolonia, igual que o que sucede cos ciclos formativos de Formación Profesional, tanto de grado medio coma do superior, teñen que superar unhas partes das súas sinaturas que son formativas. Son horas de formación en centros de traballo que poden ser en empresas privadas ou en administracións públicas. O que estamos facendo no Concello de Barbadás é mostrar a nosa dispoñibilidade para que, perdón, o que estamos facendo no Concello de Barbadás é, mostrar a nosa dispoñibilidade para que o alumnado da Universidade de Vigo, teña un lugar nunha administración pública para poder facer as súas prácticas formativas. Puxémonos en contacto coas profesoras, coas titoras destas prácticas, que por certo, nos agradecen, agradécennos que haxa concellos como o de Barbadás, que esteamos dispostos a acolles este alumnado porque o que se atopan eles é que hai moi poucos concellos que sexan, que reciban o seu alumnado e para eles é unha táboa de salvación, é unha táboa de formación, é un lugar onde o seu alumnado pode realizar prácticas que ademais consideran eles, pola súa experiencia que tamén tiveron neste concello, moi, moi positivas. Palabras das titoras da Universidade de Vigo. Para que se asina o convenio? Eu creo que queda claro. Os alumnos da Universidade de Vigo, poden vir a facer a súa parte formativa, señor Manuel, en ningún lado deste convenio con prácticas laborais. Eu xa tiven a delicadeza de ler os artigos, sexto, sétimo e cuarto, para deixar ben claro, que non hai ningún tipo de relación laboral con ese alumnado. Son prácticas formativas. Veñen a facer unha parte modular da súa formación académica, que en primeira fase consta, perdón, si, si,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estamos facendo caso.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Si, non pasa nada, si. Continúo. A parte formativa son 135 horas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten trinta segundos máis, pero xa van tres minutos.

O Sr. Fírivida toma a palabra: Ben, pois entón, moi rápido. Son formación, exclusivamente formación. Señor Ramón, que beneficios ten o concello? Mire vostede. Colaborar na formación educativa e académica dos alumnos de Galicia que fan estudos superiores na Universidade de Vigo. Se a vostede isto lle parece pouco, a min dende logo, satisfaime. Satisfaime e éncheme. Prácticas laborais, señor Manuel? Non. Nunca, en ningún caso. Prácticas formativas. Acabei.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón, ten tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Señor Fírvida, recoméndolle que non se enfade tan pronto. Aínda queda moito debate. Mire, se aproveitara os cinco minutos do principio para explicar todo iso que agora non lle deu tempo, pois xa, tampouco habería moito problema porque se vostede trae unha proposta para que sexa aprobada aquí, por parte do goberno, un convenio que é bastante importante, deberalle dedicar os primeiros cinco minutos que ten, explicarnos todo iso que explicou despois, porque para iso ven ao pleno. Digo eu. Non sei.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Pensei que lían vostedes algo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non, non, eu lin todo perfectamente. Mire, a primeira parte que me dixo vostede do plan Bolonia, iso todo xa o lin. Eu xa sei perfectamente para que é isto. Ou que nos quere facer tontos aos demais, ou que? Eu o que lle preguntei era para que vostede quere firmar un convenio. Se quere firmar un convenio de si porque si, ou se efectivamente cree vostede necesario traer a xente a facer estas prácticas aquí ao concello porque realmente o concello precísao para prestarlle o mellor servizo ao cidadán porque vostede é un xestor dos cidadáns deste concello. Vostede non é un xestor dun, non sei, dun organismo, un ente por aí que anda por aí no limbo. Non?. Este é o Concello de Barbadás e vostede débese ao Concello de Barbadás. Entón, nós non estamos de acordo nisto porque non cremos que estas prácticas sexan necesarias, que os alumnos as fagan nun concello. Estas prácticas, os alumnos, teñen que facelas en empresas privadas. Ben. Oia, vostede pense o que queira. Entende?. Vostede pense o que queira. Nós pensamos o que queiramos. Entón, vólvolle repetir, non explicou, non concretou nada de para que queren firmar este convenio. Ou sexa, se para mellorar algún servizo aos cidadáns deste concello ou para pedir, unha vez firmado o convenio, se é que se aproba aquí no pleno, que vai solicitar primeiro vostede da universidade. Non nos aclarou nada diso. Simplemente di de firmar un convenio. Que lle deron as grazas os responsables da universidade e nada máis. Entón, pois mire, cremos que non é, vostede non está facendo un servizo como xestor ao cidadán, concretamente. Nada máis que dicir. Ah! Ben, o tema non hai relación laboral pero despois o concello vai a facer unhas bolsas para entregarlle á universidade que sairán

dos petos dos cidadáns deste concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Voceiro ou voceira de Democracia Orensana, ten tres minutos. Grazas señor Ramón.

O Sr. González toma a palabra (DO): Nós estamos de acordo co convenio. E o noso tempo, se o quere señor Fírvida, para seguir explicando.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Iso non se pode facer. Iso non é viable. Non se pode facer. Voceiro ou voceira do Partido Popular, tres minutos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben, vamos a ver. Xa vostede mesmo ven a dar a entender que quen non leu o que hoxe se presenta aquí é vostede. Nós, claro que o lemos pero tamén o entendemos porque con ler soamente non basta. A nós, estásenos presentando aquí, que ademais o coñecemos, o procedemento de prácticas académicas externas da Universidade de Vigo e aparte o de Facultade de Dereito que o coñecemos. E estamos falando de prácticas externas. As prácticas externas teñen un custo económico para o concello. Por algo, na providencia que se nos pasou, de alcaldía, na que o señor Alcalde solicita un informe técnico, ao respecto, ven a dicir, o importe da bolsa será proporcional ao salario mínimo interprofesional durante un máximo de tres meses e en canto á xornada diaria aconséllase que sexa de cinco horas máximo. É dicir, nós á vista da documentación que temos aquí, interpretamos que vai supor un custo económico. Mire, estamos a favor de que os estudantes que están nunha universidade, ou que saen da universidade se formen. E entendemos que a propia administración é un dos mellores sitios e lugares para poder formarse, por moitos motivos. Pero, o que non estamos de acordo é con que se nos agochen procedementos pola porta de atrás. Nós entendemos, insisto en que isto ten un custo económico e como o señor Alcalde solicitou un informe da Interventora porque con leva un custe económico, cal é o problema, non temos o informe da Interventora hoxe, enriba da mesa. Por iso nós, non imos a votar a favor disto. Que pasa? Que vostedes sempre chegan tarde. E saben por que chegan tarde? Porque os alumnos da universidade teñen este mes de novembro para solicitar as prazas nas entidades, centros ou empresas onde queiran facer estas prácticas. E vostede, ás presas, pouco lle van a poder ofertar en Barbadás. Ese é o problema, quen lemos as cousas somos nós pero tamén as entendemos e as interpretamos. Vostede

unicamente se basea en lelas. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Manuel. Ten a palabra o Tenente Alcalde, ten un minuto.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben, xa temos aquí os representantes de todos os males do mundo. Non señor Manuel. Chegamos tarde. Non damos collido prácticas. En fin, mire. As prácticas formativas non teñen custe económico ningún. Non teñen o que pasa que vostedes non se decatan. Dá igual. Fagan vostedes aspa ventos, que somos moi malos, que non nos decatamos de nada. Dá igual.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, por favor.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Déanlle todas as voltas do mundo. Chamen ás titoras de prácticas da universidade e comprobarán que o período formativo non ten custe académico, custe ningún. Outra cuestión é, que o exterior, ás prácticas formativas, se o Concello de Barbadás, ou a empresa colaboradora quere e solicita establecer un acordo coa universidade para que ese alumnado continúe a súa parte formativa nese centro de traballo, pode crearse unha bolsa de traballo, que ten que ofertar a Universidade de Vigo, que ten que pasar polos, pola administración da Universidade de Vigo, que a selección a fai a Universidade de Vigo e quen envía ao alumnado é a Universidade de Vigo. O único que fan os centros formativos é manifestar a súa intención de continuar con esa formación dese alumnado, no futuro, aportando unha bolsa para que ese alumnado, loxicamente despois da súa etapa formativa, reciba unha cantidade proporcional ao salario mínimo interprofesional, proporcional ao tempo traballado. Nós non dixemos que vaiamos a firmar esas bolsas de, esas bolsas de traballo. Ao mellor as firmamos e ao mellor non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

O Sr. Fírvida toma a palabra: Iso dependerá do traballo que desenvolva ese alumnado do noso concello e das necesidades que nós teñamos de continuar con ese alumnado facendo prácticas aquí. Pero iso queda Aínda sen decidir, neste convenio.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Remate. Grazas. Simplemente aclarar unha cousa coma alcalde. Vamos a ver. Evidentemente o concello vai tirar deste convenio para os sectores ou as áreas, mellor dito que o precisen, en cada momento. A parte de ser un servizo que

se lle presta á universidade, ao alumnado, tamén é algo que beneficia ao funcionamento do concello. Aquí xa houbo xente facendo prácticas e moi satisfeitos todos. Votos a favor da proposta? En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, máis BNG, máis Democracia Orensana, a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións? En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular e Grupo Mixto, en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, queda aprobada, si. Son cinco, seis. Hoxe son cinco, eles. Por iso. Dixeches, sete. Si, queda aprobada.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana e os votos en contra de PP e Grupo Mixto o seguinte acordo: **" Aprobación do convenio coa Universidade de Vigo"**

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Alcalde, podo facer unha consulta sobre este punto que acabamos de

O Sr. Alcalde toma a palabra: Consulte, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Á señora Secretaria, como a señora Interventora non está, pois terei que facerllo a vostede. Entendemos que din, ou sexa, o señor Alcalde, pediu un informe a intervención, o cal non figura no que se nos pasou á oposición, entón, entendemos que se, ou sexa non temos ese informe para tampouco deliberar o punto, cousa que nin me deixou. Ía facer a pregunta e nin me deixou, nese momento pediu votación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non a vin.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non pasa nada. Entendo que sen ese informe isto non se pode levar

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ao non ser un informe preceptivo, en principio podíase votar igualmente. O que ocorre é que tamén cabería a posibilidade de deixar o asunto enriba da mesa, pero habería que votar o feito de que se quede enriba da mesa. Claro. É dicir, iso é unha decisión, en principio non é preceptivo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A raíz do que di a señora Secretaria, acaba de dicir que

non é un informe preceptivo. Preceptivo e obrigado. Polo tanto, entendo que este asunto, procedemos agora á votación e votado está.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro. Si, si. Foi votado, entón agora hai que proceder a votar o deixalo enriba da mesa. É dicir, dar por non feita a anulación. Dar por non feita a votación, perdón. A ver, por favor, votos a favor de dar por non feita a votación e deixar o asunto enriba da mesa ata o informe de Intervención? Ben, pois vamos a mirar. Imos un por un. Vamos a ver, do BNG, por favor, os que voten a favor de deixalo enriba da mesa, quen son? Do BNG. Ánxela. Do Partido Socialista? Votan a favor de deixalo enriba da mesa? Enriba da mesa déixano Victoria, Rafa e Marga e o Alcalde. É votos a favor de deixalo enriba da mesa. E o Alcalde. Vale. Do Partido Popular? Todos. Todos votan a favor de deixalo enriba da mesa. De Democracia Orensana? Todos os membros votan a favor de deixalo enriba da mesa. Do Grupo Mixto? A favor de deixalo enriba da mesa. Vale. Polo tanto, votan en contra de deixalo enriba da mesa, en contra, Sarín, ah!, en contra non hai ningún. Vale, e abstéñense de deixalo enriba da mesa, Adrián, Adrián, Fírvida e Sarín. Ben, pois o asunto queda enriba da mesa porque soamente se requiría maioría absoluta, perdón, maioría simple e continuará, incluirase na orde do día do próximo pleno. Grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza Doforno, José Rafael Sierra Carril, Margarita Pérez Fernández (PSdeG-PSOE), Anxela González Cid (BNG), PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións de Adrián Varela Vázquez (PSdeG-PSOE), Xosé Manoel Fírvida Plaza, Serafín Núñez Pérez (BNG) o seguinte acordo: **"Anular a votación anterior sobre a aprobación do convenio coa Universidade de Vigo"**

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SANEAMENTO.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do saneamento. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Pois moi ben. Como todos os anos. Está establecido no contrato do servizo de abastecemento de auga potable no Concello de Barbadás, pola empresa concesionaria que se actualizarán as tarifas conforme ao IPC acumulado en setembro de cada un dos anos. Polo tanto o que se trae a este pleno é a actualización das tarifas co IPC de setembro do ano 2017 que foi do 2.3%. Isto está apagado non sei si se recolleu.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Repite.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Probablemente se recolleu a través do micro do señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non ten vostede nada que dicir? Democracia Orensana? Nada. Partido Popular? Nada. Polo tanto dado que non hai nada que engadir, a non ser vostede que queira engadir algo máis, votamos. Votos a favor?

A Sra Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: " **Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do saneamento. "**

5. **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE AUGA.**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é moi semellante a este, e que neste caso, en lugar do saneamento, fala da ordenanza fiscal reguladora da taxa de auga. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O Sr. Fírivda toma a palabra: Pois é o mesmo motivo, polo contrato realizado coa empresa concesionaria, hai que actualizar as tarifas polo saneamento da auga conforme ao IPC acumulado do último ano que foi do 2.3%.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Ramón? Nada. Democracia Orensana? Nada. Partido Popular?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Tampouco nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tampouco. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa da auga"**

6. MOCIÓN DO BNG SOBRE A DISCRIMINACIÓN NO DEPORTE FEMININO.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois pasamos ao punto seis, que é o procedemento xenérico de moción do BNG sobre a discriminación no deporte feminino. Ten a palabra a súa voceira. Ten cinco minutos, inicialmente.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Ben. Boas tardes. Boas tardes ao público e ao resto dos concelleiros e concelleiras. Nada, dicir que traemos aquí esta moción, por unha cuestión deportiva que pasou na Deputación, así a grandes trazos, na Deputación. A Deputación convoca a copa Deputación de Ourense de tenis, en colaboración co club Santo Domingo que é quen organiza, e os premios finais foron, para nenos que xogaban en tenis, setenta vales por un valor de 70 €, ao campión absoluto masculino, vou dicir agora mesmo só ese, porque había distintas categorías. E á campioa absoluta feminina, non, o absoluto masculino de 120 euros, e a absoluta feminina de 70 euros. Isto dáse por unha serie de circunstancias que vou tratar de explicar a continuación, pero antes dicir que a actividade física e o deporte, son ferramentas de contrastado poder socializador e de mellora da saúde. Paradoxicamente, no ámbito do deporte onde se produce unha enorme invisibilización e ninguneo das mulleres. Dende a dotación de premios onde se compite por sexos, ata o uso do corpo das mulleres nas competicións, por exemplo, na Fórmula1 ou no ciclismo somos utilizadas. O deporte, ten un enorme poder socializador, como xa dixen, que aboca, no que se aboca un constructo social e mental onde ás mulleres se lles asigna un rol que interiorizan dende nenos e nenas e que as leva a aceptar todo tipo de discriminación, a veces encubertas e maquilladas, outras veces claramente amosadas. Non podemos entrar agora de xeito profundo neste tema porque non nos chegaría todo o pleno para debatelo, pero dende o BNG, queremos poñer sobre a mesa o acontecido hai uns meses e que a pequena escala é un reflexo do que estou dicindo. Atopámonos en setembro na Copa Deputación de Ourense, que patrocina a

Deputación Provincial de Ourense, con 1.200 para premios, nun torneo, en cuxas bases se recolle que se darán premios por valor de 1.200 euros en distintas categorías seguindo o criterio de partido disputado ganado. Tendo en conta que se presentan aos torneos máis nenos que nenas, sábese de antemán que os premios non van ser iguais, van ser desiguais, como así é. Como xa dixen, o gañador absoluto masculino, gaña tres partidos e dánlle 120 euros. De todas formas, nas bases pon, que premios e regalos se repartirán, 1.200 euros en vales de material deportivo, para campións, subcampións, na categoría de absoluto, na seguinte fórmula: o campión obterá un premio de 25 euros por partido disputado gañado. Se seguiran as bases, o premio do gañador absoluto masculino, non serían 120 euros, serían 75 euros, porque gañou tres partidos, polo tanto, neste punto sáltanse as bases ao ver que lles sobra diñeiro para dar eses vales, non?. nisto non estamos en desacordo, evidentemente. A gañadora absoluta feminina, gaña un partido e aplícanlle un WO e dánlle 70 euros, despois de gañar un partido. E di, nas bases di, que no caso da categoría feminina se entregarán 30 euros por partido disputado gañado. E sen embargo dánlle 70 euros, co cal, sáltanse as bases. Repártense finalmente, nas distintas categorías, campións, subcampións, finalistas e semifinalistas, 995 euros e constátanse entón, primeiro, como xa digo, que se saltan as bases porque sobra diñeiro, no masculino pasan de 75 euros a 120 euros, e no feminino de 30 euros, que sería o que lles correspondería, a 70 euros. Pregunta, por que non igualan os premios se á hora de saltarse ás bases, por que non igualan os premios finais? Se non é un problema de recursos, porque non o é, porque realmente tiñan 1.200 euros e repartiron 995 e aínda sobran e deciden ampliar premios ata 955 subindo o valor de cada gañador, é un problema, non é de recursos, é un problema claramente de ideoloxía de xénero, no que as nenas, que participan pouco, iso é verdade, se lles está ensinando que a súa participación e a do seu xogo ten menos valor ca o dos nenos. Por que? Porque maquillan estas bases baixo un criterio que parece igualitario pero que en realidade é perverso porque finalmente levan a que as nenas teñan un premio xusto pola metade do que teñen os nenos. De feito nas bases din que o campión absoluto terá 25 euros por partido disputado gañado, e as nenas terán 30 euros por partido disputado gañado. Isto non é algo que pasase este ano, é algo que ven pasando dende hai moitos anos, que está

sendo denunciado ano tras ano. Por exemplo, no 2013, claramente xa, o campión sénior masculino, levaba 225 euros e a campioa, 150 euros. A cara descuberta, sen maquillaxe. E a finalista, o finalista, 110 euros, e a finalista, 90 euros. A cara descuberta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, ten que rematar.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Daquela, as bases incidían que era necesario facer cadros de oito xogadores, ou xogadoras, e que non se daría premio en cadro incompleto. Tamén se saltan aí as bases porque efectivamente, dan premio, ou sexa, permiten que os cadros sexan menores

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, ten unha segunda intervención.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Ben, realmente, que é o que estamos pedindo? Que sabendo e tendo historia neste tema, sabendo que hai grandes xogadoras de tenis de base, nenas, que hai nenas que incluso están gañando campionatos a nivel de Galicia, representando a Galicia en España

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, ten que rematar

A Sra. González toma a palabra (BNG): Que non se lles premie ao final, como se lles ten que premiar ao mesmo nivel que aos nenos. Incluso a outra proposta sería que xoguen xuntos, non teñen porque diferencialos por sexo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, ten que rematar. Ten unha intervención de tres minutos aínda, por favor. Señor Ramón, está na súa quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vaia por diante deixar ben claro que nós estamos a favor da discriminación positiva, sobre todo nestes deportes onde a muller ten unha menos participación, aínda que hoxe en día, sobre todo no tenis, non é coma noutros deportes, de motor, por exemplo, que non é tan, non ten tanta influencia a presenza da muller. Nós o que si fixemos foi preguntar sobre este tema, como dicían antes que non preguntábamos, e a verdade o que, a información que temos é que se discriminaba positivamente á muller porque o partido gañado das mulleres eran 30 euros.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Claro ese é o maquillaxe.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E o dos homes 25. Agora toda a explicación que fixo vostede, a verdade é que non a logrei entender. Se ma volve

explicar. Eu, de verdade, non sei, deulle as voltas, sacounos un montón de cifras e se o partido gañado dunha muller son 30 euros e dun home son 25, a discriminación é positiva cara a muller. Eu non vexo ningunha discriminación negativa. Pero vamos, en todo caso, se mo volve explicar para que vexa unha discriminación negativa nestas bases, eu entendereino, pero agora mesmo non o vexo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes a todos. Dicir que dende Democracia Orensana, estamos en contra da diferenza entre os homes e as mulleres, tanto no deporte coma no traballo. Penso que, dende cativos, dende nenos, hai que dar exemplo, que mellor que o deporte que chega a tantas xentes. Penso que tanto nenos coma nenas teñen que cobrar absolutamente igual os seus premios. Non facer diferenza. Unha pregunta tamén que me fago é, para que se fan as bases?, para saltalas? Non entendo. Facer unhas bases de premios e despois xa que se faga o que dá a gaña, paréceme estar perdendo o tempo, tirando o diñeiro e facéndolle a burla aos cidadáns. Esa é a miña humilde opinión, miña e do meu compañeiro. Sempre, sempre, sempre, en calquera ámbito, tanto laboral, deportivo, de axudas, calquera, todas as persoas temos que ser absolutamente iguais, homes, mulleres, nenos, grandes. Nunca, nunca, se poden facer as diferenzas porque facer as diferenzas en nenos pequenos é estar sementando ao futuro que a desigualdade sega, sega e sega. En cousas tan pequeniñas, coma isto, porque non é unha cantidade de diñeiro importante, 70, 120, pero só un céntimo, ou un euro, fai que esa semente sega crecendo. Hai que erradicar de raíz as diferenzas que se fan. E sobre todo dende os ámbitos políticos, como é a Deputación, tiñan que dar exemplo porque de nada vale facer concellerías de igualdade, facer campañas, cando eles xa non están facendo as cousas ben, nin promovéndoas ben. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A ver. Eu creo que vostede, nin o entendeu vostede nin o deixou claro. Non me extraña que o señor Padrón dígalle que non se decatou de nada.

A Sra. González toma a palabra (BNG): El, non se decatou de nada el.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Do que vostede dixo, nada é así. Nada é así. Mire, eu traio un informe da Deputación, que logo pásollo, doullo á señora Fina Varelas, porque os deberes si que hai que traelos feitos, vale? esta moción levouna un compañeiro seu do Bloque Nacionalista Galego, e déronlle co papel, na cara mesmo. Vale? . Mire, voullo ler para que o entenda, pero isto vano entender todos perfectamente, e vanse dar conta que non houbo ningunha discriminación sexista como vostede nos quere facer crer aquí. Vale? mire, non houbo premios en metálico, primeiramente. Despois, premiáronse todas as categorías pertencentes da mesma maneira. O campión, cun vale de 70 euros, o que vostede dixo non sei de onde o sacou, vale?, un vale de 70 euros en material deportivo. O finalista, un vale de 30 euros en material deportivo. Despois, as categorías masculinas, mire, vostede se xogou algunha vez ao tenis, xa lle vou dicir ao tenis, non a outras cousas, vale?, esta señora que está falando, si, vale?, e campionatos tamén, entón voulle explicar, que para que haxa un campionato, mínimo ten que haber catro xogadoras, catro, xa soamente iso, vale?. sígolle para que se vaia decatando un pouco. Categorías masculinas, alevín, infantil, cadete, junior, absoluto, veteranos junior, que é máis de 35 anos para que vostede o saiba e veteranos, de mais de 45 anos. Vale? e as categoría femininas igual, pero soamente conseguíronse tres persoas, tres mulleres, para, en categoría junior e unha en categoría absoluta, que se convenceu a esa persoa para que se puidera celebrar o campionato feminino. Vale? o que vostede dicía antes, de que xogaran todos xuntos, vale?, iso non pode ser. Vale?, porque realmente a federación,

A Sra. González toma a palabra (BNG): Por que non?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non é que o diga eu. É que realmente a federación, hai uns canons que hai que seguir. Enténdeme? Vale. Entón, todos os participantes en categorías masculinas foron 58. 58 homes. E total de participantes en categorías femininas, 4. O que eu lle explicaba é que unha delas era de categoría absoluta, vale? e que houbo que convencela para que se puidera desenvolver este campionato. Vale? en ningún momento.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Vale. Pódolle contestar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, estou na miña quenda.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, está na súa quenda de palabra.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estou na miña quenda, señora Ánxela González, estou na miña quenda. Despois contéstame vostede o que queira. Vale? Vamos a ver. A Deputación con este informe que llo deu ao seu compañeiro do BNG que llo puido dar, que o meu compañeiro, Juan Anta, o alcalde de A Veiga, foi quen o defendeu, podíallo dar, e están aquí, é que ademais, non hai voltas que darlle. Non hai ningún, ou sexa a Deputación, neste momento, enténdeme, non está facendo ningún cambio sexista, ou sexa, é que eu non sei de onde saca o da ideoloxía e estas cousas. Mire, sinceramente, ve cousas que realmente non as hai. Despois, as bases, todo o que explicou vostede, eu non sei como o público que está aquí, pode entendelo porque dígolle que non o entendemos ningún. Isto que lle acabo de ler eu, é o que nos pasaron da Deputación e é o campionato que fixeron. Eu non sei de onde saca vostede, todas esas cousas?

A Sra. González toma a palabra (BNG): Mire.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Espere.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Primeiro que remate, Ánxela.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Voulle ensinar aquí ao señor Alcalde para que constate,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Primeira cuestión, Chelo, vostede rematou?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Eu non rematei. É igual.

A Sra. González toma a palabra (BNG): …2018 e á señora Secretaria, material deportivo, o nome do gañador, no premio. Canto pon de premio? Vale. Falei todo o tempo de vales, saltáronse as bases, si ou non. Queres velo Fina?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Deixemos que a señora Chelo Vispo remate a súa intervención.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Vale. Falei todo o tempo de vales, saltáronse as bases, si ou non. Queres velo Fina?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Chelo, remate, por favor.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Segundo. Agora, voulle explicar a ... ah! Non acabou, pensei que acabara.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, por favor, non está na súa quenda de palabra, e aínda ten tempo par usar. Ten un minuto, un minuto e medio.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ímola deixar, porque é mellor que vostede, mire, sinceramente se segue dándonos eses números non imos decatarnos. Nun campionato, vale?, ten que haber persoas, dá igual feminino que masculino, vale? Nun campionato, se as mulleres se apuntan, en ningún momento a Deputación as está discriminando. Só había catro mulleres, señora Ánxela González, é que non sei de que quere sacar de contexto todo isto, que o sacou o seu grupo, Bloque Nacionalista. Eu creo que a ideoloxía, discriminación entre homes e mulleres, sinceramente vostedes téñena aquí. Díxenllo en cantidade de plenos, que ten que empezar dende a escola, vale?, dende a escola, dende abaixo, na familia e no colexio. É que enfádome, con estas cousas porque vostedes sacan as cousas de couzón, cando realmente, é que non hai nada? Catro mulleres, que podían facer?, xogar, porque senón con tres era imposible.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Xa podo contestar. Estou desexando contestarche Chelo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Aínda queda o grupo socialista. Ten que ter presente a señora Ánxela González e a señora Chelo Vispo que o grupo socialista tamén quere intervir neste pleno, nesta moción. Nesta moción. Ten a palabra o señor Adrián Varela.

O Sr. Varela toma a palabra (PSOE): Boas tardes a todos e a todas. Dende o grupo socialista de Barbadás, apoiamos a moción do Bloque Nacionalista Galego, xa que no seu acordo, o que realmente pide é que non exista discriminación á hora de outorgar premios neste tipo de competicións. Parécenos inxusto que exista discriminación nos premios destas competicións, máis cando nalgún dos casos trátase de categorías de base, que dificultan a integración e participación das mulleres ao deporte, neste caso no tenis. Neste concello, todas as subvencións que outorgamos dende o concello, son de concorrencia competitiva, tanto as que se dan aos clubs como as que se dedican á organización de eventos, un dos criterios a ter en conta é a participación de deportistas de xénero feminino. E creo que pois na Deputación pois debería tamén ter un pouco contexto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Ánxela González,

neste caso, que ten tres minutos.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Vale. Dito isto, teño tamén a foto do premio da muller, que son 70 €. Ben. Cal é a perversidade que eu dicía. A perversidade é a maquillaxe, dona Chelo. É a maquillaxe das bases. Esa é a perversidade. Mire. Se as mulleres non participan en competicións deportivas, é por algo. Non é porque ás mulleres non nos guste o deporte e aos homes lle guste moito. Non. É por algo. Vale? é porque efectivamente hai unhas determinadas situacións sociais que crean unha serie de construtos sociais que levan a que a participación da muller no deporte sexa menor porque foi invisibilizada eternamente, vale? Foi invisibilizada a muller no deporte durante moitísimos anos e utilizada. E foi algo que fomos mamando dende que eramos nenas e entón, hoxe en día están as cousas como están. Había tres nenas, efectivamente para participar, tres nenas que lle estaba pedindo participar nun club privado que a Deputación patrocina con diñeiro público en vales. Eu en ningún momento dixen que ás nenas se lle pagaba con diñeiro en metálico porque sería unha aberración. Vale? Páganlle en vales. Pero é que o diñeiro aquí é o de menos. O diñeiro aquí é o de menos. Que é o importante? Que finalista, a nivel finalista, ao final, ao final, as nenas que participaron, esas tres nenas que querían participar, que tiñan dificultades porque senón eran catro non podían participar, porque un pai se preocupou para que a súa filla puidera participar, de buscar a cuarta que a Deputación posiblemente apoiara, non digo que non, que un pai se preocupou de buscar a cuarta para que puideran facer cadro, para que puideran facer cadro, e puideran participar. As nenas ao final, que se levan? Lévanse que elas son menos valoradas que os homes, por unha cuestión de cantidade, non de diñeiro, de cantidade e de valoración ao final. E o diñeiro, insisto en que é o de menos porque eu non creo que a ningún pai de ningunha nena que xogue ao tenis e que compita a nivel galego e a nivel estatal, os 70 € que lle deron lles solucione absolutamente nada. Saben o que queren eses pais e esas nais que teñen fillas que queren facer tenis e que queren competir, queren pistas, queren instalacións, e queren que se lle dea a oportunidade ás súas fillas dende a base, para participar e que se as incentive a participar. E pódese incentivar a participar a esas nenas dándolle o mesmo premio finalista. Ao final. Eh! E valorándoas igual que un chico ao final. Por iso estas

bases, son unha maquillación perversa porque efectivamente, parten da fórmula de partido disputado gañado, 30 euros na categoría feminina, e 25 na masculina. Si, si. Sabendo como saben, que as nenas van participar nun número moito menor aos nenos. Outra cousa que lle quero dicir, é que, se 58 homes participaron nun, 1, 2, 4, , 58 homes participaron en 7 categorías, vale? Entón non participaron no alevín 58, no infantil 58, non. Participaron en 7 categorías polo tanto os premios repartíronnos en distintas categorías, evidentemente. E segundo, e dona Chelo, non subestime, non subestime aos seus compañeiros de bancada, nunca. É dicir, vostede, a min, houbo un momento que me tratou coma se fora tonta, e non son tonta. Vale? eu entendo, perfectamente, ao mellor expliquei mal á hora de explicalo. Pero entendo perfectamente, tamén a entendo a vostede. Vale? Enténdoa perfectamente. E a ideoloxía de xénero non ma inventei eu. Eu tráioa aquí porque teño conciencia de xénero. Vostede non, evidentemente. Grazas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, ten que rematar. Ten despois un último, ten vostede un último minuto posteriormente, para rematar na presentación ou na exposición da moción e na defensa. Señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Señora Ánxela, mire, ao mellor vostede tamén cando dixo que non se decata el, polo señor Padrón, tamén ao mellor pensa que son tonto. Mire unha cousa. Eu subscribo totalmente as palabras que dixo fai un pouco Adrián. Estamos totalmente de acordo co acordo que trae a esta moción, instar á Deputación Provincial a que introduzan nos seus criterios para os patrocinios deportivos, cláusulas que impidan a discriminación do deporte feminino á hora de outorgar os premios de forma que se garanta que os premios finais sexan idénticos no caso do deporte feminino e masculino. Totalmente de acordo. Agora, vostede, utilizou aquí un torneo que houbo pola Deputación, polo o que ten vostede na cabeza. Entende? Entón, fixo, non, ben, eu estou na miña intervención, perdoe, non lle quero faltar. Entón, remexeu as cousas. Efectivamente, aquí, participaron só, poucas mulleres, entón é a perversidade que di vostede que se dan cartos públicos para unha actividade na que a maioría xa sabe que van a ser homes, entón ese diñeiro público vai para financiar ese torneo. Ben. Pois entón digamos aquí que a Deputación non financie de aquí en adiante, ou non outorgue subvencións de aquí en adiante a ningún torneo onde non haxa un

número dun porcentaxe de número de mulleres, que polo menos fagan que ese torneo non sexa moi discriminatorio. Entende? Agora, a discriminación positiva si que a había porque os partidos, ás mulleres pagábanse máis que o, o partido gañado. Ben. Que pasa? Que o problema é que había moitísimos máis homes ca mulleres. Entón vaiamos ao principio da cuestión, que non se subvencionen por parte da Deputación, torneos que haxa un número moi pequeno de mulleres.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, por favor. Por favor.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Se falamos de, xa digo, vou a, subscribo o que dixo antes Adrián, polo tanto vamos a votar a favor da moción porque o acordo parécenos totalmente razoable. E ben, vostede tamén, discriminacións, aquí, pode falar todo o mundo de discriminacións. Vostede fixo fai pouco unha discriminación co tema das comidas protocolarias. A unha xente págaselle comidas protocolarias e a outra xente que ven a outros actos, non se lle pagan comidas protocolarias. Entón, apúntese tamén ás discriminacións. Entende?. Non só hai, non hai só discriminacións na Deputación Provincial, tamén hai discriminacións aquí neste concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Padrón. Democracia Orensana ten a palabra. O seu voceiro ou a súa voceira.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): O que estou escoitando, a veces paréceme surrealista. Estouno vendo dende afora e falando unha palabra vulgar, flipo. Porque aquí sácanse as cousas de contexto. Estamos cunha moción específica, sáltase con outras cousas. Vamos a ver, aquí non vimos para botar en cara nada a ninguén. Eu penso que todos os compañeiros vimos aquí para intentar poñer un grao de area cada un de nós e mellorar as cousas. A nosa compañeira, o que trata de dicir, e eu polo menos así o interpreto, é que non pode haber desigualdade no deporte. Coma dixen antes, no deporte, traballo, chámeselle. Vamos a ver. Hai moitas menos nenas facendo este deporte ca nenos. O que vostede di, señor Padrón, que a ver, que agora senón hai tantas nenas coma nenos non se pode facer, iso é falar por falar e dicir tonterías. Sexamos serios. Entón digamos, que a xente ten que ser libre para apuntarse, os que se queren apuntar, pero os premios que aquí non son en metálico, senón en cheques, teñen que ser

iguais, tanto para os nenos como para as nenas, porque temos que dar, empezar a dar exemplo. E non podemos, penso, que dá igual quen traia unha moción deste tipo, podía traer vostede ou a señora do Partido Popular. Eu ía opinar o mesmo traia quen a traia porque temos que acabar dunha vez por todas coa diferenza que hai entre homes e mulleres. E canto máis no deporte que estamos falando de nenos pequenos, adolescentes, que lle temos que dar exemplo porque está claro que se eu póñome que vou xogar ao tenis e vexo que un compañeiro meu, que se esforza o mesmo ca min, e teñen cheques de premio 120 euros e eu quédome con 70 pois dáme rabia, por que, porque eu teño o mesmo dereito que pode ter un home, que pode ter outro rapaz. Entón, tratemos os temas con seriedade, e deixemos de mandarnos aos compañeiros cousas para parede e cando queiramos falar un tema en concreto falémolo, pero non mesturemos allos con cebolas porque ao final estamos facendo uns plenos que non van valer para nada. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Adrián Varela. Por grupo político non, estamos nunha moción. Si, antes fixémolo mal, exactamente. Correspóndelle a el por número de concelleiros.

O Sr. Varela toma a palabra (PSOE): Nada, eu insisto en cinguirme un pouco no que é o tema da moción. É dicir, estamos totalmente de acordo cos acordos que nos plantexan, que non exista a discriminación nos premios. Evidentemente pois os que traballamos día a día no deporte, sabemos da dificultade na que nos podemos atopar a veces para encontrar participantes de xénero feminino en determinadas modalidades. Pero o que realmente o que se nos está pedindo aquí non ten nada que ver co que comentaba antes Ramón, de se non participan. Se non participan e non pode haber competición, evidentemente, pois non pode haber competición e premio. Agora, outra cousa é que haxa competición e que os premios sexan distintos por unha cuestión de xénero. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Mire, vostede saca as miñas palabras de contexto sempre. Eu non a chamo tonta. Digo que non sabe explicarse. Eu non lle chamei tonta, en ningún momento. Senón, remítase despois…agora hai dúas cámaras en ver dunha.

Mire, que me chame a min vostede de discriminación de xénero, non llo vou consentir. Iso si que non llo vou consentir. Vostede sabe quen levou durante moitos anos neste concello deportes?. Creo que o sabe, non? Eu fun a concelleira de deportes. Nese momento, cando eu estábamos gobernando, o equipo feminino de fútbol, estaba neste concello. Vale?, que estaba nunha categoría moi elevada e axudábaselle dende este concello, e eran todo mulleres. Vale?. entón non lle vou permitir iso. En todas as categorías, en todos os deportes deste concello, admitiuse ás nenas, vale? Pero é que vostede estábame dicindo a min, estábame achacando que non, e en ningún momento. En ningún momento. Creouse a escola de tenis, que segue, creo que segue neste momento, senón Adrián pódeme, eu vin os sábados que van os nenos a entrenar, vale. a escola de tenis, vale? Eh? Todas as escolas hai nenos e nenas, e non lle vou a permitir o que vostede me dixo antes. Estoulle dicindo que o equipo feminino estivo aquí en Barbadás. Por outros motivos despois desfíxose e seguen noutro club. Vale? pero iso si que non. mire, voulle a, é que a verdade, isto estamos de acordo co que vostedes están levando porque nós estamos de acordo, pero vostede maquillouno co tema da Deputación, sigo insistindo. Entón voulle a dicir unha emenda para ver se a aceptan. En vez de, instar á Deputación, é instar a todas as administracións públicas. Soamente vamos a cambiar iso, porque entendemos, espere un momento, nós, o noso sentido do voto é abstención, vale?, porque entendemos que a Deputación neste momento non fixo nada irregular, ao contrario. O que vostede dixo dun pai que convenceu a súa filla, iso non é certo. Mire, había tres persoas, vale?, e a cuarta, convencéuselle para que fixeran ese grupo para que puideran competir, nada máis. Expliqueillo claramente antes, non houbo transcendencia ningunha, o que pasa é que había menos mulleres. O que si é certo, que si se houberan apuntado, non é que a Deputación lle houbera posto ningún impedimento. Entón, a emenda é, instar a todas as administracións públicas, porque entendemos que a Deputación non fixo nada malo. Vostedes están maquillando esta moción, tanto seus compañeiros na Deputación como vostede, por algo que realmente non existe e que nós, o Partido Popular está de acordo, de que haxa os mesmos premios para homes e mulleres, pero onde non hai, nese momento tanto se foran homes como mulleres, eh! Se o grupo foran catro homes e cincocentas oito mulleres, houbéramos

pensado o mesmo, cousa que ao mellor vostede non. porque mire, non lle quería sacar o tema que dixo o señor Padrón, pero esa comida que vostede tivo é que vostede só pensa en modo muller. Sinceramente, eh! E dígoo así de claro. Non me importa nada que vostede saque isto de contesto. Pero vostede creo que ten algo aquí metido

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, ten que rematar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ben, só un minuto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un minuto?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ben, un segundo. Como dicía o señor Padrón, vostede ten algo aquí metido co tema sexista, de verdade. E eu non o vexo coma o ve vostede. Sinceramente. Que lle digo que vivo con catro homes na miña casa, e eu non teño eses problemas e traballo con homes a diario.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo remate.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Ben, eu non sei se fartarme de rir agora ou contestar. Mire, con respecto a túa emenda, instar á Deputación Provincial de Ourense e a todas as administracións públicas, porque a moción vai referida, concretamente a unhas bases para que a Deputación, está sacando ano tras ano e queremos que se solucione isto e que se quite este sesgo de xénero que existe. Entón, si estamos de acordo en modificala así, instar á Deputación Provincial de Ourense e a todas as administracións públicas. Vostedes o que non queren é que figure a Deputación Provincial de Ourense, porque claro, vostede está na Deputación, vostede evidentemente non é feminista, eu si, por iso digo o que digo. Entón, pois ben, senón, senón é así, ou sexa a moción vai por unhas bases da Deputación Provincial de Ourense, na Copa Deputación de Ourense de Tenis 2018 en colaboración co Club de Tenis Santo Domingo, vale? Como vai nese sentido, a Deputación Provincial de Ourense é á que primeiro queremos instar e despois a todas as demais administracións, vale? Iso en primeiro lugar. Se aceptan así ben e senón queda como está. E con respecto a participación feminina, evidentemente, preocúpame moitísimo, como lle debería preocupar a vostede como ex concelleira de deportes, como lle debería preocupar a baixa participación das nenas. E as cousas hai que preguntarse o por que. Por que non

participan tanto as nenas coma os nenos. E preguntándose o por que igual chega a algún lado. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Ánxela. Moitas grazas a todos e a todas.

Votos a favor desta… ben, primeiro, a emenda, non aceptan a proposta que lle fai a voceira do BNG?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É que non é certo, entón

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón a moción queda no mesmo senso que estaba explicitaba no acordo, instar á Deputación Provincial de Ourense, a que introduza nos seus criterios para os patrocinios deportivos, cláusulas que impidan a discriminación do deporte feminino, á hora de outorgar os premios de forma que se garanta que os premios finais sexas idénticos no caso do deporte masculino e feminino. Queda así, sen modificar? Polo tanto, votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG, Democracia Orensana e Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstencións, Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións do PP o seguinte acordo: " **Moción do BNG sobre a discriminación no deporte feminino: Instar á Deputación Provincial de Ourense a que introduza nos seus criterios para os patrocinios deportivos cláusulas que impidan a discriminación do deporte feminino á hora de outorgar os premios de forma que se garanta que os premios finais sexan idénticos no caso do deporte masculino e feminino. "**

7. MOCIÓN DO BNG SOBRE O 25 DE NOVEMBRO.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto número 7 da orde do día que é o expediente 5.033, procedemento xenérico, moción do BNG, sobre o 25 de novembro. Ten a palabra a súa voceira ou voceiro.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Boas tardes, outra vez. É unha moción de

novo, entorno ao tema da muller. Evidentemente, son concelleira de igualdade, como non podía ser doutro xeito, traio mocións con respecto ao tema da muller. É a primeira vez que neste concello se fala tanto de mulleres e tan seguido. O 25 de novembro é unha data simbólica que pretende que todas e todos tomemos consciencia e reflexionemos, en torno ás violencias que sufrimos ás mulleres polo mero feito de selo. Evidentemente a loita pola igualdade non pode ficar nun día ao ano, senón que ten que ser un obxectivo no día ao día, pois a última finalidade é que o 25 de novembro deixe de ser necesario. Dito isto é evidente que as desigualdades por razón de xénero seguen sendo evidentes, acabámolo de ver, e que a súa manifestación máis extrema é o feminicidio, que case a diario temos que soportar. Neste ano 2018, produciuse un punto de inflexión cando as rúas enchéronse de homes e de mulleres cando saímos ante as sentencias xudiciais que se produciron no caso da "manada". En Ourense, aínda tiñamos todos e todas na cabeza, o asasinato de Isabel Fuentes, no Complexo Hospitalario á mans da súa parella, que xa a agredira anteriormente poñendo en perigo a súa vida é que a foi asasinar ao hospital. Estes feitos puxeron no punto de mira ao sistema xudicial que non recoñece á dignidade das mulleres e a violencia sistemática contra nós, que revitimiza ás vítimas ao xulgar o seu comportamento e que normaliza comportamentos sexuais de dominación masculina. Isto evidencia as carencias que ten aínda a xustiza para garantir un dereito tan básico, como que as mulleres poidan saír á rúa sen medo a ser violadas e a ser xulgadas polo seu comportamento ante a violación, ou mesmo, o dereito á vida. É necesario dotar á xustiza, como á universidade, como á cultura, como á ciencia, de enfoque de xénero, tamén aos plenos do Concello de Barbadás, tendo en conta as peculiaridades de determinados, dos delitos cando son contra as mulleres. É necesario garantir a seguridade e a integridade das mulleres e dos menores e das menores, lonxe dunha mentalidade patriarcal. É necesario, identificar e combater as masculinidades agresivas e violentas. É necesario unha xustiza que non facilite a violencia dos proxenitores contra a súa propia descendencia. O xudicial, é un ámbito delicado ao que se lle presume obxectividade pero como todo sistema ten unha sinatura pendente, e é a formación en perspectiva de xénero. E aínda que non se poden negar os avances lexislativos e os maiores recursos, a maior visibilización, está claro que o enfoque non é o axeitado ou

non existe unha perspectiva de xénero por parte dos poderes públicos axeitada. Dende o BNG, consideramos que a violencia de xénero debería ser unha prioridade na axenda política, polo que desexamos poñer enriba da mesa este debate, mediante esta moción, e tomar os seguintes acordos: expresar o recoñecemento da corporación as históricas modificacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo do 2018, así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas, isto xa o fixemos nun pleno anterior. Expresar a nosa vontade de sumar dende a administración local á prol da erradicación da violencia machista para que o seu solicita da Xunta de Galicia que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos orzamentos do Estado do 2019, así como á reformulación de criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país. Demandar á Xunta de Galicia á creación dunha unidade de violencia machista específica, integrada na Dirección Xeral de Xustiza, encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará como mínimo, cos seguintes obxectivos: impulsar xulgados específicos de violencia de xénero, en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país, e que garanta a igualdade do dereito independentemente do lugar de residencia. Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista. Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial incluídos equipos forenses e psicosociais. Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila unha e outra vez ao longo de todo o proceso de denuncia. Garantir os espazos separados de declaración e agarda, para evitar o contacto das vítimas e agresores, así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima. Incluír nas avaliacións de risca a avaliación ao agresor, para mellora a eficacia á hora de dotar as medidas de protección, tanto das mulleres coma dos menores e das menores. E dotar os servizos de garda dos xulgados, de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou? Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non vamos a falar máis do tema porque xa o temos debatido noutros plenos e téñense aprobado xa declaracións neste senso. A nosa postura é de apoio total a todas as medidas que contribúan a acabar coa lacra da violencia de xénero. E non temos nada máis que dicir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. A voceira, neste caso, de Democracia Orensana. Fina Varelas, por favor, cinco minutos ten.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada. Dicir o que teño dito noutros plenos. Que temos que acabar dunha vez por todas con esta, con esta desgraza. Dicir que Democracia Orensana está a favor sempre das mulleres. Repetir, que non somos nin máis nin menos, somos todos iguais. Dicir, que sentinme tremendamente orgullosa o ano pasado, coa manifestación que invadiu cidades de toda España. Todas as medidas para erradicar isto son poucas. Apoiar, vamos a apoiar sempre, sempre, sempre, todos e cada unha das cousas que se propoñan, que veñan para garantir que dunha vez por todas non haxa máis asasinatos, máis mortes, máis palizas. E sobre todo, repetirvos que isto, unha das medidas importantes é a educación nos colexios e nas casas. Non esquecer que cada un de nós podemos facer moito dende as nosas casas. Nada máis. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Interveño eu agora como voceiro do Partido Socialista. Ánxela, a señora concelleira, a señora voceira neste caso do Bloque Nacionalista, fixo unha apreciación moi importante, que todos os días deberían ser 25 de novembro. É o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. O Grupo Socialista deste concello quere manifestar o seu compromiso coas mulleres vítimas desta lacra social que ten que ser erradicada. Para iso necesitamos o compromiso individual de todos os cidadáns, homes e mulleres. O compromiso colectivo de toda a sociedade. Non só uns días senón todos os día do ano para combatela. A violencia machista aféctanos a todos e a todas e a nos a obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións coma vostede ben dicía. En cada unha, no seu ámbito competencial. O Partido Socialista, garantir unha vida libre de violencia para mulleres, ás súas fillas e fillos, é un obxectivo prioiritario. Non seremos unha democracia plena, contundente, unha democracia ao cen por cen, mentres existan mulleres ameazadas e inseguras, e mentres algunha destas mulleres acaben asasinadas. Algunha non, moitas. A violencia

de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, como vostedes ben din ,é unha obriga. Ás mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres. O combate contra a violencia machista e atención ás vítimas non podería avanzar senón se existen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencia na materia. Ao fin e ao cabo, son practicamente todas. Todas as administracións, teñen que remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias, cousas que a veces non ocorren. E para que iso sexa posible, hai que dotar ás administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require. Recentemente, hai un ano, neste caso, o Congreso e o Senado aprobaron unha serie de medidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, con amplo consenso entre todos os grupos. Agora contamos cun goberno do Estado comprometido coa igualdade e co empeño de acabar coa violencia de xénero. Hai que pasar aos feitos, definitivamente, non só aos consensos que despois non se aplican ou quedan nun papel mollado ou quedan nun caixón. Do inmobilismo á acción e puxéronse en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Por exemplo, no pasado 31 de xullo, na Conferencia Sectorial de Igualdade, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias, acordáronse os criterios para o reparto de 100 millóns de euros correspondentes ás comunidades e cidades autónomas previstas no pacto de estado de hai un ano. Distribuíronse ao fondo procedente da delegación do goberno contra a violencia de xénero, 9.5 millóns de euros, e aprobáronse os criterios para os repartos dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos. E o 3 de agosto, é dicir, hai tres meses, aprobouse un Real Decreto Lei que xa foi validado por unanimidade no Congreso dos Deputados que contemplaba, devolverlle aos concellos as competencias na aprobación da igualdade e a loita contra a violencia de xénero; establecer os 20 millóns de euros que falaba antes, que se dobrarán a 40 millóns o ano que ben. Son cinco minutos, cinco minutos, neste caso. Que se dobrarán ata 40 millóns no próximo ano. Os concellos son unha peza imprescindible, como dicía a señora concelleira nesta batalla. O primeiro recurso, en ocasións o único que teñen ao seu

alcance as vítimas. E aquí, hai que recoñecer o traballo da compañeira Ánxela, na posta en marcha do Centro de Iniciativa para a Muller, neste concello. Modifica a Lei integral contra a violencia de xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilitar o acceso aos recursos de asistencia ao introducir coa acreditación de situacións de violencia pódase realizar a efectos administrativos mediante informes dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. De esta maneira facilítase o acceso a dereitos laborais e prestacións da seguridade social. Modifícase tamén o código civil para que os menores expostos a violencia de xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser nunca un bo pai. Este decreto está a ser tramitado no Congreso dos Deputados como proxecto de lei e polo tanto, como propuxo o goberno, co obxectivo de que se poidan incorporar ao mesmo o resto das medidas do pacto de estado que requiren modificacións legais. Doutra banda, vólvese a poñer en funcionamento o observatorio de saúde das mulleres e tamén se prevén solucións habitacionais para mulleres vítimas da violencia de xénero dentro do Plan Estatal para a Vivenda. E aquí, fixo a señora Fina Varelas unha proposta, que xa está contemplada nesta nova lexislación, que no curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade. É aí por onde hai que empezar. Do mesmo xeito, neste momento se está a tramitar no Congreso dos Deputados, a proposición de lei, do grupo parlamentario socialista, para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial, co obxectivo de formar aos xuíces, que é algo fundamental tamén, que vostede señora Ánxela tamén plantexaba, para aumentar o número, formar aos xuíces e maxistrados en materia de igualdade así coma aumentar o número de xulgados do penal, especializados en materia de violencia machista. Remato, quédame nada. Simplemente que non poden repetirse feitos como aquel xuíz que hai uns días, nun xulgado, tiña a chamar a unha muller “bicho”, polo simple feito de declarar en contra do seu marido. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular. Son cinco minutos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señora Ánxela González, mire, nos acordos estamos, o Partido Popular, nos dous primeiros, de acordo con vostedes. O Partido Popular tampouco quere que volva a pasar, que soamente haxa unha muller morta neste país, a todos nos afecta. Con ideoloxía política ou sen ideoloxía política, vale?

A Sra. González toma a palabra (BNG): De xénero, dixen, política si que a ten, é evidente.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, referímonos, é nosa, estamos falando das persoas que estamos vendo o que está pasando. Vale? Estamos dicindo sen ideoloxía política ou con ideoloxía política, non da persoa falecida. Entenda ben o que digo, vale?.

A Sra. González toma a palabra (BNG): ... se explica vostede mal, eh!

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver, por favor, non vos interrompades porque o tempo corre e estamos sen pechar o debate

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): O primeiro punto, expresar o recoñecemento da corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo do 2018, así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organizacións feministas galegas. Estamos de acordo perfectamente. Nós estaremos diante, sempre o digo.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Pois non foron.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, por favor.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Perdón.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Expresar a nosa vontade de sumar dende a administración local a prol da erradicación da violencia machista para o que se solicita da Xunta de Galicia, que demande do goberno central o incremento substancial das contías, tal, tal, tal. Non sigo lendo porque todos o limos. Estamos de acordo, vale? No terceiro punto, aí non estamos de acordo. E voulle facer unha emenda e voulle explicar o por que desa emenda. Quero que me explique estes puntos despois, o sexto xa, pero voulle explicar o por que. O punto sexto, incluír nas avaliacións de risco, avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores. Sinceramente non o entendemos ningún dos que estamos aquí. Vale? Refírome ao noso grupo. Vale? Despois explícamo. E logo, demanda da Xunta de Galicia á creación dunha unidade de violencia machista específica. Mire, os puntos que pon que estábamos falándoo o meu compañeiro e eu, vamos a ver, ten que ser ás administracións competentes porque ben dixo o señor Alcalde, vale?, que ten que empezar tamén polos xuíces. A Xunta non pode entrar en

distintos apartados que vostede puxo aquí, dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender denuncias de violencia machista. Isto non é competencia da Xunta. Vale?, por iso lle estaba poñendo de facer unha emenda e de mandar ás administracións competentes os distintos puntos que vostede pon aquí, pero é que a Xunta de Galicia non ten competencia en moitos deles que vostede está poñendo. Entendeume? Vale? Entonces, nós votaríamos a favor. Nós cos dous primeiros puntos estamos de acordo pero logo co terceiro, aí tería que poñer ás distintas administracións competentes aos puntos que vostede pon a continuación, impulsar xulgados específicos de violencia de xénero. Iso non depende da Xunta de Galicia. Despois, se vostede vai lendo, hai algúns puntos que non lle corresponden a iso. Entón a ver, pediriamoslle unha emenda a súa moción para poder aprobala, e estamos de acordo.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Mire eu non vou emendar, espere

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Ánxela, cando remate a señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale. En materia de orzamentos. Mire, vostedes din que a Xunta non fai nada, que soamente ten, están pedindo, pedindo, pedindo. Eu voulle dar un argumentario da Xunta de Galicia que traio moitos números, pero para que vostede vexa que na Xunta de Galicia si se traballa e vostede sabe perfectamente, porque falaron dunha persoa que facía referencia cando foi a primeira Romaría Feminista, que é a primeira en estar. Vale? E a Xunta de Galicia, si está apoiando ás mulleres neste senso. En materia de orzamentos da Xunta dende o ano 2012, subiron todos os, non vou ler todas as cantidades, pero o último ano foron 15 millóns. Vale? O orzamento dedicado á loita contra a violencia de xénero e a igualdade, aumentou en 2.335.000. É dicir, nun 81%. Nos orzamentos do ano pasado para violencia de xénero, convén destacar o incremento das axudas económicas ás vítimas de violencia de xénero. Vou ler en galego, que supoñen tres, catro millóns de euros, incremento das axudas económicas periódicas de máis do 60% . O incremento do programa de atención psicolóxica especializada para mulleres e menores vítimas, ás persoas do seu ámbito familiar que padezan a situación e a homes con problemas de control de violencia na familia, en 239.000 euros. Un 23% máis que o ano anterior. Pero ademais de todo isto, destínanse 484.000 euros ás entidades sen ánimo de lucro, que axudan ás mulleres

vítimas de explotación sexual. Mantemos o CRI e a rede de CIMs. Contribuímos con 200.000 euros en funcionamento das casas de acollida. Investíronse 650.000 euros no programa de inserción laboral para vítimas. En ordes de protección en Galicia entre os anos 2009 e 2017, rexistráronse 11.400

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, leva cinco minutos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Sego na seguinte. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten unha segunda intervención. Agradézolle que se reserve para ese momento. Ten…si, está vostede na súa quenda de palabra. Ten agora tres minutos.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Ben, dona Chelo Vispo, propaganda o que acaba de facer. Si é verdade, dende logo dende a Secretaría Xeral de Igualdade, só faltaría que non o fixeran. Estaban moitos, moitas cousas postas xa da Secretaria Xeral de Igualdade anterior á actual, vale? Moitas en pe, xa. Mantivo algunhas, outras desmanteláronse, concretamente no CIM de aquí de Ourense, desmantelouse practicamente. Mire, hai unha serie de cousas que se desmantelaron. Tamén me comunicou a Secretaria Xeral de Igualdade naquel momento, por iso digo, propaganda, que ten moitas dificultades para sacar as cousas adiante porque o camiño da igualdade é moi difícil. E traballar en política de igualdade é moi difícil, para mostra un botón. Vale? Ben. Eu dende logo que lle recoñezo á Secretaria Xeral de Igualdade do Partido Popular, todo o que está facendo. Por supostísimo que si. Por supostísimo que si. Vale? Pero tamén llo vamos a recoñecer a todas as que estiveron anteriormente e a mulleres que tiveron, que fixeron unha loita grande para chegar a onde estamos hoxe vostede e máis eu. Vale?. Ben. Dito isto, dicirlle que a moción vai por un tema en concreto, que é o tema da xustiza, vale?. Direille que esta moción, ven fundamentalmente, como consecuencia das sentenzas tan inxustas e do que está pasando, polo menos, que está saíndo continuamente de a revitimización, a dobre revitimización das vítimas de violencia de xénero, en moitas ocasións, que as mulleres teñan que aguantar pois, cada vez que fan unha denuncia, pasar por un sitio que as graven, pasar por outro que as grave, repetir, repetir todo o tempo o que lles pasou. A avaliación do agresor, fanse unhas, unhas avaliacións de risco das mulleres que denuncian. Vale?. É importante facer

a avaliación do agresor porque moitas veces, por exemplo, coas custodias compartidas, pasa que cando teñen a custodia compartida porque por lei lle corresponde, non se ten valorado que ese foi, maltratou á súa muller ou á súa parella e despois ao mellor acaban matando aos seus fillos para facerlle dano a ela. Iso, desgraciadamente pasa, é dicir, é algo que non me estou inventando por ser feminista. Iso pasa. Iso escoitámolo na televisión nos medios de comunicación pouco a pouco, todos os días. Que pedimos nós nesta moción? A igualdade ten que ser algo transversal pero ten que ser algo que se controle dende algún punto, que dende algún punto haxa un organismo que chegue a coordinar todo o demais. Xulgados específicos de violencia de xénero, hoxe en Galicia hai dous, que están saturados, o de Vigo e o de Coruña. En Ourense non hai. Hai un xulgado que leva a sección de violencia de xénero que tamén está saturado. Vale? . En Santiago non hai. Hai moitísimos sitios onde non hai. É necesario crear xulgados de violencia de xénero porque se nos fixamos nos números

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Ánxela.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Morren máis mulleres nas mans das súas parellas que por terrorismo de ETA nun momento determinado, naquel momento que había terrorismo de EtA, pro exemplo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, señora Ánxela. Ten despois un minutiño máis, por favor. Señor Ramón Padrón, non quere dicir nada?. Democracia Orensana, a súa voceira? Nada. Partido. Correspóndeme a min, perdón. Teño tres minutos. Ben. Eu quérolle facer unha reflexión ao Partido Popular. É unha pequena reflexión pero eu creo que é bastante elocuente sobre as cifras que vostede plantexou aí. Non ía falar diso pero vostede sacounas. Cando se parte de cifras paupérrimas, escasas, pequenas, calquera incremento soa fantástico. Un 80%, un 200%. Pero vostedes saben perfectamente que hai partidas nas que o Partido Popular traballou con escaseza de medios porque non apostou polas mulleres, porque non apostou en contra da loita machista e a favor do feminismo. E aos feitos me remito, a máis feitos me remito tamén. En moitas ocasións había partidas orzamentarias consignadas, sempre escasas, porque para este asunto todo é escaso, pero había partidas orzamentarias consignadas que o Partido Popular non gastou. Non gastou e levamos anos e anos e anos no que a violencia

machista prolifera neste país e sen embargo quedaban partidas sen gastar. Porque o ano pasado aínda quedaron partidas sen gastar, nos orzamentos do Estado. Pois entón, hai que ter votado, por cartos para sinalar cifras, hai que ter vontade para aplicar e gastar ese diñeiro porque iniciativas e ideas hainas por doquier no tema das mulleres. No tema das mulleres. Tamén, actualmente está o Congreso dos Deputados, traballando nunha proposición de lei para o trato, garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral. Para o ano 2019, preténdese, se é posible, comprometeuse o goberno a financiar de maneira completa o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, cousa que non se fixo durante o goberno do Partido Popular. Asinouse co consenso de todos os grupos políticos un pacto de estado que quedou aí nun caixón, non se aplicou. E que de forma que os concellos pasarán a percibir o dobre que o ano anterior. Xa o dixen. Dende o grupo socialista, consideramos que o consenso é prioritario, con responsabilidade e por suposto, traballando na axilización da resolución dos problemas das mulleres e da violencia de xénero. Moitas grazas. Correspóndelle falar á señora Ánxela González. Ten un minuto agora.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A min.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perdón, señora Chelo, ten razón vostede. Desculpe.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non lle gusta ouvir cifras por iso xa me corta a palabra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Acábollas de rebater.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Mire.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Empezo se novo. Agora.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non se preocupe. Non se preocupe que chégame o tempo. Voulle dicir, o que vostede acaba de dicir, non sabemos se realmente hai partidas. Vostede dío aí. Demóstreo porque eu non o vin. Vale? Vostede di que deixaron partidas, o Partido Popular. Iso é falar, falar e falar. Palabrería. O mitin político que deu vostede é que está dando, o que vai facer aínda o goberno central que non sabe si se vai aprobar ou non. Iso en primeiro lugar. É un mitin político. Proposicións que pode facer. Pero mire, isto son feitos. O que trae a Xunta de Galicia son feitos e que son

dos orzamentos anteriores, dos anos anteriores. Isto si é certo, o que estamos lendo. O que vostede dixo? Pode ser ou non pode ser. É un mitin político o que vostede acaba de dicir. Mire, eu non sei, señora Ánxela González, voume remitir a vostede, que loxicamente é seu. A ver, para que me dea tempo nos tres minutos. O que vostede trae aquí, impulsar xulgados específicos de violencia de xénero, estamos de acordo pero iso non é unha competencia da Xunta de Galicia. Sígollo dicindo. Nós estamos de acordo no que vostede está dicindo pero hai que cambiar o da Xunta de Galicia nas administracións competentes nos puntos que ten aí. Non me explicou o que é incluír as avaliacións de risco. O punto seis. Non mo explicou. Porque non sei o que significa, dígollo sinceramente. E despois, todo o que pon promover, dotar os servizos de garda dos xulgados, acábollo de dicir antes, non é un tema da Xunta de Galicia. É unha emenda que venlle ben para cumprir todos estes, e nós votamos a favor, non temos ningún problema. Son administracións competentes. Nada máis. Non hai cambiar nada nin quitar Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia onde teña que actuar vai actuar. Pero as administracións competentes onde lle compete. Vale?. Espere que estou na miña quenda de palabra, señora Ánxela.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten razón vostede.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Claro. A ver. Sigo dicindo. Eu non sei onde vostede e isto é a título persoal, entre vostede e eu. Eu son muller. Eu non sei onde di vostede que eu non son feminista. Ou sexa é que non o entendo. Sinceramente onde o ve? Vale. Onde o ve? O que non estou de acordo é a forma de que vostedes ven ese feminismo. Sigo dicindo que o que dicía antes vostede das catro mulleres que había, e volvo a aquilo das catro mulleres que había no campionato de tenis, iso é porque non se apuntan. É que en ningún momento, hoxe, a data de hoxe, a día de hoxe, eu non ouvín, vou ao tema do deporte porque o sacou vostede, que en ningún deporte se dixera a unha muller que non pode xogar.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Só faltaría, insisto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É que por iso mesmo, é que entón as mulleres, non se apuntan porque non queren sinceramente.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Pobrecitas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pobrecitas non. é que eu non sei que lle dá pena. A min a veces cando fala vostede, eu son muller, e mire, cando a oio falar non comparto nada do que vostede, non sei as miñas outras compañeiras que están aquí

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, ten que rematar

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Xa pasaron os tres minutos?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Pasáronse os tres minutos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nada máis. Sinceramente, non comparto nada con vostede. Hai que empezar dende abaixo, dende casa e dende o colexio. E soamente isto en administracións competentes. Se vostede o quere, ten o voto do Partido Popular. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, señora Chelo. Ten un minuto, señora Ánxela.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Si. Aquí pon claramente demandar da Xunta de Galicia, unha unidade de violencia machista, integrada, tal, tal, tal, impulsar xulgados específicos de violencia, é dicir, a Xunta de Galicia ten que facer un traballo de negociación, co Estado, con quen teña que facelo. Eu aí xa non me vou a meter. Isto vai dirixido á Xunta de Galicia, evidentemente. Segundo, avaliacións de risco, son as avaliacións que se lles fan ás mulleres, cando fan unha denuncia, para saber o grao de risco. En función diso, hai unha cualificación do grao de risco pero en base ás mulleres. Hai que facer unha avaliación de risco ao agresor para ver que tipo, para facelo ben. Vale? Iso é o que pide. E con respecto ao de que non, benvida, quérolle dar a benvida á dona Chelo Vispo ao feminismo. Dicirlle unicamente que a idea de que o feminismo e o machismo son termos simétricos é unha idea do neomachismo, que o neomachismo quere inculcar. Esa simetría, só existe en mentes interesadas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, por favor.

A Sra. González toma a palabra (BNG): O feminismo non pretende a humillación dos homes nin un papel secundario para eles, senón xustiza para as mulleres, que é algo distinto. Non coñezo a ningún home interesante que se sinta ameazado polo feminismo. E asegúrolle dona Chelo que estou rodeada de homes interesantes. Moitas grazas.

Perfecto

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agora vou falar, a ver, o debate como tal, rematou. Despois esas chanzas ou esas grazas, por favor, fóra. Por favor, fóra. Agora vou falar como alcalde, brevisimamente.

O Sr. González toma a palabra (PP): ... como estar indignados, como estades sempre os do BNG. Hai que gozar máis da vida. Que saia ese odio. Que saia.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Isto queda gravado.

O Sr. González toma a palabra (PP): Precisamente, pois que quede gravado.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Hoxe non se enfadou, coma outras veces.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non lle vou a entrar ao trapo das cuestións que vostedes din en moitas ocasións porque creo que non é oportuno, para a cidadanía fundamentalmente. Vostedes, agora o señor Manuel acaba de botar aí un speach, aí de gracejo, pois ben, que nos faga rir un pouquiño que é o seu ton habitual. Dicir que, como alcalde, creo que represento aquí a todos os cidadáns e cidadás, no sentido de dicir, que loitamos ou debemos de loitar todos para que haxa unha loita integral e real en defensa dos dereitos das mulleres e en contra da violencia de xénero. Creo que debíamos votar todos a favor desta moción simplemente pola razón que se acaba de expoñer. É defender os dereitos das mulleres, nin máis nin menos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver, procedemos á votación. Votos a favor desta moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, BNG, Democracia Orensana e Grupo Mixto, a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular, abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Queda polo tanto, aprobada esta moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións do PP o seguinte acordo: **"Moción do BNG sobre o 25 de novembro: 1- Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen**

as organizacións feministas galegas. 2- Expresar a nosa vontade de sumar desde a administración local a prol da erradicación da violencia machista, para o que se solicita da Xunta de Galiza que demande do goberno central o incremento substancial das contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país. 3- Demandar da Xunta de Galicia a creación dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver: Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados. Promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades. Garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais. Evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia. Garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima. Incluír nas avaliacións de risco avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores. Dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista. "

8. MOCIÓN DO PP DE BARBADÁS SOBRE A FALTA DE AVALIACIÓNS DE CALIDADE NOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

O Sr. Alcalde toma a palabra: A seguinte moción, que aquí non ten título.

Procedemento xenérico, moción sobre o 25N, xa foi. É o expediente 5.034, procedemento xenérico do PP de Barbadás sobre a falta de avaliacións de calidade nos servizos públicos municipais. Ten a palabra a súa voceira ou voceiro. Cinco minutos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. A gran totalidade dos servizos públicos municipais que ofrece, a día de hoxe, o Concello de Barbadás, son os mesmos que deixou creados o Partido Popular en anteriores lexislaturas, pero cunha clara diferenza, que se sustentan na falta de mellora e modernización dos mesmos, nestes últimos anos. Estamos estancados. Cada vez son máis as queixas dos usuarios que demandan unha adaptación dos servizos aos tempos actuais e as esixencias de calidade coas que gozan outros municipios. Esixencias que se marcan para os servizos públicos dende os gobernos centrais e que abranguen a todas e a cada unha das áreas nas que se artella o noso concello. A avaliación é unha ferramenta que proporciona ao sector público, unha información fundamental para a mellora da súa acción e a rendición de contas e indaga no grao de satisfacción da cidadanía, co último fin de contribuír á mellora dos servizos. O Concello de Barbadás, non conta con ningún sistema que permita determinar con exactitude, o nivel de calidade dos servizos que dispensa, da súa organización, da relación con quen os usan ou de xeito xeral cos grupos de interese que o compoñen. Así coma o sector privado ten nos mercados o indicador fundamental da súa actuación, no ámbito público é necesario definir instrumentos que permitan analizar a calidade e eficacia e eficiencia, que permitan comprobar ademais ata que punto as políticas, os programas que se executan, e os servizos que se prestan, ofrecen resultados axustados aos obxectivos previstos con mellor rendemento. Os servizos públicos constitúen os procesos de xestión máis básicos, e caracterízanse por ter unha finalidade prioritariamente prestacional. Xeralmente responden a procesos estruturados cunha forte compoñente de formalización administrativa. O servizo é xestionado e entregado por un sistema administrativo, que mobiliza distintos tipos de recursos, ao longo dun proceso no que participan distintas persoas que forman parte desta organización e que ao mesmo tempo tamén compre avaliar. Por todo elo, elevamos ao pleno do Concello de Barbadás, os seguintes acordos: Implantar un sistema de avaliación de calidade dos servizos públicos municipais, que o Concello de

Barbadás, ofrece á cidadanía, incluída a súa estrutura administrativa. Este sistema deberá permitir coñecer o sistema de satisfacción dos seus usuarios, determinar as carencias nas que compre especial atención e terá coma eixo central as suxestións e suxestións e demandas dos mesmos. Establecer a periodicidade das avaliacións xunto cos técnicos responsables de cada área. E por último, trasladar o contido das mesmas e os seus resultados aos grupos que compoñen a corporación, marcando un calendario de comisión específico. Se me resta tempo, aínda señor Alcalde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten dous minutos, dous minutos e algo.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Quixera engadir que esta moción o que pretende é indagar nas carencias e necesidades que todos sabemos que teñen moitos dos servizos públicos que estamos a ofrecer dende este concello. Non hai mellor forma de actuar sobre esas carencias que coñecer dende o punto de vista do cidadán, cales son eses eidos que nos quedan vacantes. Esas lagoas nas que temos que traballar e incluso dos propios traballadores que forman parte de cada unha das áreas. Eles tamén poden poñer o seu gran de area, porque son eles de primeira man, quen coñecen o servizo que se está a ofrecer e como se ofrece. Pero por suposto, é o cidadán o que ten a última palabra. E só sabendo o que opina cada un dos nosos veciños e veciñas, vamos a ver actuar e podemos actuar sobre esas carencias para mellorala, que é a fin de contas o que nos trae aquí, mellorar os servizos que estamos a ofrecer a todos os cidadáns deste concello. Moitas grazas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Ben. Con relación á moción, todo o que se expón aquí, os acordos que se pretenden, ou sexa, que se levan á votación, pois subscribimos todo completamente porque todo o que sexa mellorar os servizos que presta o concello por medio dunha avaliación para que os cidadáns que pagan os impostos, saiban como funcionan os seus servizos, se están nun estado óptimo ou non, pois vamos a estar de acordo. Iso cae de caixón. O que si, queremos saber e que apareza aquí no debate, como se articularía este sistema de avaliación? Como se podería levar a cabo? Non sei se o grupo que presenta a moción propón algunha forma en que

isto se poida facer realidade ou se dende o goberno se ve a posibilidade de levar a cabo unha avaliación deste tipo, e como sería posible.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, tamén, señor Ramón Padrón pola súa brevidade. Voceiro ou voceira de Democracia Orensana, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nós estamos de acordo que os veciños queiran ter uns servizos adecuados, pero aquí hai dúas formas, ao noso modo de ver de facelo, ou ben os fan os funcionarios o cal é imposible pola cantidade de traballo que teñen, que non dan feito, ou externalizar este servizo, o cal, se o poñemos nunha empresa externa vai a ter uns custes. Como ben sabedes todos, os orzamentos do Concello de Barbadás, precisamente, non temos demasiados recursos. Entón, eu queríalles preguntar aos membros do Partido Popular iso que nas comisións informativas, eles propoñen, dixeron que propuñan a idea e que o goberno pois, a fixera como ben entendera. Eu penso que coma eles din, moitas veces as mocións son para explicalas e a ver que idea teñen eles de, ou poñer aos funcionarios a traballar cando non hai tempo humano para facelo, ou externalizar este servizo, o cal Democracia Orensana, nunca está a favor de externalizar servizos. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde. Ten cinco minutos.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben, pois eu concordo co que plantexou a portavoz de Democracia Orensana. Eu creo que isto hai dúas formas de facelo. Creo que se basea sobre todo en controis de calidade. E eu pola experiencia que teño doutros ámbitos laborais, a min a sensación que me dá que estes controis de calidade, o único que fan é, aumentar a burocratización dos procesos administrativos ata o infinito. O único que se fai nos controis de calidade é, inspeccionar a documentación administrativa para ver se a tramitación está ben realizada. E nós, temos a seguridade de que a tramitación administrativa se realiza con toda a calidade, polo menos, que legalmente se necesita. Ademais, se fixéramos uns controis de calidade externos, como dicía a portavoz de Democracia Orensana, primeiro habería que pagalos, e segundo, xa sabemos que quen paga adoita ter a razón. Polo tanto, se contratamos unha empresa externa para que nos veña a facer uns controis de calidade, nos dirían, como temos que normativizar os nosos

procesos administrativos que xa o sabemos, porque temos unha plataforma electrónica que nos obriga a facer todos os procesos administrativos en base a uns parámetros que están marcados pola lei, e de aí non nos podemos mover, iso témolo claro todos os que traballamos neste concello, no día a día. E se facemos unha valoración externa sabemos o resultado que nos ía dar, máis burocratización, máis traballos funcionarios, máis colapso, máis documentación, máis administración, e menos traballo eficiente, porque incluso vostedes propoñen periodicidade das avaliacións xunto cos técnicos responsables de cada área. É dicir, os técnicos responsables, en lugar de estar traballando estaríamos avaliando ao resto dos compañeiros que traballan no Concello de Barbadás. Avaliando o traballo realizado, co cal, entendo que se a avaliación é interna, ninguén vai facer unha valoración negativa do seu traballo ou da área na que é responsable. Como digo, hai servizos que xa é imprescindible ter que externalizar, e vou poñer un exemplo, a empresa que se contratou para facer a protección de datos, porque obriga, hai unha lei que obriga a cumprir coa protección de datos, en base a uns requisitos e tivemos que contratar unha empresa externa para a protección de datos. Pero ten un custe económico. E non se fixo no concello porque non podemos facelo coas traballadores e os traballadores que temos, non podemos desenvolver ese traballo, pero ten un custe económico. Se o fixéramos aquí dentro, o que implicaría todo isto que propón o Partido Popular, é, como eu creo que é o que hai detrás desta moción, colapsar os servizos administrativos, queda moi bonito pedir controis de calidade, queda moi bonito pedir a opinión das persoas, queda moi bonito todo isto do marqueting relacional. Eu o entendo, pero os veciños xa nos transmiten por moitas vías de comunicación, nun pleno pasado Victoria nomeaba catorce ou quince métodos de comunicación que existe entre a cidadanía e o Concello de Barbadás, para que nos transmitan todas aquelas inquedanzas, queixas, suxestións e reclamacións que consideren oportunos. E en todo caso, en maio do ano que ven, eu creo que a cidadanía ten a mellor das ocasións para facer unha avaliación do que se ten traballado neste concello nos últimos catro anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Tamén agradezo a súa brevidade. Pois vale. Quería ver se quería completar o tempo. Correspóndelle ao Partido Popular na súa quenda de palabra, tres minutos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, grazas señor Alcalde, novamente. Neste, nesta segunda rolda de intervencións, señor Padrón, tocando un pouco o que vostede preguntaba de como, cales son os medios, que se pode facer neste concello, xa existen. Xa existen diferentes modelos a nivel goberno estatal que recollen como se teñen que facer as distintas avaliacións nas entidades locais. Propoñen, o sistema EBAN, que é a avaliación, aprendizaxe e mellora da administración pública. Xa están aí. Pode haber follas de calidade, as famosas EFQM, CAF. Existen diferentes vías. A que propoñen dende o Estado, é precisamente a EBAN, está feita, é aplicala. Señora Fina Varelas, sorpréndeme que vostede fale de temas económicos, de que ao mellor é necesario contratar a unha empresa externa, para levar a cabo as avaliacións. É dicir, para coñecer o que os veciños saben dos nosos servizos porque hai queixas en todos e cada un deles. Entón sorpréndeme que fale de custos económicos cando se están a gastar, eh!, 60.000 euros nun tesoureiro, que precisamente ía ser contratado para realizar, entre outras, as nóminas deste concello, e se lle segue pagando bastantes cartos a unha empresa privada, externalizada por facer as nóminas, cando xa estamos pagándolle 60.000 euros a este tesoureiro. Por iso me sorprende este comentario. Empresas externas? Por externalizar temos ata unha empresa de desbroces, e máis traballadores que nunca, pero as herbas tamén medran máis ca nunca. Estamos externalizando totalmente. E para tocar temas, para saber o que opinan os cidadáns dos seus servizos, cousas que están pagando do seu peto, para aí aínda temos que chorar os cartos. Que non ten porque ser por unha empresa externa, porque precisamente o que veñen a recomendar dende o goberno central é que sexa unha implicación con algún técnico externo pero tamén co persoal propio do concello. Señor Fírvida, non podería ser menos vindo do seu lado. Como quere vostede que lle avalíen, eh!, están vostedes como para tirar foguetes, que lle avalíen os cidadáns as súas áreas. A ver, a súa, os seus castelos no aire do Museo da Gaita, museos de aquí e de alá, para que? Para estar pechados. 60.000 euros. Está pechado, temos que chamar por teléfono para que nos vaian ensinar unha gaita. Esa é a cuestión. Esa é a cuestión. Entón claro, a ver, é normal, é normal que a vostede non lle interesen as avaliacións. Tal e como están vostedes, pois, para que? Xa avaliamos todos e os propios cidadáns enseguida, que é o que temos e o que están ofrecendo vostedes.

Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Tamén lle agradezo a súa brevidade. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): A estas alturas da película, dicir que de non estar de acordo de externalizar cousas nun concello, iso non, é ridículo porque hai que externalizar servizos, hai que, ao final todos os gobernos teñen que pagar a empresas externas. Ou sexa que eu non sei, de que, para que seguimos falando da externalización, que non estamos de acordo coa externalización. Pero ben, non é o caso ese que nos ocupa agora. O que nos quedou claro, unha cousa, o PP, que é o que presenta a moción, fala dun método. Un método que non, un método, ben, pero un método que debería haber explicado aquí, porque non só para nós para o grupo, senón para a xente que está sentada aí, para que saiba en que consiste ese método co que se podería facer avaliación antes de votar unha moción que ao final non sabemos como se fai a avaliación. Ben, polo menos dixo que había un método, que o goberno central que o contempla, para os concellos ou para as administracións, pero non o explicou aquí, podería habelo explicado un pouquiño por arriba, non o explicou. Pero ben, dar unhas pinceladas, polo menos, para que nos esquematizara un pouco no que consiste ese método. Non o fixo. Eu creo que ese método, ao mellor é máis aplicable en concellos moi grandes de grandes cidades e non en concellos tan pequenos porque algún persoa externa e algún interno, non sei aquí na práctica como sería iso aquí no concello. O señor Fírvida falou de que o sistema de avaliación por parte do concello que segundo nomeou, parece que van a ser as eleccións. Entón que aí é onde se avaliará o que é o… aí avaliarase o grupo de goberno, o que fixo, non os servizos que presta o concello. Pero ben, en parte si, porque se vostedes son os responsables de que eses servizos funcionen ou non. Entón, xa nos quedou claro. E nós, por meter a outro, outra avaliación, xa que estamos aquí a dar propostas de avaliacións, podíamos facer unha enquisa aos veciños sobre o funcionamento dos servizos que presta o concello. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Que lle puxeran nota.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Fina Varelas. Tres minutos, por favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada. Dicirlle ao señor Manuel que nós, trouxemos unha moción, precisamente, para haber un tesoureiro e o cal estamos contentos de habela presentado. Mire, dicirlle, señor Manuel que vostede di os funcionarios, e parece mentira que vostede non saiba a carga de traballo que teñen aquí os funcionarios. Eu fágome cargo porque a veces para poderme facer unhas fotocopias, vense e deséxanse. Eu si penso neles e non se me ocorrería poñer aos funcionarios a facer enquisas de como están desenvolvendo o seu traballo porque non o poden facer, ou si fan enquisas non fan o traballo. Eu penso que as eleccións son un bo momento para avaliar un goberno. Si, están aí á volta da esquina e ben, verase se o goberno fixo ben, se o goberno fixo mal. E esa é a maior avaliación que pode facer o cidadán. O cidadán castiga, como castigaron aos señores do PP nas antigas eleccións, pois tiveron o voto de castigo. Ao mellor agora teñen a gran sorte, ao mellor agora teñen a gran sorte de que o voto vai ser a favor seu. E verase o que se fai, pero volvo a repetir, poñer aos funcionarios a traballar a destaxo, imposible. Meter a empresas externas, nós estamos en contra, sempre o dixemos. Cando se meteu esa empresa polo tema dos desbroces, Democracia Orensana non estivo a favor. Recórdollo. Porque non estamos de acordo, hai cousas que saen das nosas mans e ao mellor hai que facelo, pois moi ben. Pero non por norma externalizar todo. Non. porque aquí o que se trata é de axudar aos veciños, non de facer enquisas. Aquí trátase de que un veciño veña cun problema e se lle solucione. Non ter que chamar por teléfono e que digan, do 1 ao 10 valore, quedou contento ou non quedou contento? Vamos a ver. Sexamos serios. Este é un concello, un concello que se debe aos veciños. E cónstame que os funcionarios tratan aos veciños do mellor xeito que poden e ademais están contentos. Entón, o demais é política, pois mire, maio estalle aí ao lado e xa queda moi pouquiño para saber o que nos vai pasar a todos. Incluída Democracia Orensana. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza. Son tres minutos.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Boas tardes a todas e a todos.

Pois ben, a flor e nata, como todos sabemos, os que levamos falado neste pleno sobre o tema, a flor e nata da avaliación de calidade dos servizos públicos son as queixas e suxestións. Anteriores gobernos do Partido Popular, atención de queixas e suxestións, nota? Altivez. Non resolución de problemas. Inaccesibilidade. Nota actual da cidadanía, demostrada en numerosas ocasións, accesibilidade. Máxima proximidade ao cidadán. Como se demostra? Nas cento e pico maneiras que ten un cidadán do concello, de cada un dos 11.200 cidadáns que ten para relacionarse cos membros do goberno, xa non digo coa administración, que logo no fondo estanse relacionando coa administración tamén, porque son problemas administrativos ou problemas que se resolven dende a propia administración, que usan o filtro político para tratar de resolvelos. Xa llo dixen en anteriores plenos, cen maneiras diferentes. A través de whatsapp, dos diferentes whataspp, da páxina web, da App, que creou este goberno. Avaliación de calidade dos servizos públicos. Poucas lecciónns nos poderá dar o Partido Popular. Mellora dos servizos públicos dende que este goberno tomou as rendas? O incremento e mellora do servizo de limpeza viaria. Incremento e mellora do servizo de recollida de lixo. Incremento no número de colectores de recollida selectiva e xenérica de lixo, incremento de colectores de cartón, de envases. Creouse un servizo de fontanería unificando así o servizo que se prestaba nos diferentes lugares, tanto en zonas verdes coma nos diferentes edificios municipais. Servizo de iluminación, rapidez e prontitude á hora de solucionar as incidencias. Creáronse por este goberno, servizos e atendéronse servizos que antes non existían. Turismo, non existía. Comercio, non existía. Igualdade de xénero, non existía. Participación veciñal, non existía. Isto é a mellora dos servizos públicos por parte do goberno. Por parte dos traballadores, xa a compañeira Fina Varelas explicou a saturación que existe nestes momentos. Para a mellora da calidade dos servizos públicos, existen moitos sistemas, un é os grupos de discusión, outros son as análises de queixas, como lle dixen ao principio, a flor e nata da avaliación dos servizos públicos. Outros son os servizos de satisfacción dos reclamantes ou tamén poden ser informacións como ben plantexa a moción do Partido Popular, a propia formación dos empregados. Pódense distribuír enquisas. Pódense establecer sistemas de traballo, pero vostede na súa moción non o deixaron suficientemente claro. E o que é

máis importante, necesítase crear un equipo multidisciplinar para poñer en marcha todo isto. A través de enquisas, de entrevistas, de grupos de discusión, como dixen antes. Xa lle está todo inventado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Un dos principais organismos é a Axencia Estatal de Avaliación de Políticas Públicas. Dicir que a Xunta de Galicia só ten catro cartas de servizos para traballar con servizos públicos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): E a Xunta de Andalucía, duascentas trinta e oito cartas de servizos públicos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Remate, remate xa, por favor.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Aí o deixo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten vostede un minuto, señor Manuel.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Señora Victoria, fala vostede do número de cartas de servizos que ten a Xunta, carta de servizos que ten a comunidade autónoma de Galicia. Sabe cantas cartas de servizos ten o Concello de Barbadás. Esqueceuse. Cero. Entón de pouco me vale a min que cree moitos servizos que non valen absolutamente para nada, cando os cidadáns pensan, isto a min non me vale e non o poden dicir. Din vostedes que canalizan as queixas. Non, pois vostede tamén, si, fartouse de encher aquí a boca de que comunicaba aos traballadores vía whatasapp as ordes diarias, pero resulta que é de xeito verbal, verdade? Témolo por escrito, de vostede. Claro, depende, depende, verbais, verbais, verbais. E despois, claro, os que están preto dos veciños, e tan preto que están que lle fan obras na súa propiedade privada, así que mire si lle están preto. Levántanlle ata os muros de peche das súas propiedades. Así que fíxense se están preto. A que si? Eses son os servizos que ofrece a día de hoxe este concello. Servizos á carta. Servizos que o único que tratan é de arañar algún voto, que non van a conseguir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, ten que rematar.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, xa remato señor Alcalde. Entón, esta é a problemática. Despois, preocuparnos da gardaría, pois está como para tirar foguetes a gardaría. Mire, case lle vou facer unha aposta ao señor Sarín, vamos ver se chega como

concelleiro de servizos sociais ao remate desta lexislatura. Déixoo enriba da mesa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel, ten que rematar

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Así coma para tirar foguetes. Estamos dicindo que os propios cidadáns avalíen os servizos pero claro, non lles interesa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Manuel! Ten que rematar, por favor.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas. Xa rematei.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas a vostede.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Leva un minuto corenta e dous segundos e era un minuto. Simplemente fágoo como apunte. Votos a favor desta moción?.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións? En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto, abstención. E en contra, PSOE, BNG e Democracia Orensana.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor de PP, a abstención do Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **"Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a falta de avaliacións de calidade nos servizos públicos municipais"**

9. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA QUE O ORZAMENTO DO 2019, CONTEMPLE AS PARTIDAS NECESARIAS PARA LEVAR A CABO OS ACORDOS MAIORITARIOS DOS PLENOS NESTA LEXISLATURA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Seguinte punto da orde do día, é o número nove, que é unha moción do Partido Popular de Barbadás para que o orzamento do 2019, contemple as partidas necesarias para levar a cabo os acordos maioritarios dos plenos nesta lexislatura. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): As mocións presentadas nesta lexislatura, teñen unha enorme importancia no xogo democrático do noso concello, xa que a maioría das propostas son demandas dos veciños e veciñas de Barbadás. Estas teñen un impacto directo na vida municipal e tratan de mellorar e dar solución aos problemas que sofre a

nosa poboación. Cando se aproba unha moción, adquírese un compromiso coa cidadanía, que precisa todo o esforzo dos gobernantes para acadar o acordado. Tras tres anos e medio de lexislatura, adoitáronse moitos acordos plenarios a través das distintas mocións presentadas polos grupos municipais, pero a día de hoxe, aínda non contamos coa información sobre os pasos dados para o seu cumprimento ou grao de execución. Cando eses acordos son aprobados, convértense en actos administrativos, é alcaldía quen debe garantir o seu cumprimento pois é a propia lexislación municipal quen determina que o alcalde é quen debe facer cumprir as ordenanzas e regulamentos municipais, ordenar a publicación, executar e facer cumprir os acordos. Ademais de ser unha obriga legal, é un acto de responsabilidade institucional, e de lealdade e respecto aos veciños e veciñas de Barbadás. Ademais dunha grande coherencia democrática. Se unha moción implica un gasto. Débeselle dar cobertura orzamentaria para realizar unha proposta de gasto, débese incluír de onde se vai obter a partida, modificación de crédito, ou ben o propio orzamento. Barbadás aínda non ten aprobado o orzamento para o vindeiro ano 2019, e por elo, sometemos ao pleno do concello para a súa aprobación o seguinte acordo: Incluír no borrados dos orzamentos para o ano 2019, as partidas necesarias para acometer as demandas dos veciños e veciñas de Barbadás que por medio das mocións presentadas polos distintos grupos ao pleno, foron aprobadas por unanimidade. Creo que non hai que explicar a moción. Traemos esta moción porque, xa soamente pedimos que cos orzamentos do ano 2019 que a data de novembro, irémonos a un pleno extraordinario, imaxínome señor Alcalde, para aprobar os orzamentos dos veciños e veciñas de Barbadás do 2019. Estamos na data que estamos e aínda non temos nin os borradores para poder, a oposición ollar eses orzamentos que vostedes fan e modifican en cada momento do ano en curso. Por iso traemos, xa soamente pedindo que mocións que se aprobaron unanimemente por todos os grupos, tanto de goberno como de oposición, se leven a cabo cos orzamentos do ano 2019. Xa sabemos que a este grupo de goberno éntralle por un lado e sáelle por outro. Pero mire, ben dicía antes varias persoas desta corporación, que as eleccións de maio do 2019 serán a perfecta avaliación deste grupo de goberno, porque mire, se a moción anterior que trouxo o Partido Popular e que defendeu o meu compañeiro Manuel, é claramente para que

vostedes vexan os erros que cometeron, pero si llos van avaliar en maio do 2019. Tamén dicirlle á señora Fina Varelas, que nós non perdemos as eleccións. Fomos o grupo maioritariamente votado. Iso que lle quede claro. Vale? que lle quede claro. Castigo? Non tivemos ningún castigo porque mire, sinceramente, non, non sei porque me mira así, nós estamos encantados neste momento de estar na oposición e dígolle por que, porque sinceramente, e ademais dígoo publicamente, hai dúas cámaras gravando, servíronnos estes tres anos e medio para aprender, para aprender o que non hai que facer nun goberno. E así llo digo, claramente. Que os veciños e veciñas de Barbadás entendan que hoxe todos os servizos que se dan neste concello, teñen problemas. Señor Sarín, dicíalle o meu compañeiro perfectamente, a gardería é o único que faltaba. Hoxe soamente temos un servizo que está funcionando correctamente e vouno dicir publicamente, porque mire, deixouno funcionando o Partido Popular, e é o polideportivo, vale?. Sinceramente, non hai ningún problema porque seguen mantendo o mesmo que estaba, como lle doe, señora Fina Varelas escoitar. Mire, eu creo que cambiou, sinceramente, con todo o que ouvimos ultimamente, tamén ten que traballar un pouquiño máis, dillo o Partido Popular, leva dous plenos sen mocións, eh!, señora Fina Varelas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): O pleno pasado trouxen mocións, señora Chelo. Non estaba aquí?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Perdoe, non, estaba fóra noutro lado. Perdoe, pero normalmente, dóelle tanto o que lle digo, pero este non. vale. efectivamente, coma di o meu compañeiro Manuel, unha repetida. Si, si, dóelle moito. Hai que traballar un pouquiño máis, repetida. Sinceramente os servizos que ten hoxe este concello, por iso traemos mocións e xa soamente para que se aproben, por unanimidade e que se leven aos orzamentos do 2019, para que eses servizos, quedan sete meses para as eleccións, aproben e vaian metendo neses orzamentos, señor Alcalde. Todas esas mocións que aprobamos para que a cidadanía vexa que é democrático. Vale? que soamente vai en contra do Partido Popular

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo. Ten que remata.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Quédame outra segunda. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perfectamente. Moitas grazas. Señor Ramón, está na súa quenda de palabra. Ten cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vamos a ver. A moción non ten nada que dicir en contra porque que se executen aqueles acordos que foron por unanimidade aquí, pois vamos a votar a favor, está claro. Pero, como a moción agora xa se empeza aquí a falar doutras cousas, nós tamén vamos entrar a falar. De todas formas, de todas formas, o grupo de goberno, pois diralle que efectivamente, que lle aprobarán a moción, supoño, eu faríao. Pero ben, despois hai prioridades e esas cousas que tamén cando gobernaban vostedes tamén habería prioridades. E claro, normalmente as prioridades do grupo de goberno son antes que as dos acordos que se tomen aquí no pleno. Cando non son por iniciativa deles. Pero ben, dito iso non ten moito máis recorrido a moción. Está claro que a vamos apoiar. E por dicir algo do anterior tema, que estábamos falando, que tamén é importante que o escoiten tamén as persoas que están aquí, a externalización do tema dos desbroces, foi positivo porque se vostedes recordan, os dous anos anteriores foi un auténtico desastre, a xente protestaba moitisimo e este ano, queiramos ou non, pois o servizo prestouse doutra maneira e a xente nos pobos, eu non sei se vostedes andan polo concello ou non, pois non protestou como se protestaron os outros dous anos. houbo que externalizalo, non houbo outro remedio porque coa xente coa que conta o concello non se limpa este concello. É imposible e punto. Entón se coa xente que contratamos ou que temos non o damos limpado temos que contratar unha empresa de afora. Ou senón os veciños terán que esperar que lle pasen polo camiño unha vez ao ano. Así de claro. Que máis? Ao Partido Popular dicirlle que si, como falou de que están na oposición, que non sei que aprenderon, ben, tamén é de xustiza dicir aquí que a vostedes non se lle puxeron os paus nas rodas que se lle poñen a outros gobernos, eh! Entón tamén as cousas tamén hai que deixalas claras aquí, sobre todo para que escoite a xente. Hai unha cousa moi grave que se dixo aquí, que quixéramos que por parte do goberno se desmentira, porque se non se desmente, é que se acepta que se diga calquera cousa. O que dixo o anterior portavoz do Partido Popular de que se lle fixo un muro a un veciño. Entón pois a ver se nos desmenten iso ou non porque iso sería gravísimo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou vostede? Señora Fina Varelas ou señor

Santiago, están na súa quenda de palabra.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicir que non vou entrar ao xogo que se gasta a señora Chelo porque unha cousa que é innata nos membros do Partido Popular, descualificacións cara aos compañeiros doutros partidos. Non me afecta o que vostede me di porque llo tomo con cariño. Así de sinxelo. Dicir que a moción que vostedes traen, como non vamos a estar de acordo? Se vostedes están pedindo que todas as que saian aprobadas por todos os partidos que estamos aquí presentes se fagan, pois como non vai ser doutra forma? Claro que estamos de acordo. Dicir que é moi fácil, dicir que na oposición se está ben. Por desgraza na oposición o único que podemos facer é traer ideas que nos dan os veciños pero non realizalas porque para facer as cousas hai que estar gobernando. E dicirlle, que o que gaña unhas eleccións, goberna. Precisamente non hai ningún membro do Partido Popular, neste momento gobernando. Nada, dicir que vamos apoiar isto. Dicirlle á señora Chelo, darlle un consello, si serei falsa pero son clara, como vostede di Manuel, por favor non falten ao respecto ás persoas porque eu a vostede non lle faltei, pero non lle estou chamando falso, aínda que o poda pensar mil veces. Non, non, aínda que o pense non llo vou a chamar porque eu ante todo teño educación e respecto e parece mentira que vostede, vostede con esa verborrea que se gasta, que falte ao respecto a compañeiros, non me está faltando a min, estalle faltando ás persoas que a min me votaron. Tómeo como queira. Dicirlle á señora Chelo, que na oposición se aprende, pois si, apréndese moitísimo e vense moitas cousas que estando no goberno non se ven. Pero dicirlle á señora Chelo que se algún día goberna, ten o pracer de gobernar a Barbadás e aos veciños, que deixe de ser tan cínica, porque o cinismo non vai a ningún sitio e quen queda mal sendo cínica, non é a persoa á que ataca, senón é vostede mesma. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde, cinco minutos.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Pois efectivamente, as mocións apróbanse para ser cumpridas. É certo. O que pasa que hai un problema, que hai un límite orzamentario. Para cumprir moitas mocións que se aproban nos plenos hai que dispor de diñeiro, hai que dispor de partidas orzamentarias. Eu quero lembrar que neste pleno están

representados cinco grupos municipais. Os grupos que non forman parte do goberno municipal son tres. Poden presentar dúas mocións cada pleno, se aprobásemos, se traen vostedes mocións que solicitan melloras para a cidadanía, poderíamos aprobar en cada pleno seis mocións máis as que trouxesen os grupos de goberno. teríamos que, ao final, cumprir cada ano máis de 66 mocións. Teríamos que cumprir 66 mocións, seguramente cheas de boas ideas, seguramente todas elas moi positivas, pero de onde sacamos o diñeiro?. De onde sacamos o diñeiro?. Poñamos por caso, imaxinemos que aprobáramos a moción do Partido Popular que nos pedía unha circunvalación a A Valenzá polas Lamas, dando unha volta, facer unha autopista polas Lamas e entrando pola Finca Fierro. Claro, podíamos aprobar aquela moción, pero como facermos nós unha circunvalación, unha autopista que rodee A Valenzá, verdade? Ou aquela outra moción na que se nos pedía que fixéramos un parking en altura ao lado do centro comercial, do centro de saúde, ao lado dun edificio, ao lado dun monte, alí metido nunca costa, para que puideran aparcar os coches das persoas que ían ao centro de saúde. Tamén podíamos ter aprobado aquela moción, para que os coches aparcaran alí en altura como aparcan na T4 alí en Madrid. Pero claro, de onde sacamos diñeiro para facer un edificio alí?, verdade? Entón, eu creo que hai que ser realistas. Hai que ser realistas. Aprobar unha moción é unha declaración de intencións de que se quere facer iso, de que se considera positivo e de que se vai traballar para conseguir. Pero dígame vostedes de todas as mocións que se levan aprobado nos últimos tres anos e medio, cales rexeitamos? Porque dende logo o diñeiro para aprobalas todas, non hai. E que vostedes nos digan que incluamos nos borradores dos orzamentos do ano 2019 todas aquelas que vostedes nos teñen presentado e se teñen aprobado, entón xa non sei para que estamos gobernando, non? porque basicamente, viríamos ao Concello de Barbadás unha vez cada mes, presentaríamos dúas mocións cada grupo político, cumprimos esas dúas mocións e escusamos vir todo o mes por aquí a traballar. Polo tanto, cumprir mocións si, dende logo. No ano 2019 e durante estes tres anos pasados, tres anos e medio, especialmente durante estes anos intentamos dar saída a moitas das demandas veciñais, pero incluiremos nos borradores, nos orzamentos do ano 2019 aquelas que nós consideremos de carácter prioritario. As máis importantes. E a medida que dispoñamos

de fondos económicos, iremos cumprindo as mocións que vaiamos considerando en orde de prioridade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Partido Popular, novamente. Ten tres minutos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señora Fina Varelas. Mire, eu non sei como pode defender vostede a este grupo de goberno, porque víuselle, a ver, os veciños que hoxe ao mellor nos acompañan que é a primeira vez, non viron a súa evolución nestes tres anos. e ímosllos poñen en antecedentes porque as cámaras están aí, unha leva gravando dende o primeiro inicio desta lexislatura, a outra non, a outra empeza agora, pero que saiba vostede que o apoio que tiña vostede ao grupo de goberno non é o que ten agora, senón que agora mesmo apoia ao cen por cen. Non, non, non. mire, vostede como pode dicir iso cando as mocións que aprobamos, que aprobaron por unanimidade, que aprobamos por unanimidade, súas, de Democracia Orensana, non lle fixeron nin a primeira. Vostede pode seguir apoiando? As temos aquí, señora Fina Varelas. Onde está a recollida de roupa para bebés? O peche dos patios dos colexios. O albergue para animais ou centro de acollida. Nos contedores de lixo, e non sigo lendo máis. Vale? Si, onde están? Onde están? Onde están? Señora Fina Varelas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Perdoa, eh! Mire, o que si nos interesa ao Partido Popular é que a seguridade viaria era, tróuxoa o Partido Popular e foi aprobada. Catalogación e posta en valor das fontes e lavadoiros, aprobado. Equipamentos deportivos ao aire libre, aprobado. Relocalización dos puntos da luz da Avenida de Celanova, aprobado. Adaptación dos parques á diversidade funcional, aprobado por unanimidade. Información na web da violencia de xénero, señora Ánxela, que non hai.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Que si.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Como que? Por deus.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, por favor. Señora Chelo, señora Chelo, ten vostede un minuto e medio máis. Prosiga. Prosiga e pídolle aos demais compañeiros e compañeiras que non interrompan.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, señor Fírvida. Non é recordar nosas mocións

porque mire témolas catalogadas e podemos darllas á cidadanía cando eles queiran e poden vir a partir de mañá á nova sede que temos do Partido Popular, na rúa do Outeiro. Mire, xa fago propaganda, tamén. Ve. Xa fago propaganda. Xa ma acaban de facer por Twitter pois mire xa a facemos tamén.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ánxela, por favor. Non. está, a señora Chelo Vispo está na súa quenda de palabra. Pido por favor, cando o grupo de goberno, os concelleiros e concelleiras do goberno, piden respecto polas súas intervencións, o Partido Popular e os demais grupos da oposición, están no seu dereito a tamén pedir ese respecto. A non ser interrompidos. Creo que iso é o xogo democrático. Pido iso. Un segundo. Ían dous minutos e quince.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Mire, señor Fírvida, realistas para vostedes mesmos. Este grupo de goberno, vale? Tiveron un remanente de tesourería dun millón novecentos mil euros. Onde? O que vostedes prometeron, tanto o señor Alcalde, coma o señor Tenente Alcalde, Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, nos seus programas electorais do 2015, vale?. Instituto, piscinas, vale?, centro de día, onde están? Vamos a ver. A segunda gardería coma di o meu compañeiro Manuel. Isto todo son reivindicacións dos cidadáns de Barbadás. Onde están? Non se enfade señor Fírvida que sempre lle doe o que lle digo, vale? Isto, remanente de tesourería, sígolle dicindo, orzamentos que hai neste concello. Todas as demandas que pide a cidadanía e que o grupo popular trae a este goberno e que por unanimidade se aprobaron, están sen facer. Dámoslle a oportunidade que con esta, que cos orzamentos do 2019, vostede poda acalar ao Partido Popular e que cumpra o que realmente ten que facer ese señor que senta ao seu lado, que é cumprir os acordos deste pleno. E nada máis. Soamente iso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Moitas grazas señora Chelo Vispo. Señor Ramón, ten tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Mire. Ve como lle dixo o das prioridades?. Teñen unha prioridades. Os acordos por unanimidade, ao fin e ao cabo, aquí os gobernos, ao sentarse aí, o pleno, pasa a ser unha cousa secundaria, totalmente. Pasaba antes, pasaba antes, pasaba antes e pasa agora e volverá a pasar. Porque, nas mesmas palabra do señor Tenente Alcalde, referiuse na elaboración dos orzamentos que

farán as achegas das demandas veciñais pero, claro, el considera as demandas veciñais as que lle din, por outros lugares, e non polo pleno deste concello. Polo tanto, os gobernos que chegan aos concellos, pois ao final, esquécense un pouco do pleno e van, é unha inercia que pasa así, é a realidade e punto. Fan máis caso ao seu propio ideario que teñen previsto facer, normal, como goberno que son. E logo, ao que lle van dicindo os veciños por aí e tal, e ao pleno, pois, aos grupos aquí vense a refrega e a botarse en cara as cousas á cara das outras e realmente nas mocións pois non se para ninguén a pensar se é positivo para os cidadáns ou non. Faise máis caso a fora que aquí. Iso pasa e vai seguir pasando. É unha reflexión, e nada máis. Vostede, señora Varelas, ten moi mala memoria, eh!, cando di que non insulta, váiase ás actas e mire os insultos que lle propinou a esta persoa. E non quero dicir nada dos descalificativos eu lle propinou aos que están hoxe no goberno antes do pleno de investidura, no cal vostede se votou a si mesma, para alcaldesa. Recórdollo. Entón para que quede claro, que ten mala memoria. Vaia ás actas dos plenos e mire vostede nos primeiros plenos os insultos que lle propinou vostede ao portavoz de Compromiso por Barbadás, simplemente por haber dado un apoio a un goberno. Mire, vaia, recupere a memoria. E nada máis. Non hai moito máis que dicir. Ah! Sigo dicindo que non se contesta a unha acusación que se fixo antes nun muro feito a un veciño, feito polo, polos traballadores do concello a un veciño. Entón, creo que vai a ser verdade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas, ten tres minutos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicir á señora Chelo, eu non sei que non entendeu do que eu dixen? Eu dixen que estaba a favor da súa moción. Que é o que non entendeu? Entón non entendo como unha persoa, si, o ataque baldío, gratis, porque cando unha persoa lle está dicindo, si, non nos doe nada señora Chelo, deixe de doer. Porque vostede non ven aquí a facerme doer a min nada. Porque se vostede ven aquí ao pleno a facerme doer algo, que tristeza para os cidadáns. E por vostede, se ven aquí a facerme doer algo. Váiame deus. Refírome que a moción, si estamos de acordo porque as mocións que se aproban entre todos, deberíanse de facer. Pero quero recordarlle, señora Chelo ou a todos, as mocións non son vinculantes. E vostede sábeo porque leva en política moitísimo máis tempo ca min e sabe que as mocións non son vinculantes. O

goberno farás se quere ou non quere. Dicirlle, señora Chelo, que algunhas, non todas, obviamente, mocións que presentou Democracia Orensana si se fixeron. E si, se están facendo. Por exemplo, pedimos unha que foi campaña, campaña, por favor, estou no meu tempo, por favor. Campaña de empadroamento no Concello de Barbadás, si se fixo. E cónstame porque eu na radio si a escoitei. Pedín contedores de lixo para certos puntos do concello, efectivamente se puxeron. Pedín paneis informativos nas prazas onde facían falta, efectivamente, en Loiro, dígollo porque o señor Manuel tivo que velo, porque é grande, si se puxeron.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Vaia intervención

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel. Insisto, por favor, non interrompa.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Manuel, vostede non está na súa quenda.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, prosiga. Prosiga.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Respecte aos demais. Acabo de dicir porque vostede o vexa porque ao mellor non se dá conta.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Claro que o vexo.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Obviamente. Señor Alcalde, el vai estar así interrompendo, porque senón eu, na intervención dos demais póñome a falar

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga porque se entramos na dinámica de certos concelleiros e concelleiras estaríamos interrompéndonos continuamente.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Alcalde, xa non é a primeira vez que a vostede lle digo que por favor modere ben isto porque non o está facendo ben. Porque quen me está interrompendo é Manuel, non eu a Manuel, e non me diga a min prosiga, senón mande calar a esta persoa, antes de proseguir eu porque eu non me vou poñer a falar cun barullo de fonde e unha persoa interrompéndome. Señor Alcalde dígollo con todo o respecto e cariño.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Voulle contestar en relación a esa cuestión que plantexa. Estes, hai certos señores ou certos concelleiros e concelleiras que o que pretenden é boicotear e sabotear un pleno. Rebéntalos directamente. Se entramos nesa dinámica que priva do debate, priva do debate, que é o que pretende, privar do debate, entón, estamos entrando no seu xogo. Eu voulle engadir o tempo que vostede foi

interrompida e proseguiremos. Se entramos na dinámica do galiñeiro, entón suspendemos o pleno como ten ocorrido outras veces e despois proseguimos. Entón, vostede agora ten un minuto e medio máis.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Moitas grazas. Non é cuestión dun minuto e medio máis, nin un minuto e medio menos. É cuestión de respecto porque eu só puxen un exemplo. Se me preguntan e contesto e non lle gusta o que contesto, xa uuuuhhhh! Ben, dá igual. Ao fondo da moción? Si estamos de acordo coa moción, obviamente. Quen decide de facelas por desgraza non é a oposición, é o goberno. Que Democracia Orensana nestes tres anos e pico cambiou o seu parecer? Dicir, non cambiei o meu parecer. Eu teño os meus criterios propios. Meus e do meu compañeiro que non son os criterios do Partido Popular, nin doutros partidos, obviamente. Entón, nós votamos en consonancia, as necesidades veciñais e ao bo sentido, e á boa fe dos compañeiros que cada día están loitando polo beneficio dos veciños. Si. Se iso é cambiar de opinión, a ver, que quere vostede que faga? Que vote en contra dunha persoa que está traballando en prol dos veciños? Pois non, eu aquí estou, como dixen moitas veces para apoiar, non para boicotear, para poñer trabas a un goberno. Non, porque entón o que estaríamos facendo é desfacendo o traballo que están facendo todas as persoas. hoxe tócalle a eles gobernar. Mañá, ou deica a un ano, tocaralle a vostede ou a min co a xe, a quen sexa. E seu se sego na oposición, axudarei á persoa que está gobernando. E se vai ser vostede? Pois tamén a vou axudar. Por que? Porque non a estou axudando a vostede, estou axudando aos veciños.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas, moitas grazas. Ten a quenda de palabra o señor Tenente Alcalde. Non? Victoria? Victoria, por favor. Tres minutos.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Cando escoitamos as afirmacións, as intervencións dos membros do Partido Popular, dá a impresión de que somos moi malos, moi malas, que temos cornos, que levamos unha forquita connosco todos os días e botamos lume pola boca. Pero mire, non lle somos así. Somos persoas normais que camiñamos polas rúas, que manchamos tamén a veces os pes no barro, neses camiños que vostedes deixaron sen pavimentar. Aquí mesmo, só así a bote pronto, xa me acordo, camiño da Granxa, travesía das Canivelas e camiño do Cruceiro. Non o

trouxeron a unha moción, iso. Eran camiños que vas agora no inverno cuns zapatos coma os que levan as concelleiras do Partido Popular e probablemente se mancharan de barro. E cando, cando vostedes falan de que non cumprimos acordos plenarios, nós temos que acordarnos dos veciños e das veciñas para as que gobernamos e temos que solucionar problemas graves na zona central de A Valenzá, entre o cruce da Rúa das Burgas e a zona do Vivaldi, que non ten un saneamento adecuado, que calquera día cae un autobús aí ou ten un problema de seguridade grave e de salubridade. Entón a nós iso si que nos preocupa. Si que queremos cumprir as nosas obrigas como mandatarios locais. E tamén queremos darlles, instalar saneamento en barrios onde non existía, como é o barrio do Outeiroño en Sobrado. E tamén queremos mellorar os parques que vostedes nos deixaron a monte, verdadeiramente a monte. Con elementos destruídos, holocáusticos. Temos fotos, o antes e o despois. As temos. Sairán. Barrios enteiros sen iluminación pública. Xente que ía pola rúa e non tiña iluminación. Barrios enteiros. No Fonsillón, en Barbadás. E que agora mesmo son tantas as obras inxentes que temos feito que xa non llas podo enumerar. O derrube dunha vivenda perigosa para a seguridade viaria que tanto lles preocupou ao principio da lexislatura. Tamén o tivemos que afrontar co diñeiro. Ao mellor non podemos levar a cabo estas melloras da calidade dos servizos públicos porque claro, como hai xente que se lle pode caer unha pedra encima da cabeza e morrer… claro, perdón, perdón por preocuparnos pola seguridade viaria. E tantas e tantas cousas polas que levamos traballado e tantos proxectos que están aí e parece que lle doen. Vostedes en vez de preocuparse, alegrarse, que se fagan cousas porque vostedes non fixeron porque non quixeron. Tiveron o diñeiro e puideron facelo, o que non tiveron é vontade. Pois vostedes en vez de alegrarse, non, hai non que non nos cumpren as nosas mocións. Tampouco nos cumpriron a nós o Parque Bahamonde, a reforma do Parque Bahamonde. Pois tivemos que chegar ao goberno e reformar o Parque Bahamonde. Tampouco nos cumpriron vostedes a moción que foi aprobada por unanimidade nun acordo plenario da mellora do Camiño do Regueiro ao Rosario, que é un exemplo de corredoira do rural, que pretende ser modelo do que debe ser un barrio dunha zona histórica. E ben, falando de deberes por facer, lémbrolle, tal e como me comentaba o meu compañeiro, Rafael Sierra, o concelleiro de medio ambiente, que nos

está a deber, señora Consuelo Vispo, deputada provincial, un informe sobre albergues de animais. Creo que nolo está a deber, despois dunha reunión de voceiros que tivemos con vostede. E despois cando fagan uso

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Cando vostedes interveñan e se dirixan a esta concelleira que lles fala, ou a calquera outro concelleiro e intenten lanzar infundios contra nós, por favor, sexan máis claros, non creen infundios tamén entre os outros compañeiros de corporación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Victoria, por favor. Victoria, ten que rematar

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Se teñen que presentar unha pregunta sobre algo, preséntena por escrito, como ten que ser.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Señora Chelo Vispo, ten un minuto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Infundios, señora Victoria. Mire, as preguntas que fixemos hai unha semana, calada por resposta. Por iso traemos hoxe, para que vostede aquí, nos conteste ás preguntas que o Partido Popular fixo, vale?, sobre unhas actuacións que fixo en obras e que non son as adecuadas, e non nos contestou, por iso temos que pedir a comparecencia súa.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Si contestei.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Victoria, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Quere que as lea tamén?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Victoria, pero xa tocará.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Na comparecencia.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Mire, éncheselle a boca de facer camiños e camiños e camiños. Agora mesmo, os veciños de A Valenzá, ao saír do centro de saúde, toda a rúa que vai á saída, si, xa me fai así coa cabeza, non hai por onde pasar. Uns baches que aquilo é horroroso. Mire, por alí pasa cantidade de sente, diaria. Vale? Paréceme moi ben que vostede asfaltara camiños de terra, que é en Piñor, sobre todo onde os fixo, que quede moi claro, non, non, claro que non. sobre todo na zona de Piñor, que é onde vostede ten os seus votos, iso para que quede claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non podo acabar?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten un minuto coma os demais, na súa última intervención, nin máis nin menos. E leva un minuto catorce segundos. O que é un quince por cento máis, algo máis do que lle corresponde. Máis, o trinta.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Só un momento, ou senón dígoo despois. Soamente un segundo. Mire, señora Fina Varelas, os seus criterios cambiaron dende que lle arranxaron o camiño da súa casa. Vale? Eses son os criterios que lle fixeron cambiar a vostede. Que triste. Iso é o que máis lle doe.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Mire. O alcalde ten dereito a intervir, para, ten dereito a intervir, ata o de agora non intervín, pero ben, vouno facer agora. Señor Ramón, as mocións, as mocións son positivas sempre que representen os intereses da cidadanía. Cando se votan por unanimidade unhas mocións é porque si se axustan ás demandas dos veciños. Pero a realidade é a que é. se nun concello coma o noso, mantemos os impostos conxelados, non se soben. Están nos tipos máis baixos que permite a lei e se pretende facer sistematicamente todo no mesmo ano, no mesmo orzamento, non é posible. Non é posible. E eu, o que quero recoñecer é o que vostede di en relación a que as mocións teñen que servir para algo. Claro que serven. Victoria, acaba de falar de dous exemplos. Eu vou falar dalgún máis. De dous exemplos nos que o Partido Socialista, presentou mocións hai once anos, once!, once, aprobadas por unanimidade e que este goberno foi quen de levalas a cabo, unha hai dous anos e outra hai uns meses. Outra moción presentada polo Bloque Nacionalista que pertence a este goberno, reforma da praza do Pumar en Bentraces. Debeu ser presentada haberá nove anos, se non me equivoco, máis ou menos. Quen a vai levar adiante? Foi aprobada por unanimidade. Quen a vai levar adiante? Este goberno.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Proxecto do Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non. Non minta. Non minta. Hai unha reforma negociada, falada, vista polos veciños sobre a reforma dese proxecto. Pero independentemente de que fora, ímoslle conceder o beneficio da dúbida, de que fora un proxecto seu. Fixérono? Puxérono en marcha?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non tiñamos diñeiro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois a iso imos, señora Chelo. A que para poñer en marcha os proxectos que se plantexan nas mocións, nas mocións, hai que ter diñeiro, señora Chelo. Hai que ter diñeiro. Hai que ter diñeiro. Aí a quería levar eu. Aí quedou en evidencia. Votos a favor da moción? Votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular e Democracia Orensana, a favor.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, Grupo Mixto. Perdón, perdón. Grupo Mixto e Partido Popular. Vamos a volver a empezar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Empezamos de novo. Votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular máis Democracia Orensana, Santi, si, máis Grupo Mixto, votos a favor. Ben. Abstencións? Democracia Orensana, Fina, vota abstención. Votos en contra?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista e BNG, votos en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da orde do día.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non, Perdón, señora Secretaria

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que? Que pasou?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): pedimos a súa intervención pola votación que non queda claro, nin se se aproba nin se non se aproba.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un momento, hai que contalos. Vamos a ver.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai oito votos en contra.

A Sra. Secretaria toma a palabra: O PSOE e BNG, son oito.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente. E sete a favor, non hai máis.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Oito, e o Partido Popular, que agora mesmo son cinco, máis dous, sete. Oito – sete. Rexeitada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente, está rexeitada. Iso é o xogo político. Como vostede, como o desta moción, como o desta moción, que eu deixeinos, evidentemente, fóra de xogo. Fóra de xogo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da orde do día, e dito por vostedes, ademais.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor de PP, Grupo Mixto e Santiago González Peiteado (Democracia Ourensana) a abstención de Serafina Varela Vieras (Democracia Ourensana) e os votos en contra de PSdeG-PSOE e BNG o seguinte acordo: **"Moción do Partido Popular de Barbadás para que o orzamento do ano 2019 contemple as partidas necesarias para levar a cabo os acordos maioritarios do Plenos nesta lexislatura. "**

10. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE ACTUACIÓN VARIAS NAS BEIRARRÚAS DO CONCELLO

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto sobre as actuacións, proseguimos, por favor. Moción do Grupo Mixto sobre actuación varias nas beirarrúas do concello. Ten a palabra o seu voceiro.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Ben, antes de ler a moción que é moi rápida e é moi concreta, non creo que haxa moito debate sobre iso, quero recordar, porque se fala aquí, o señor Alcalde, hai un pouco, estaba falando a súa compañeira e estaban interrompendo ou murmurando dende aquí, non dixo ningunha apreciación. Sen embargo, levantou a cara cando estaban a murmurar dende alí. unha apreciación. Teñan en conta. En segundo lugar, para que quede constancia aquí, que os veciños teñen constancia, os veciños teñen que ter constancia, iso é unha apreciación porque ao mellor non se deu conta, pero pasou así. Señora de Democracia Orensana, vostede acáballe de botar a bronca que está murmurando e está vostede falando co seu compañeiro a continuación cando está falando outra persoa de aquí, a señora Morenza.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Leva cero segundos. Voulle empezar a contar agora.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Dá igual. Sóbrame

O Sr. Alcalde toma a palabra Non, que leva cero, non lle puxen o

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Que me chega o tempo. Mire, vostede ven aquí, é que ben, eu teño que contestar, teño que responder a estas cousas porque, eu se me calo, non defendo aos veciños de Barbadás. Vostede acaba de dicir, hai un rato, que defende aos veciños de Barbadás, que non sei que non sei canto, que ten que votar, non sei que. Vostede acórdase cando trouxo unha moción dicindo que había que cumprir

as mocións e logo dixeron que non ían traer ningunha moción máis porque total non valían para nada?. Ben, agora volveron traer mocións, así. Vostedes lembran cando no primeiro orzamento municipal, aquí, e perdoe que eleve a voz, vostedes votaron en contra porque non podían ver en diante ao grupo de goberno e os veciños traíanlle, non vou dicir como, si, si, si, e condenaban a este concello, grazas a que este representante de Compromiso por Barbadás, e de 504 veciños, por responsabilidade aprobou uns orzamentos que permitían 700.000 euros máis de gasto a este grupo de goberno, para levar a cabo a súa xestión, porque lle demos un voto de confianza, Vostede votou en contra. Votou en contra. E estaba pensando ese día nos veciños? Non. votou en contra porque non podía ver á xente que estaba aí sentada. E os descalificativos que lle propinou non llos vou nomear aquí. Non, non, non os vou nomear aquí.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Isto é unha moción?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está na súa quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Estou na miña quenda de palabra. Non lle faltei ao respecto en ningún momento.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por favor, cando queiran levantar da voz afástense do micro porque a transcrición fana con auriculares e ....

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga, Ramón. Vai un minuto corenta.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Estou na miña quenda de palabra. Non lle faltei ao respecto en ningún momento. Simplemente constatei algo que foi así. Se vostede di o contrario, pois dígao. Non sei.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga agora que ninguén o está interrompendo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vostede señor Alcalde, as mocións que se falaban antes, as que segundo nomeaba o papel, por unanimidade. Recórdolle que vostede estaba acordo da moción e logo abstívose, alí a dous minutos. A dous minutos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor, non interrompa.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu estou falando na miña quenda de intervención, non lle estou pedindo que me conteste.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, un inciso. Un inciso. Vamos en dous

minutos, señor Ramón, un inciso, vamos en dous minutos dezanove segundos. Señora Fina Varelas, recórdolle que vostede interveu hai vinte minutos dicindo que eu non moderaba o pleno e que non cortaba a palabra a aqueles concelleiros que non respectaban a quenda de palabra. Polo tanto, agradézolle que para que eu faga esa boa xestión, do meu tempo, da miña labor, mellor dito, non interrompa aos demais e aplíquese o conto. Por favor.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu levo todo o pleno sen interromper a palabra de ninguén.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ía en dous minutos quince segundos, creo recordar.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Grazas. Entón, quería deixar claro o anterior. As mocións que falaba o Partido Popular era por unanimidade. Creo recordar que a maioría desas mocións por unanimidade, un porcentaxe alto, son mocións que non levan un elevado custe económico. As que foron aprobadas por unanimidade. Ben. Que quedara iso claro. Ben, vamos á moción que traemos nós.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois xa van tres minutos e cuarto.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Rapidamente. É para constatar un feito e ao goberno alertalo e se ten a ben, que o faga. Dende Compromiso por Barbadás queremos alertar ao goberno a través do pleno do noso concello, a necesidade de reparación das beirarrúas en moitos puntos onde hai laxas levantadas que supoñen un perigo para os viandantes, sobre todo persoas maiores. Estou falando de Sobrado, Bentraces, Piñor, As Lamas. Estou falando deses lugares todos. E A Valenzá, por suposto. Tamén queremos propoñer á debate a posibilidade de talar aquelas árbores, nesas beirarrúas, que no seu momento se levantaron con motivo da construción delas, nalgúns lugares do municipio. Desas aldeas que nomeei. O propio crecemento natural das árbores unido ás sucesivas podas fortalecen as raíces. Isto provoca fendas no lousado, roturas de laxas, levantamento do firme e danos na rede de saneamento. As reparacións que hai que acometer cada vez son máis frecuentes e o problema segue aí. A xestión dos cartos públicos debe ser eficiente. Non se poden facer inversións que a medio prazo provoquen danos medianamente evitables si se fan as cousas con sentido

común e valorando sempre a máxima durabilidade no tempo. O emprego de materiais, debe ir ligado ao uso que van a ter e a súa exposición aos axentes meteorolóxicos, non exclusivamente a súa faceta estética coma se ten feito aquí en moitas obras. Estou falando desas beirarrúas estreitas das aldeas, onde se plantaron árbores, que a día de hoxe, os exemplos están claros e son coñecedores, penso que a maioría dos que están aquí, en Sobrado, en Piñor, e noutros lados que están levantando continuamente o lousado porque as raíces medraron e coa poda seguen medrando. Ao mellor hai que tallalas, aparte que agora supoñen un estorbo cada vez maior para as persoas que andan por alí, pola súa estreiteza. Os acordos? Instar ao grupo de goberno a que acometa a reparación inmediata de todos aqueles puntos onda o lousado das beirarrúas, está levantado e procede á tala daquelas árbores que pola súa mala localización están a provocar danos no firme. E segundo, revisar e valorar a talla se procede de grandes árbores, caso das palmeiras da Avenida de Celanova, que polo especial crecemento das súas raíces poden estar provocando un dano que na superficie non vemos, ou perigos de caídas en caso dun forte vendaval. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada. Dicir que ao señor Padrón, interésanlle tanto as mocións que dedicouse tres minutos, o ataque persoal a outro partido político, e dous minutos a súa moción veciñal. Aí demostra o interese que vostede trae a este pleno. Dicirlle, mire, señor Ramón Padrón, non teño que darlle a vostede explicación ningunha, do meu sentido do voto porque eu tampouco lla pido e a min vostede non ma ten porque pedir. Voto en consonancia ao que eu penso. Así de sinxelo e de “sencillo”. Quédalle claro? Teño que facer coma vostede, empezar a berrar aquí, uuuuhhhhhh!, para demostrar máis forza? Non, a forza mídese coa intelixencia, non cos chillidos. Vaia aprendendo un pouquiño. Dicir que o outro día, nas comisións informativas, quedei outra vez escandalizada. Señor Ramón Padrón, non se lle ocorre outra cousa que talla xeneralizada!. Tallar todos os árbores do concello. Que bonito! Porque señor Ramón Padrón, os árbores levantan beirarrúas. Pasa en Ourense, pasa en Barbadás e pasa en todos os concellos onde hai beirarrúas e hai árbores. A solución non pasa pola talla

porque vostede en que quere converter as beirarrúas en cemento puro? Pero claro, ocorréuselle a vostede a talla xeneralizada. Iso non sei. Eu non sei se esta moción a fixo vostede? Se lla fixeron? Ou se vostede, nas comisións informativas quixo dicir o que dixo porque eu ouvino perfectamente. E non o inventei eu, eh! Vostede dixo talla xeneralizada porque levantan as beirarrúas. Pois non, señor Padrón, as beirarrúas arránxanse, para iso hai operarios. Non se tallan ás árbores porque si, porque entón, se cada cousa que estorbe, se a temos que quitar… e precisamente as árbores non estorban. Non estorban, para nada. Pode ser que a vostede lle estorben porque claro, coma vostede trae unhas ideas tan brillantes a estes plenos. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, señora Fina Varelas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular. Lémbrolles que son cinco minutos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Padrón, que saiba que o Partido Popular vai votar a favor. Entendemos perfectamente, a ver, os acordos realmente, pois son, o Partido Popular trouxo hai dous plenos, ao mellor fállame agora mesmo a memoria, debido ás horas que son, fai dous plenos, cando houbo un accidente, pois dunha veciña que nin se preocupou este señor Alcalde de chamar por teléfono a esa señora para preocuparse de como estaba ou como deixaba de estar . Ese é o noso Alcalde que defende a todos os veciños deste concello. A raíz da caída desa señora trouxemos unha moción para arranxar varias beirarrúas da Avenida de Celanova. Pero ben, xa lle dixen que estamos de acordo cos seus acordos, que vamos votar que si e que sen ningún problema. Mire, os ataques que vostede ten neste pleno, señora Fina Varelas, voulle dicir, ten que quedar claro que o que queremos demostrar é o cambio que deu vostede en tres anos neste concello. Mire, o señor Padrón deulle a gobernabilidade a estes dous grupos, que non teñen maioría absoluta, para a xente que hoxe nos acompaña, non ten maioría absoluta. Deulle a gobernabilidade. É coherente. Leva tres anos, coma todos, aprendendo, somos políticos, vale?, aprendendo ao que é coherencia a dicir que si. E o que non é coherente, a dicir que non. e a traer mocións que nos reivindican os veciños e veciñas de Barbadás. Non me faga así coa cabeza, vale? porque vostede ao principio recórdolle que criticaba un montón a este grupo de goberno e hoxe sae do despacho do alcalde coma unha máis. E paréceme perfecto. Eu non teño ningún problema en que

vostede visite o despacho do señor alcalde. Dígollo por algo, por algo que todos sabemos, vale? E que vostede tamén sabe. Mire, dígollo claramente, cando necesitan axuda, cando necesitan axuda, pídenlla a Democracia Orensana. Agora mesmo viuse que vostede, porque nos metemos co seu camiño e co arranxo do seu camiño cara a súa casa, vostede votou abstención. Cando realmente vostede nos dixo hai dez minutos que ía votar a favor nesa moción. E que está gravado, señora Fina Varelas, sexa coherente, sexa coherente. Porque nos ataquen politicamente, a min atacáronme politicamente… mire, voulle dicir unha cousa, en tres anos que levamos aquí, o Partido Popular, somos seis persoas as que estamos sentadas. Hoxe fáltanos unha delas, unha delas por cansazo e porque demostrou todo este fin de semana, poñer en valor o concello de Barbadás, e é o señor Marabú, co seu Rally Mix, que foi todo un éxito. Iso é poñer, e pertence ao Partido Popular, pero tamén hai que dicir que o Partido Socialista lles apoiou. Non non, publicidade non, ningunha. Estou dicindo que estamos poñendo en valor o Concello de Barbadás, sexamos do grupo que sexamos porque somos coherentes. Vale? E se hai que traer o Rally Mix, tráese a Barbadás, aínda que goberne o Partido Socialista que xa lle deu as grazas ben ao señor Adrián, vale? porque efectivamente axudoulles en todo este grupo de goberno. Pero mire, voulle dicir claramente, vale? , o Partido Popular tenlle que dicir as cousas claras á cidadanía que para iso estamos e para iso nos puxeron aquí. Somos seis persoas as que estamos neste grupo. E xa que se me ía un pouquiño a cabeza, vale, e somos seis persoas loitando contra todos vostedes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, leva tres minutos trinta e catro segundos, e é a segunda intervención.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Cando non queren ouvir

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, señora Chelo, é que vostede, non faga demagoxia barata. Non faga demagoxia barata e non sexa cínica. Claro, é que cando non a quero escoitar…é que o reloxo está aquí contando señora Chelo. Vostede fala despois, de que o Alcalde non é demócrata. Pois leva tres minutos trinta e oito segundos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pero as interrupcións so se lle teñen en conta ao resto, non aos demais.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non houbo interrupcións neste caso.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Queda en evidencia. Queda en evidencia.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Para todos, non para uns só.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Deixa…

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Vou tratar de cinguirme ao contido da moción visto que se están indo todos polos cerros de Úbeda. O fondo da moción ten o seu sentido. Evidentemente a nós tamén nos preocupa que se levanten as laxas, que se produzan problemas na seguridade das persoas e tamén, ben é certo que o tema das palmeiras tamén nos preocupa porque así nolo teñen feito chegar varios cidadáns e cidadás. Evidentemente si que estamos de acordo en revisar. Non temos que ser nós un goberno, formado por persoas, por políticos, evidentemente, teñen que ser técnicos na materia os que decidan ou revisen, ou definan, se esas palmeiras hai que tallalas, hai que recortalas ou se provocan un especial perigo na seguridade ou incluso en tempos, en momentos cando hai moito vento, poden provocar danos aos edificios ou ás balconadas. Despois, sobre o tema da reparación inmediata de todos aqueles puntos onde o lousado, tratamos, señor Ramón Padrón, de actuar sempre que así nolo comunican, ou así o comprobamos nós, nas beirarrúas que están, que teñen as laxas levantadas. Pódesenos escapar algunha, evidentemente, pero tratamos de facelo. Cando se fai un deseño dunha cidade, que no seu momento tívose que facer, supoño que se fixo, non o sei, eu dou por feito que cando deseñou a vila de A Valenzá, pensouse, vamos poñer árbores, vamos poñelos cada tres metros, vámolos poñer cada dous metros, vamos poñer as farolas aquí para que non as estean destruíndo continuamente os camións, vamos deixar estas distancias, vamos colocar o mobiliario gardando un equilibrio… Ben, penso, ah!, non, perdón, estaba nun mundo de ciencia ficción. Non se fixo. O deseño da cidade non se fixo. As árbores están uns a un metro doutros, outros a uns centímetros. Uns son verdes, outros amarelos. Non había planificación, non había deseño. Este goberno, en varias zonas o esta facendo por tramos, está recolocando o mobiliario precisamente en prol da harmonía, da estética, da seguridade viaria, dun montón de factores definidos. Está todo inventado. Nós só aplicamos a lóxica e o bo facer. E despois tamén, dicirlles que hai cuestións relacionadas co mobiliario, ao mesmo

tempo que coas árbores, xa ve que non houbo deseño, señor Ramón Padrón, esta é unha herdanza máis, marabillosa, destas herdanzas que quere calquera neto ver lonxe. Pois pódolle falar tamén das marquesiñas porque temos unha marquesiña subida nun alto, entón ven unha persoa con unha discapacidade, báixase da cadeira de rodas e vai ás alancadas a subirse á marquesiña. E despois tamén colocaron unha marquesiña nunha glorieta. Na glorieta máis importante, na vía máis importante de A Valenzá. Pero esta é a maneira que tiñan de deseñar. Nós evidentemente tratamos de introducir outros elementos con máis lóxica. Trataremos de atender á proposta que vostede fai na súa moción. E sobre todo lembrarlle a todos os membros da corporación que as árbores son vida. As árbores son o pulmón dunha cidade. Entón non estamos pola labor de cortar árbores. É máis, estámolas repoñendo. É unha aposta persoal que ten este goberno, repoñer árbores que no seu día, as facían secar, ou secaban, ou as retiraban, ou as rompían, e o que facía o Partido Popular era colocar laxas enriba das árbores. E o mesmo facían coas luminarias. Tiraba un camión unha luminaria e o Partido Popular chegaba e colocaba laxas, ou colocaba unha papeleira. E por iso o grupo de goberno ten que levar a cabo reformas en profundidade en lugares coma a rúa 17 de maio, porque ese non é un lugar idóneo para colocar as farolas mesmo na punta da beirarrúa e entón temos que levar a cabo unha obra para poñer un pouco en valor o que o Partido Popular non soubo facer, no que a deseño se refería dunha beirarrúa, entón temos que retranquear todas as farolas dunha rúa enteira, porque algunhas xa vostedes non as repuxeron, e nós optamos por poñer luz onde había luz. Non por poñer lousetas onde había luz. Entón esta é un pouco a política que ten este goberno, de utilizar os servizos públicos o máis loxicamente posible e que así os cidadáns o poidan valorar nesas políticas de valoración e de avaliación, de cartas de servizos que nós non temos. Non as ten nin a Xunta de Galicia e vámolas ter o Concello de Barbadás. Pero ben, seguiremos falando do tema

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. Por favor. Tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Doulle as grazas á señora Morenza que é a responsable disto, que non dedicara o seu tempo ao ataque para dicir outras cousas, e

tivera a ben recoñecer o problema que temos coas beirarrúas neste concello. Efectivamente, dixo vostede mesma, está no parágrafo que é o puxemos aquí na moción, a xestión dos cartos públicos debe ser eficiente. Non se poden facer inversións que a medio prazo provoquen danos facilmente evitables si se fan as cousas con sentido común e valorando sempre a máxima durabilidade no tempo. O emprego de materiais debe ir ligado sempre ao uso que van a ter, a súa exposición a axentes meteorolóxicos e non exclusivamente a súa faceta estética. Eu non sei se vostede, señora de Democracia Orensana, señora Varelas, paseou por Sobrado. Sobrado, ao que se lle ocorreu, como dixo a señora Morenza, seguramente, aquilo non ten deseño ningún, porque ao que se lle ocorreu poñer árbores naquelas beirarrúas, pois vamos, foi un iluminado porque iso non ten sentido ningún que esas rúas de Sobrado teñan árbores. Ningún sentido. Como as que hai aquí postas ao lado do concello ou as que hai, outras beirarrúas do concello, que se puxeron por poñer e hoxe están levantando a beirarrúa. Esas árbores hai que tallalas. E quérolle dicir á señora Varelas, os acordos poñen, punto 1, porque senón os le léollos eu, instar ao grupo de goberno que acometa a reparación inmediata de todos aqueles puntos onde o lousado das beirarrúas está levantado, e proceda a talla daqueles árbores que pola súa mala localización están a provocar danos no firme. Daquelas árbores. Xeneralizado. O que pasa que voulle dicir o entendeu vostede. Segundo punto, voullo ler, quere escoitar?. Revisar, segundo punto que é o acordo que vostede ten que votar, se quere votar a favor, en contra ou absterse. Segundo punto, revisar e valorar a talla se procede, de grandes árbores, caso das palmeiras da Avenida de Celanova, que falou a señora Morenza antes, que polo especial crecemento das súas raíces poden estar provocando un dano que na superficie non vemos, ou perigos de caídas en caso dun vendaval. O da talla xeneralizada que vostede entendeu foi que dixen eu na comisión informativa, non estou propoñendo unha talla xeneralizada, estou propoñendo o que poñen eses dous puntos. O que pasa é que vostede, eu non sei o que escoita. E logo, xa lle dixen antes, paseou por Sobrado? Vexa se esas árbores hai que tallalas ou non hai que tallalas. Entende? E nada máis, non teño nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben. Nada, dicir que os arranxos das beirarrúas, obviamente, hai que facelos. Iso é algo que si. O que pasa que nós estamos en contra de tallar árbores sistematicamente porque todos están nas mesmas condicións, señor Ramón Padrón. Todos están nas beirarrúas. O que hai que facer é arranxalos. Outra cousa é que vostede me diga da palmeira, que pode causar danos á estrutura dalgún edificio, pode pasar, pois se é así, nese caso si que haberá que tallalo, porque o que non pode ser é que estean causando danos a propiedades privadas. En canto ás árbores da beirarrúa para nada tallalos, ao revés, árbore que seca, árbore que hai que poñer. O que si, penso que no futuro, o que se podería facer é cando se vaian substituíndo árbores, poñer árbores que enraícen pouco, non árbores grandes porque canto máis grande é a árbore máis raíz saca. Pois entón, haberá que no futuro, cando sequen árbores, ilos substituíndo por árbores de menos raíces porque tipo palmeiras, iso é, enraízan moito e tipo doutros árbores que temos. Entón iso é unha solución, ir substituíndo árbores, pero cando sequen, non ilos cortando por que si. E as beirarrúas arránxanse, para iso temos operarios no concello, para arranxar as cousas que están mal. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Oíndo falar á señora Victoria Morenza, de verdade. Mire, sabe como lle chaman a Barbadás ultimamente, os veciños, Barbadás multicolor. Vale?. Os bancos dunha cor. Hainos morados, hainos de cores, hainos blancos, hainos verdes, de todas cores. A diversidade, efectivamente, señora Ánxela, si. Despois, a cor roxa predomina. Mire, sinceramente, ben, burdeos, ben e que eu véxoo vermello, e iso que non son os daltonismos nos nomes, pero ben, esa cor nas varandas, si case que si ten razón, señor Padrón, o das cortinas. Sinceramente, ver todo o concello rodeado desas valas pintadas…vostedes oian, ven os veciños na rúa o que din?. E que eu creo que non. eu creo que non, que non os oen. Mire, señora Fina Varelas, non, sinceramente voulle axudar a ler a moción do señor Padrón, vale?, porque eu creo que non a entende. Non a entende. A entende?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Eu votarei en consecuencia ao que eu

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, vostede vota segundo lle damos, segundo lle damos así vota. Mire, instar ao grupo de goberno a que acometa a reparación inmediata de todos aqueles puntos onde o lousado das beirarrúas se está levantando, e proceda á talla daquelas árbores que pola súa mala localización están a provocar danos no firme". Non señora, non señora. Hai árbores que están perfectamente

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor. Chelo, Chelo. Fina, Fina. Non interrompa.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É igual, a min non me preocupa**.**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non interrompa en consecuencia coa súa petición de ordenar o pleno. Ten tres minutos dez segundos. En total ten tres minutos dez. Prosiga por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero mire, despois vostede danos lecciónns de moralidade e despois vostede é a que queda mal. A ver, revisar e valorar a talla, se procede, de grandes árbores, caso das palmeiras da Avenida de Celanova, que polo especial crecemento das súas raíces, poden estar provocando un dano na superficie, que nós vemos en perigo de caídas. Como pasou, como trouxo o Partido Popular fai un pleno. Entón, señora Fina Varelas, o que está pedindo o señor Padrón, é que evitemos os riscos que poidan ter os veciños de Barbadás. É que eu non entendo, sinceramente, que quere dicir con tallar vostede todas as árbores. El non está pedindo que se tallen todas as árbores. Non teño que defendelo, que é bastante maiorciño e sabe defenderse só. Perfectamente. Entende? Mire, se está pensando algo que vostede na súa cabeciña, evíteo. Entende? Porque é unha persoa, si,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor, non se faga, é que a min xa me fan rir, francamente. Non me fagan rir.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): ... faltando ao respecto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Eu non lle faltei ao respecto

É que hai que ser de sangue sumamente fría. Mire, señor Alcalde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu déixoa falar.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Mire, é que hai que ter o sangue sumamente fría ou ser moi cínicos para estar aguantando este pleno. Dígollo de verdade, porque "na súa

cabeciña", vamos a ver, aquí a que vimos, a facer política ou a atacar a un compañeiro. Isto é facer política? Porque entón nas súas intervencións, collo salgo para afora, fala vostede para os demais e santas pascuas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina, voulle responder a iso. Estamos

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si, eu teño sangue. Córreme e non aguanto tanto cinismo xunto.

O Sr. González toma a palabra (PP): Pois hai que aguantar as críticas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si Non, non, unha cousa é crítica e outra e cinismo, eh! Olliño, eh

O Sr. Alcalde toma a palabra: Manuel, agora está falando ela

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si, que as críticas as admito, e son a primeira persoas que se teño que dicir equivoqueime, equivoqueime.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, Fina, xa bastou. Xa chega. Voulle responder a iso porque vostede foi quen me interpelou no seu momento a min, en relación á ordenación dos plenos. Á ordenación dos plenos. Vamos a ver. Estamos nun debate político e polo tanto temos que asumir nalgún momento algún tipo de crítica. O que si, non poden ser críticas que afecten a nivel persoal, a nivel persoal, e sexan insultos. O resto, temos que ter lombo dabondo para iso e non interromper. E aquí si que é certo que nos interrompemos de máis. De máis. E todos saltamos ao trapo. Entramos ao trapo. Por favor, respectémonos, tamén nos sería a todos mellor de cara á cidadanía. Señora Chelo, prosiga porque xa non sei canto tempo vai. Xa non sei canto tempo vai, despois da intervención da señora Fina. Un minuto, máis ou menos debe ter, señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Sóbrame señor Alcalde. Sóbrame. Mire, sigo dicindo que hei que ler as mocións para saber o que se trae e votar en coherencia. Nada máis. Trouxemos o que vostede, que antes cortoume na primeira intervención que estaba dirixíndome a vostede, cando somos seis persoas neste partido, trouxemos mocións neste momento, creo que son sesenta e algo, ou sesenta e oito, non sei exactamente, para sumar. Para sumar para os veciños de Barbadás. E aquí, votáronse en contra moitas mocións que son coherentes. A que trouxemos hai un momento para aprobar todos os acordos unánimes, que vostede dicía, mire, soamente lle vou ler que

vostede dicía que eu teño que aprender. A que ten que aprender, acabouse? Acabouse? Soamente déixeme ler isto, “o Alcalde debe facer cumprir as ordenanzas e regulamentos municipais, ordenar a publicación e executar e facer cumprir os acordos. Léase vostede máis. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A moción agora mesmo era do señor Ramón Padrón. Polo tanto, ah!, si, está vostede na súa quenda de palabra, señora Victoria Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non está o señor Alcalde por deixarme falar hoxe, eh?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Parece ser que non.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Ben, eu queríalle preguntar ao Partido Popular, se ten algo en contra do círculo cromático, do amarelo, do vermello ou só do verde ou só do violeta?. Só teñen algo en contra do multicolor? Só do violeta? Só do vermello? Non o sabemos. Sabemos que a natureza ten unha variedade de cores que están aí. Estase seguindo un criterio á hora de pintar as varandas. Vostede di que se oímos aos veciños na rúa, e digo eu, vostede está na rúa, señora Chelo?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Todos os días, eh!

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Está na rúa. É que eu, todos os veciños, todo o que recibo sobre o tema do pintado de bancos, son parabéns. É que non recibín practicamente críticas, algunha puntual, todo parabéns. Ata os nenos, porque recórdolle que, non sei os meus compañeiros, ou o Tenente Alcalde ou o Alcalde, me pode corrixir cantos nenos hai neste concello. Os nenos están encantados, é que o toman case como unha obra de arte. Están encantados. É a alegría da vila. Dá alegría. E despois ten un significado, pois claro que ten un significado porque existe unha concellería de igualdade, estamos en prol da defensa da igualdade, fomos os organizadores da primeira Romaría Feminista de Galicia, e iso está aí, son datos que están aí. Ao mellor pódenlle doer, pódenlle mancar dunha maneira, doutra, politicamente, persoalmente, non o sabemos. Nós simplemente estamos introducindo cor onde había só tristura. E non o digo só a nivel de cores. Dígoo a nivel de todo o concello, había tristura e agora hai alegría. E os parques estanse reformando e estanse mellorando. Hai alegría neste concello. E cinguíndome tamén, agora si que cíngome menos na segunda intervención á

moción de Compromiso por Barbadás, dicir que ben, coa salvidade de que si que só intervimos na retirada de árbores onde están provocando danos importantes no firme, nas laxas que poden afectar á seguridade viaria, con esa salvidade si que imos aprobar a moción de Compromiso por Barbadás.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón, está na súa última quenda de palabra, que é un minuto.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas polo apoio. Eu, non ía intervir este minuto, pero eu prométolle, de verdade que non é nada preparado, eh!, pero, vostede acórdase, pero eu teño que dicir estas cousas, é que vostede

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga, Ramón, prosiga. Fina.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vostede, mesmo se retracta. Vostede acórdase cando me dicía a min, eu non sei se serán os gintonics que toma? Non sei que, non sei que. Vostede acórdase desas lindezas que dicía vostede? E eu aquí, calado. Entende? Acórdase? Porque agora acórdollo que lle está. Non, non, busque, busque… Non, non, tamén lle acordei ao señor Manuel que está detrás súa, nun pleno que me chamou ladrón. Acórdase. Tamén lle acordei. Verdade que si que lle acordei a vostede? Non, non, vaia á acta. Vaia á acta daquel pleno de xullo. Eu algo de memoria teño, vaia á acta do pleno de xullo aquel, acórdase dos valores catastrais? Vaia a aquela acta que lle chamou ao señor Ramón Padrón, ladrón

O Sr. González toma a palabra (PP): Roubar aos veciños, era unha cousa.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, pronunciou a palabra ladrón. Pronunciou a palabra ladrón **.**

O Sr. González toma a palabra (PP): Tres centos mil euros que foron a fondo perdido, para a Casa da Mocidade, para as gaiteradas do Museo da Gaita de Fole que só ten unha gaita, para a Romaría Feminista, de non sei que… eses cartos

O Sr. Alcalde toma a palabra: Déixao. Señor Manuel, está na súa quenda de palabra, vostede? Está vostede na súa quenda de palabra.

O Sr. González toma a palabra (PP): Só era para aclarar, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois a aclarar correspóndelle ao seu voceiro e cando corresponda. Non libre e aleatoriamente, e ao azar e cando eu quero. Cando eu quero.

O Sr. González toma a palabra (PP): Cando me interpelan

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vale. Pero interpelar, interpélannos a todos. Señor Ramón, rematou? Vale. Moitas grazas. Mire, señora Chelo. Fala vostede das cores e similares. Mire, vostedes o que lle teñen manía é ao arco da vella, directamente. Téñenlle manía. Así, sinxelamente. Os veciños do treito que vai, que estaba sen pintar na calzada romana, na calzada romana, cara o Carrefour, reclamáronlle a este señor, persoalmente que se proseguira o pintado da varanda. Persoalmente. Vostede, ao mellor contáronlle outra versión pero a min, pedíronmo. A min, pedíronmo. E pídolle por favor, por favor, encarecidamente, que non faga uso político dunha asociación deportiva particular, que si, fixo un gran traballo, un gran traballo. Despois emendou vostede, que tamén lle agradeceron ao señor Adrián, concelleiro de deportes, a súa axuda e colaboración, pero vostede fixo aquí, un, un, si, si, pero Marabú é o presidente e dixo que estaba no seu partido.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Eu non falei da asociación, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero isto foi unha actividade realizada por un colectivo e Marabú conta co noso recoñecemento pero non hai que vir aquí a dicilo nunha intervención dun pleno. Dun pleno. Mire, coherencia, señora Chelo. Coherencia. Vostede leva once anos neste concello, tantos coma min. Tantos coma min. Tantos coma min. Vostede participou en xuntas de goberno local, en plenos e incluso, aquí debateu con todos nós, porque non se abría moito a boca cando os concelleiros e concelleiras do Partido Popular tiñan como líder a outra persoa, con todos os meus respectos pero vostedes non abrían practicamente. Mire, pero agora, vostede di, “teño que esquecelo todo, nós vimos aquí a facer apostas e propostas”. Vale, pero vostede, non lembro en ningunha ocasión, en ningunha, nin vostede nin a señora Miriam, nin a señora Nieves, en que votaran en contra dalgunha proposta da xunta de goberno local, que beneficiara ou que fora neste sentido de, retirar árbores, de coherencia urbanística, de humanización. Nunca. Vostedes viron como este barrio, este concello medraba pero non lembro que ningunha actuación que fora proposta na xunta de goberno local, fora votada por vostedes tres, que están aquí presentes, en contra. polo tanto, coherencia. Coherencia. Non queiran facernos aos veciños e veciñas deste concello, cegos, mudos e

xordos, senón que vostedes teñen o transfondo de once anos. Aquí agora votamos a favor de humanización, de que aquí as laxas se levantas, ben, pois vostedes foron partícipes e conniventes nesa situación. Votos a favor desta moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade a excepción de ...

O Sr. Fírvida toma a palabra: Non, eu tampouco.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A ver. Unanimidade

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): É que eu quero

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero que non entremos, que é igual. É igual, home, é igual

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade a excepción

O Sr. Alcalde toma a palabra: A Ver. Votos a favor da moción.

A Sra. Secretaria toma a palabra: O Alcalde dixo votos a favor, por favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A favor, si.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor? Unanimidade a excepción do BNG. É así.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Como? A favor?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Votos a favor? Votos a favor.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A favor da moción do Grupo Mixto, relativo ás beirarrúas. Votos a favor?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Isto é incrible, hoxe.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Volvemos a votar. Non hai ningún problema.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Seis do Partido Popular. Non, cinco do Partido Popular. Cinco do Partido Socialista.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que non Alcalde, que Marga non votou. Hai que mirar para a súa xente.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver, do Partido Socialista, quen vota a favor? Votan a favor todos menos Marga. Ben, pero se está mal planteado noutro momento se plantea. Agora está votado.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): E existe a proposta de emendas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Co cal son, un, dous, tres, catro votos do Partido

Socialista. Perdón, seguimos coa votación. Pois abstéñanse, pero agora estamos votando. Por favor, o BNG, cales son os seus votos, a favor ou en contra? A favor? Abstención.

Ten que levantar a man cada un deles

A Sra. Secretaria toma a palabra: BNG, abstencións, os tres. Abstención, tres votos

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non, eu abstención, eu tamén.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale, non é que claro como aquí estamos fraccionados por partidos. Democracia Orensana

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Abstención

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstención, que son dous votos. Dous votos máis Marga, abstención. Vale, pero eu vou partido por partido. Estase votando fraccionado é máis fácil para facer a acta. Logo facemos o reconto. E Partido Popular?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós é fácil.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor? Unanimidade. Vale. Partido Popular, vota que si. Polo tanto, o reconto quedaría, a favor, catro votos, do PSOE máis os cinco do Partido Popular. Abstencións?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Xa sae

O Sr. González toma a palabra (PP): E Moncho que a propuxo, digo eu, non?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un momento. Efectivamente.

O Sr. González toma a palabra (PP): Cada votación, foi diferente. É impresionante.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, é impresionante.

O Sr. González toma a palabra (PP): Cada votación cambiouse o criterio.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver. A efectos da acta, vou facer o reconto. Votos a favor, catro do Partido Socialista, cinco do Partido Popular, nove, e unha do Grupo Mixto. Dez votos a favor. Abstencións? Tres do BNG, dous de Democracia Orensana e Marga do PSOE, seis, abstencións. Polo tanto, aceptada a moción.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Facemos un pequeno receso de cinco minutos, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Alcalde, soamente un momento antes de levantarse. Mire, recórdolle que o Partido Popular é o último en falar, e agora mesmo

non o cumpriu, vale?, con esta moción. Entonces, por favor, nesta moción, nós non falamos

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Terminou Victoria.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Terminou Victoria

O Sr. Alcalde toma a palabra: Porque é a do goberno. Claro, a moción é do señor de Compromiso por Barbadás

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero nós falamos despois dela na segunda.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Non, non.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Non, non, levamos así tres anos. Non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, falastes despois de Fina.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que non.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Despois de Fina e despois Victoria.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Falou Ramón, Fina, Chelo e Victoria.

O Sr. Alcalde toma a palabra É así a orde, señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero non somos os últimos en falar, nós?.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cerra ela que representa ao goberno. Cinco minutos de receso.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Claro pero é que falou ela por el. Non, non. pero é que descolocoume que falou ela por el. Claro. Descolocoume el.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa me botaban a culpa a min.

A Sra. Prieto toma a palabra (PP): Dille o da mentira, que nós non temos por que cargar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nós non estábamos na xunta de goberno das árbores. Non estábamos, pero ben, dá igual. Non estábamos.

O Sr. Fírvida toma a palabra: De que xunta de goberno?, non entendo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Das árbores, non estábamos nós.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza Doforno, José Rafael Sierra Carril e Adrián Varela Vázquez (PSdeG-PSOE), PP e Grupo Mixto e as abstencións de BNG,

Democracia Ourensana e Margarita Pérez Fernández (PSdeG-PSOE) o seguinte acordo: **"Moción do Grupo Mixto sobre actuacións varias nas Beirarrúas do Concello: 1- Instar ao grupo de goberno que acometa á reparación inmediata de todos aqueles puntos onde o enlousado das beirarrúas está levando e proceda á tala daquelas árbores que pola súa mala ubicación están a provocar danos no firme. 2- Revisar e valorar a tala se procede de grandes árbores (caso das palmeiras da avda. De Celanova), que polo especial crecemento das súas raíces poden estar provocando un dano que na superficie non vemos ou perigos de caídas en caso dun forte vendaval.**

11. **MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A LIMPEZA E OUTRAS ACTUACIÓN DO ENTORNO DO PENEDO DO TANGARAÑO.**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Seguimos. Estamos todos e todas? Si. Pasamos ao punto número once. Moción do Grupo Mixto para a limpeza e outras actuación do entorno do Penedo do Tangaraño. Ten o señor Ramón Padrón cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moitas grazas. Dende Compromiso por Barbadás queremos instar ao Grupo de Goberno a que realice as actuacións precisas para a limpeza do entorno do Tangaraño en Cova de Lobo. Recentemente, unha subcontrata, dunha empresa subministradora de luz, procedeu ao desbroce da liña de alta tensión que pasa mesmo debaixo da grande rocha. Lembremos aquí o abundante paso de xente que realiza rutas de sendeirismo por estes paraxes e a importancia que no seu día tivo o penedo ao que se lle atribúen poderes máxicos e curativos dende os primeiros habitantes destas terras. Pois ben, o anaco que limpou dita empresa quedou moi ben, sen embargo quedou máis remarcado se cabe a abundante vexetación que rodea a rocha que a chega a ocultar completamente. Polo tanto, e sendo conscientes da especial sensibilidade deste goberno por mellorar a oferta turística do noso concello, alertamos do abandono que sofre un dos monumentos naturais que posemos dentro dos nosos límites municipais e que noutros lugares de Galicia, terían un tratamento específico polo que representan como testemuñas do noso pasado primitivo. Consideramos que as actuacións que propomos están máis que xustificadas para poder

acceder con comodidade polos camiños que levan ata a rocha e tamén recuperar a perspectiva visual do penedo dende puntos afastados que tiña hai anos cando as nosas xeracións precedentes, mantiñan os montes limpos debido a unha economía baseada no sector primario e de subsistencia. Polo tanto, pedimos ao pleno a adopción dos seguintes acordos: Instar ao Grupo de Goberno a realizar as actuacións precisas para eliminar mediante desbroce ou tallas, á vexetación circundante ao Penedo do Tangaraño, para recuperar a visibilidade da rocha dende a lexanía, pois foi tal o crecemento das árbores e da maleza que a ocultaron completamente. O segundo punto, manter os camiños que levan ata a rocha nun mínimo estado de limpeza que posibilite o tránsito dos senderistas durante todo o ano. E o terceiro, colocar en todas as aldeas do concello, dende onde se poida emprender camiño que leve ata o lugar onde se sitúa o penedo, dun pequeno panel onde se informe do itinerario, así como unha pequena información da historia da rocha e do significado que tivo nos nosos ancestros. O tema, como saíu na comisión informativa, algo referente a como se levaría a cabo a limpeza, pois a limpeza, como se leva a cabo do camiño que levan ata a rocha, que tamén se encontran en propiedade privada, pero igualmente se acomete a limpeza deses camiños. Polo tanto, o que pedimos é que se acometa esa limpeza ao redor do penedo, igual que se está facendo nos camiños que levan á rocha, que teñen a mesma consideración que é onde está o penedo e non sei se poderíase inicial algúns trámites ou algo para rexistrar ese penedo como, para os nosos xeracións que veñan, vindeiras, nalgún tipo de rexistro de monumento natural, como existirán outros en Galicia. Aínda que estea en terreo privado, porque está claro que podemos dicir que está en terreo privado. Estamos desbrozando camiños que están en terreo privado e o que se pide é desbrozar o terreo onde está a rocha porque hoxe está oculto e non se ve. Entón que se faga a actuación igual que se está facendo nos camiños agora mesmo, pero que se inicie algún tipo de medida para que se posibilite que colocar a rocha nalgún rexistro, non sei, agora mesmo non dispoño da información, para saber en que rexistro se podería publicar. Porque creo que estamos todos de acordo que se ao propietario se lle ocorrese picar a rocha para grava, o pobo de, o concello de Barbadás porque é coñecido en toda a comarca de Ourense, faríase unha manifestación, ou dalgunha maneira impediríaselle que levara a

cabo iso. Non se lle quitaría a titularidade do terreo nin se lle expropiaría pero non se lle permitiría, xamais na vida, picar esa rocha polo significado que ten, que todos coñecemos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Agradezo novamente a súa brevidade, señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido, de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Di o señor Ramón, instar ao Grupo de Goberno a realizar as actuacións precisas para eliminar mediante os desbroces e tallas da vexetación. Vamos a ver, segundo teño entendido, falastes nas comisións informativas, isto é de ben privado. Está claro que o concello non pode actuar, a desbrozar, en bens privados porque agora é isto e mañá podería ser outra cousa. Si, estamos de acordo que se limpe. Eu o que penso, que a solución ideal sería que o Concello de Barbadás mandara cartas aos propietarios deses terreos para que os teñan limpos. Como se mandaron este verán, cartas a veciños para ter os terreos limpos, pois aquí habería que facer o mesmo porque está claro que o concello non o pode facer. Entón, a solución sería esa. Que o concello instara ao Grupo de Goberno á recepción a situación disto, pero mandándolle cartas e esixíndolle aos propietarios á limpeza do monte. E despois, xa á terceira, estamos de acordo con ela. A colocación en todas as aldeas do concello de paneis informativos e do que significa este monumento, como vostede chama ou rocha. Pois estamos de acordo, pero a forma non é que o concello desbroce o monte. A forma que nós entendemos que é a idónea e factible, é que o concello mande cartas aos propietarios para que o fagan. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): A nós comprácenos que mocións, precisamente, coma esta veñan aquí ao pleno. A verdade, é de agradecer, prestar atención a aquel patrimonio natural, non algo que fixeran os seres humanos, senón algo natural que temos aquí, que é certo que tampouco contamos con moito patrimonio natural e que o pouco que temos debemos protexelo. Isto ven a ser un tirón de orellas á concellería de turismo porque estamos a promocionar moito o turismo e un dos poucos

bens naturais, insisto que temos, estámolo sen protexer. Ben é certo tamén, que carece, ao mellor, dentro dos acordos, das vías que se lle poden dar para protexer este ben. Se ben nos puntos dous e tres, estamos totalmente de acordo, e para poder facer isto incluso existen diferentes axudas e subvencións doutras administracións que se poden recabar o que pasa é que hai que estar atentos no día a día, se queremos promocionar e fomentar o turismo, hai que estar atentos a todas esas liñas de axudas que se están a perder. En tres anos e medio perdéronse moitas e algún día se queren entramos polo miúdo, denótolle e determínolle, cales son esas convocatorias e liñas de achegas, de subvencións que foron perdendo. Hai moitas, señor Fírvida, xa sei que se sorprende do que estou dicindo pero sábeo perfectamente. O problema é o de actuar. Actuar no terreo e nos terreos circundantes. A proposta que facía a señora Fina Varelas dende Democracia Orensana, non a vemos tampouco factible. Por que? Porque nos ampara unha lexislación de prevención de incendios que se podería facer. Aquí, a única vía é, deu unha pincelada o señor Padrón, de que o que hai é que mover ás institucións e todas ás vías legais que temos á nosa man, para protexer este ben natural. Que as hai, que as hai, e para iso, entre técnicos e funcionarios municipais, téñense que poñer a elo, precisamente incluso dende a concellería de turismo, para buscar as vías que poidan protexer. Porque coma esas vías, probablemente, liñas de axudas incluso, os propietarios se animen a coidar esas paraxes. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas tamén a vostede polo seu cumprimento do tempo. Grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben. A moción, en principio, pode parecer, ou pode ter un sentido positivo, que se quere protexer un espazo, un contorno natural, que ademais é certo, é unha pedra telúrica, unha pedra mística, ten unha lenda ancestral. Utilizábase para sanar aos nenos que tiñan o tangaraño. Pero temos un problema. E este problema, claro, señor Manuel, é que este penedo, este monumento natural non está inventariado. É dicir, non está catalogado. Cando se fixo o plan xeral de ordenación municipal de Barbadás, no ano 2002, aprobado polo Partido Popular, non se incluíu como un espazo natural a protexer a pedra do Tangaraño. Esa era a ocasión que houbo para incluír isto na catalogación de bens protexidos, como sucede con outros bens que están protexidos

por Patrimonio ou como pode ser a árbore de Rairiz de Veiga, como poden ser carballos centenarios, que hai concellos que os teñen protexidos pero que están catalogados e están protexidos dentro do seu plan xeral de ordenación municipal. Eu consultei aos técnicos desta casa para mirar se esa pedra, se o Tangaraño, tiña algún tipo de protección e non tiña absolutamente ningún tipo de protección. Pero claro, a min non me estraña porque neste concello non se fixo nada, nunca, na historia, nunca, para protexer o patrimonio, nin material, nin inmaterial, nin arquitectónico, nin da historia, nin patrimonial, nin absolutamente nada. Temos a igrexa de Loiro, que é do ano 1110, que está absolutamente estragada, abandonada, ocultada. Non figura en ningún rexistro a nivel nacional, como unha igrexa románica, cun valor impresionante, que tiña que estar á altura, pouco menos, que a igrexa de Santa Comba de Bande. Xa sei que a outra é visigoda e a outra románica, pero podía estar a súa altura de protección, de valorización. Igual sucede con todos os núcleos rurais do noso concello. Entón, que veña agora o señor Manuel a darnos lecciónns de que é a concellería de turismo quen tiña que ter protexido esta pedra, pois non, tiña que telo feito o Partido Popular a través do plan xeral, si home si, do plan xeral de ordenación municipal,tiña que tela catalogada, e entón unha vez catalogada e inventariada, entón sería cando despois o concello podería actuar na súa defensa. E se podería evitar, por certo, o que di vostede, señor Padrón, que sexa destruída, por exemplo para facer grava. Hoxe en día, o propietario pode facer con esa pedra o que lle pete. É un penedo por moito que haxa lendas, e que haxa lendas ancestrais que diga que alí se curaban nenos. Esta concellería de turismo, empezou a elaborar un proxecto para realizar un roteiro que viña dende San Bieito da Cova do Lobo ata a parroquia das Lamas. Tiñamos o roteiro, practicamente debuxado. Tiñamos tamén os técnicos que nos ían a marcar cales eran o camiño que ía percorres, cales eran os elementos que había que poñer. Fomos a percorrelo con varios técnicos, con varios arquitectos. Vimos por onde habería que facer unhas pasarelas de madeira. Onde habería que limpar, onde habería que rozar, e onde poderíamos colocar paneis informativos sobre a lenda do Tangaraño, e incluso algún balcón mirando cara a cidade de Ourense, a modo de panorámica xeral da zona, desta zona, que dende aí por certo, dende a zona de San Bieito da Cova do Lobo ten unhas vistas privilexiadas do que é toda a cidade de

Ourense. Ben. Unha vez feito este estudo, vimos o concello, e para desenvolver isto necesitamos, como sucede sempre para poder facer un investimento público, que sexa propiedade do Concello de Barbadás. Porque non podemos, xa o saben vostedes, gastar diñeiro, non podemos investir diñeiro, non podemos facer obras, sobre terreos privados. Polo tanto, tivemos que desbotalo, porque o camiño atravesaba moitísimas fincas privadas. Moitas destas fincas privadas teríamos que falar cos seus propietarios para conseguir que nos desen a propiedade do camiño para poder pasar por elas. Moitas destas fincas son de propietarios descoñecidos. Fillos de, herdeiros de, co que sería moi complicado localizalos e tal. Eu desbotei a posibilidade de poder facer este roteiro porque considero que agora, sen estar catalogada a pedra, sen estar inventariada no plan xeral de ordenación municipal de Barbadás, os técnicos todos me dixeron que non podíamos facer ningún tipo de intervención, non podíamos poñer alí un miradoiro, non podemos poñer paneis explicativos, non podemos entrar a facer un camiño por alí, non podemos limpar. Polo tanto, dende turismo fixemos todo o que estaba nas nosas mans para intentar facer algo, para valorizar iso e foinos imposible, por que?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Pois porque o Partido Popular non o incluío na catalogacións dos bens a protexer do Concello de Barbadás

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O Sr. Fírvida toma a palabra: E me quedou sen dicir o das subvencións. Iso é o mellor, algún día explícocho.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón, está vostede no uso da palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vamos a ver, polo menos agora aparecen as cousas todas. Traemos unha moción, un desastre que non se incluíra isto no que é un monumento natural único en Galicia. Hai moitos aquí, pero o Tangaraño, aparte a súa posición, a súa historia. Isto ven dos primitivos, os primeiros moradores destas terras que tiñan eses lugares como máxicos. Despois foi derivando noutras historias, coma o tema das curacións que se facían alí. incluso, intentárano rachar e hai unha lenda que di que cando, que saltaban os punteiros, e lle saltou a un nun ollo, porque aquela zona é toda zona de canteiras, que rachaban as pedras que estaban por

riba da terra. Que saltoulle a un ollo a un obreiro e mancouse moito e non proseguiron co tema porque pensaban que había algún tipo de, iso é moi coñecido por alí. O propietario nunca na vida se vai atrever a facer iso de grava porque non, nin por asomo. Parte porque é de alí e sabe o significado que ten o penedo aínda que estea nas súas fincas. Eu, o que pedimos, nós si que non estamos de acordo en que se fagan actuacións a redor do penedo. Nin bancos, nin cousas desas, o penedo hai que conservalo tal cal está, o entorno, tal cal está, o sendeiro, como estaba. Tan cal como estaba e como foi sempre, dende os tempos de, ben, xa ten aquela liña de alta tensión que por non estar catalogado ese ben, pois pasou aquela liña por debaixo de alí. pero ben, non fagamos xa máis actuacións, o penedo ten que estar, simplemente o sendeiro limpo. E nós o que pedimos aquí, aparte de que se intente dalgunha maneira, corrixir iso que non se fixo no seu día como di vostede, intentar que se catalogue ese monumento. Hai que limpar a maleza que medrou ao redor porque non se ve o penedo. E a maleza que hai ao redor pódena limpar perfectamente, igual que limparon os camiños, ou se limparon sempre os camiños de por alí que pasan por fincas privadas e ninguén lle vai dicir nada, absolutamente nada. Entón, iso non é unha escusa para que procedamos á limpeza do penedo. E nada máis, que é o que se pide. O primeiro punto está claro. A actuación sería esa. Agora mesmo, a actuación sería esa. Proceder á limpeza ao redor do penedo, igual que se fai nos camiños que van ao penedo, que pasan por propiedades privadas. Se fomos limpar esas propiedades privadas, ninguén vai dicir nada, e porque se limpe ao redor do penedo, ninguén vai dicir absolutamente nada. O propietario non vai dicir nada. E logo, que se inicie a posibilidade de catalogar dunha vez por todas o penedo porque se vostedes saben, no roteiro dos Castros, que están os carteis do roteiro dos Castros por moitas zonas do noso concello, unha delas nas Lamas, por onde se sobe cara a Parada, incluso en Parada, xa indo cara a San Bieito, está a foto do penedo,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, señor Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nese gran panel de madeira que hai, está a foto do penedo. Polo tanto, a Xunta, que creo que foi a Xunta ou Medio Rural que ao tempo fixo o roteiro dos Castros e colocou eses paneis todos por aí,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, remate.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E incluíno con foto e todo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Remate. Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Aquí temos, ao meu entender, señor Ramón Padrón, temos un problema. E é que se a idea é boa, de que se limpe iso, o problema que ten o concello é que non ten facultade para limpar ou actuar en sitios particulares. Entón, unha cousa, dígame vostede como se pode facer porque se o concello non ten facultade para facelo e a idea non é mala. É que unha cousa contradí a outra. Non vexo solución. Porque se está dicindo, dixo Manuel, o compañeiro Manuel que as cartas que non ve viable mandarlle limpar aos propietarios cando eu penso que é o único coherente, que os propietarios limpen, porque a finca é deles. Non están obrigados, non están obrigados, non se preocupe, non están obrigados, pero o que está claro é que o concello non podemos actuar en fincas particulares. Iso é ao que quero ir eu, dígame vostede como Democracia Orensana pode votar isto a favor, cando se votamos a favor de algo que non pode facer o concello. É que non vexo eu. E catalogar isto? Pois mirar nun futuro si se pode catalogar. Claro que estamos de acordo si se cataloga isto, pero hoxe por hoxe, a realidade é que iso está en terreos particulares e o concello non pode actuar en terreos particulares. Nese caso e noutros casos que veñan aquí, obviamente. Grazas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, grazas, señor Alcalde. Imos ver. Si, dicía, na miña primeira intervención, que nos compracía, ao Grupo Popular, que iniciativas coma esta viñeran aquí a pleno. Pero por outra banda danos mágoa, danos mágoa que ante unha proposta deste tipo, o Grupo de goberno, non dea polo menos algún tipo de alternativa, en vista a solucionar este problema para todo o municipio. Simplemente, o que fan é votar a vista anos atrás, para non preocuparse e para non implicarse do que temos a día de hoxe. A min paréceme máis, que o que doe, é que todos estes anos atrás, estes grupos, tanto o PSOE coma o BNG, non puideron obter dos cidadáns uns votos maioritarios que os acrediten coma representantes municipais. O Bloque, pois dedícase

a parasitar. A parasitar nun grupo ao que lle están a picar as pulgas e que tan sequera as cata. Ese é o problema. Entón cando botamos a ollada única e exclusivamente para atrás é porque non temos iniciativas, porque non temos recursos, porque non temos implicación. E vergoña lle tiña que dar, eh!, estar encabezando unha concellería coma é a de turismo aquí en Barbadás, e os poucos recursos que temos… Fala de Loiro, están caendo as tellas, están os cables por diante, temos un reloxo colgado na fachada que non se adapta ao tipo de edificación, e vostedes que fixeron en tres anos e medio? Preocupáronse da igrexa de Loiro a máis de sacarlle unha foto shop, sen cableados? Foi do único que se preocuparon. Vender fume, fume, fume. Gastar os cartos dos cidadáns, como a campaña de empadroamento. Canta xente se empadroou dende que se iniciou esa campaña a maiores? Un día imos preguntar. Vamos pedir os informes. E así sucesivamente. O turismo. E agora temos un patrimonio natural, o único que temos, o dicía o señor Padrón, e que están a facer vostedes por elo? Sacar unha foto e poñelo na prensa? Única e exclusivamente. E non preocuparse nin dos roteiros nin de como están, nada, nada. Parasitar, insisto, parasitan, única e exclusivamente. Cólganse dun can que pasou por alí e este can tira millas para adiante e nin sequera se quita as pulgas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Manuel. Ten a palabra, vai ser unha quenda compartida entre o señor Tenente Alcalde e a señora Victoria Morenza.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Eu, non vou a entrar no nivel de crispación que pretende instalar o Partido Popular neste concello. Eu creo que a educación que me deron os meus pais e os colexios públicos aos que fun, permítenme facer intervencións sen descalificar a ninguén nin faltar a ninguén como están facendo vostedes todo este tempo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Manuel, por favor.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Coma todo e todo baseado en mentiras, e mentiras, en palabras grosas, en cousas de turismo. Mire, dá igual. Moi rápido, primeiro, Tangaraño. Xa está promocionado e difundido na páxina web do turismo de Barbadás. Hai unha páxina web, turismodebarbadas.com, onde está colgada a lenda do Tangaraño, onde hai fotografías, onde se sinaliza. En fin, está aí promocionado. Esa zona, onde está o Penedo do Tangaraño, está, non está no perímetro que rodea os núcleos rurais, que son

as zonas nas que pode intervir o Concello de Barbadás. Está fóra dos 50 metros de protección de perímetro rural, que foron aquelas persoas que lles comunicamos por carta que tiñan que limpar as súas propiedades. Nós, non podemos comunicarllo porque é competencia da Xunta de Galicia. O monte, é competencia da Xunta de Galicia. Non é competencia municipal. Eu síntoo moito, ter que dicir isto no pleno pero esa é a realidade. E as liñas de axudas das que fala o señor portavoz do Partido Popular, linas cada unha das liñas de axudas que saen para actividades turísticas, as leo todas. Saben como son, as que saca a Xunta de Galicia? Lles prestan uns diñeiros aos concellos, para facer unha obra ou unha inversión en turismo, sen intereses, pero que temos que devolver. Temos que devolver o diñeiro. É dicir, non son a fondo perdido. Non son subvencións a fondo perdido. Son, axudas que se piden, préstanche o diñeiro e ti tes que devolvelo. Pois para pedir un diñeiro que temos que devolver, consideramos que non o queremos pedir, que xa facemos nós inversión directamente. E cando fomos a falar coa delegada provincial, fixémoslle mención de todos estes proxectos, pero claro, fixo oídos xordos. Esa é a realidade.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Prosigue Victoria, coa súa intervención.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Moitas grazas. Quería antes de nada facer unha emenda á moción de Compromiso por Barbadás na que se inclúa o punto de que se fagan xestións cos propietarios para que se fagan limpeza das fincas. E despois falar do tema que o meu compañeiro Fírvida, debéuselle esquecer comentar, o tema do soterramento do cableado da igrexa de San Martiño de Loiro, evidentemente, este goberno fixo os deberes e xa hai unha estimación de custes que nos enviou Fenosa, porque é unha obra que ten que facer Fenosa. Vostedes non sei se o fixeron algunha vez, si se dirixiron a Fenosa, se levaron o traballo de preguntarlle canto custaba o soterramento e quen facía o soterramento. Pois ben, o soterramento custa 21.000 euros, creo lembrar, e teno que pagar o Concello de Barbadás. Entón si, estamos traballando para protexer os bens inventariados. E despois sobre o tema da limpeza do entorno do Penedo do Tangaraño, non a limpeza do entorno en si do penedo, senón dos accesos, xa se fixeron en 2016, e como xa dixen nas comisións informativas, desbroces selectivos para poder acceder porque estaba practicamente intransitable, fixéronse uns desbroces

selectivos nalgúns lugares porque así nolo pedían os fieis da relixión católica

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que ir rematando

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): pedíronnolo sendeiristas, e pedíronnolo tamén ciclistas que utilizaban tamén un camiño público que baixa, non sei se o coñecen, dende o San Bieito de Cova de Lobo

O Sr. Alcalde toma a palabra Ten que rematar

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Ata as Airas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, leva tres minutos trinta e seis segundos. Tres minutos trinta e seis segundos. Igual que en moitas ocasións o Partido Popular, ou Democracia Orensana ou Compromiso por Barbadás. Trinta e seis segundos. Aí os teñen. Voulles ter que poñer un reloxo a cada un de vostedes, probablemente, para que se fíen da veracidade do contador en cuestión. Señor Ramón, ten un minuto para rematar a súa moción.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Quero dicir grazas por acoller positivamente a moción. O que pedimos é que nos quede clara a postura de Compromiso por Barbadás. Non queremos actuacións no penedo salvo que quede como está. Simplemente a limpeza, para que se manteña o seu estado primitivo. Queremos que se faga porque senón vai a quedar a cousa sen facer porque a vexetación segue medrando e a vexetación vai cubrir o penedo, xa non se ve. Queremos que se faga o que se fixo como recoñeceu a señora Morenza no 2016, fíxose limpezas selectivas en fincas privadas e non pasou nada porque ninguén vai dicir nada. Queremos que se acometa, queremos que se acometa xa a mesma actuación que se fixo no 2016 nesas fincas e logo despois, esa é a nosa pretensión pero vámoslle aceptar igual a emenda, porque queremos que saia aprobada a moción, a nosa pretensión é que se faga xa esa limpeza como se fixo neses camiños, selectivos, tamén privados e non pasou nada, e que logo se faga a xestión cos propietarios para explicarlles que se vai a limpar iso, pois vaise a manter limpo e facer a xestión. E logo aparte xa a xestión que levará máis tempo de intentar catalogar dunha vez por todas ese monumento que temos aí e nada máis, ah! Quería dicir que non se pode obrigar aos propietarios a limpar iso porque aí non existen casas, non, non, é que non existen casas nin existe nada e están fóra do límite dos 50

metros do núcleo urbano, entón o propietario non ten porque limpar iso para nada. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón, acepta polo tanto, polo que entendín acepta a emenda que se propuxo, que se fixeran dende o goberno municipal xestións cos propietarios ou propietarias para que se limparan esas fincas que están no entorno do Penedo do Tangaraño. Vostede acepta esa emenda? Si. A emenda cinguíase a, non, era una emenda porque senón é contraditorio señor Ramón. Non, non, era una emenda.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pode ser emenda de substitución ou

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non se mencionou se era de substitución ou de engádega.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): En substitución de que?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Aquí fala, "instar ao Grupo de Goberno a realizar as actuacións precisas para eliminar mediante desbroce e tallas da vexetación circundante ao Penedo do Tangaraño, para recuperar a visibilidade da rocha dende a lonxanía": ese é o primeiro punto, "manter os camiños que levan á rocha nun mínimo estado de limpeza que posibilite o tránsito dos sendeiristas, durante todo o ano". No primeiro punto, no primeiro punto, substituír, instar ao Grupo de Goberno a realizar as actuacións precisas, ademais a emenda paseilla eu, señor Ramón, paseilla eu en papel

A Sra. Secretaria toma a palabra: Entón como quedaría a emenda

O Sr. Alcalde toma a palabra: Substituír o primeiro punto por "que o Grupo de Goberno realice as", como pon Victoria?. Le por favor. Déixama a min que é a miña letra.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): que se fagan as xestións cos propietarios para proceder á limpeza das

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón porque non se fixeron esas xestións no 2016?, cando se limparon

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): porque se limparon sendeiros, señor Ramón. Non terxiverse as miñas palabras porque eu dixen sendeiros. Senón consta en acta quero que conste.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero ese sendeiro que se limpou

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Quero que conste en acta que eu dixen que se limparon sendeiros de acceso e un camiño público que vai dende o camiño que vai dende o San Benito ás Airas. Dixen sendeiros, non dixen en ningún momento fincas privadas.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero eu quero tamén que quede en acta que eses sendeiros dos que vostede fala, son, pasan por fincas privadas. Non é un sendeiro, limparon algúns que son públicos pero o outro sendeiro que sobe ata a igrexa, non hai ese tal sendeiro público. Son fincas privadas.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non é un sendeiro, é

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Decátese vostede, dende o penedo cara a igrexa, son fincas privadas. O que pasa é que a xente pasaba por aí e segue pasando, e ninguén di nada porque é monte.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai un dereito consuetudinario, posiblemente, aí señor Ramón

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Limparon o camiño de abaixo, si, o público e outro camiño que hai arriba, un trozo público, pero hai un grande traxecto do camiño que son fincas privadas. Entón, por iso digo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos á emenda señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Se eu acepto esa emenda agora, o penedo vai quedar así, van pasar dez anos e segue así.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, a emenda acéptase ou non se acepta. Lee de novo Victoria e que nos diga se acepta a emenda ou non.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Xestións cos propietarios para proceder á limpeza das fincas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, das fincas non, non puxen iso, non. A miña emenda non puxen iso. Creo eu. Ah! Si, pon o das fincas. Si. Fantásticas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que paciencia, eh!

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai que ter paciencia, as veces si. Xestións, que se fagan xestións, que se fagan xestións cos propietarios para proceder á limpeza das fincas

circundantes ao Penedo do Tangaraño. Xestións.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Pero que non o faga o concello, que o fagan os propietarios.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Claro, falar con eles.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Os propietarios non van limpar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, acepta a emenda ou non?. Ramón, acepta a emenda ou non?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vale, acéptolle a emenda se lle poñen un prazo para facer esas xestións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Remate, díganos si ou non.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Voulle aceptar a emenda para aprobar a moción, porque interesa máis iso ca tontería que traen vostedes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois veña. A emenda di que se fagan xestións dende o concello cos propietarios ou propietarias para que procedan á limpeza das fincas. Vale? Aceptada así. Votos a favor da moción? Unanimidade.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **"Moción do Grupo Mixto para a limpeza e outras actuacións no entorno do penedo do Tangaraño: 1- Instar ao grupo de goberno a realizar as actuacións precisas para eliminar, mediante desbroce e talas a vexetación circundante ó Penedo do Tangaraño, para recuperar a visibilidade da rocha dende alonxanía (hoxe foi tal o crecemento das árbores e da maleza que a ocultaron completamente). 2- Manter os camiños que levan ata a rocha nun mínimo estado de limpeza que posbilite o tránsito dos sendeiristas durante todo o ano. 3- Colocar en tódalas aldeas do Concello, dende onde se poida emprender camiño que leve ata o lugar onde se sitúa o Penedo, dun pequeno panel onde se informe do itinerario así como unha pequena información da historia da rocha e do significado que tivo nos nosos ancestros. 4- Que se fagan xestións dende o concello cos propietarios ou propietarias para que procedan á limpeza das fincas"**

12- DACIÓN DE CONTAS E RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é resolucións da Alcaldía. As resolucións da alcaldía constan na documentación que se lles aporta.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

13- DACIÓN DE CONTA DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DA CAFETERÍA DO SECTOR-J

O sr. Alcalde toma a palabra: Dación de conta da ampliación do prazo da cafetería do sector-J. Silvia, pódenos explicar o tema a ampliación, sabes ti mellor o tema

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón?

O Sr. Alcalde toma a palabra: A Ampliación do prazo da cafetería do sector-J. O sector-J, senón lembro mal é a Solaina.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Si, si, é a cafetería da Solaina.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente.

O Sr. Fírvida toma a palabra: A cafetería da Solaina remata o día 4 de decembro deste ano o seu contrato, a súa primeira parte do contrato, que era de 10 anos, aínda que no contrato figura que se pode ampliar ata un máximo de 25 anos. Entón, a propietaria da cafetería nos require que ampliemos a concesión desa exploración polo tempo máximo que figura, que lle deamos prórrogas ata o tempo máximo que figura no contrato.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón? Ningunha cuestión. Democracia Orensana? Partido Popular?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, perdón, non consta na acta que se dá conta das resolucións, non?. Non é isto? Dación, ah!, dación de contas. Perdón, é que te entendera eu mal. Vale, non, sega, sega. É unha dación de conta da ampliación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero está o Partido Popular na súa quenda de palabra. Non sei se ten algunha consideración.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, ningunha. O único que nos teñan informados. Ou sexa, a ver, realmente

O Sra. Secretaria toma a palabra: O prego recolleu a posibilidade de ampliar a concesión, previo acordo entre as partes. Manifestou o adxudicatario actual, o concesionario, a súa intención de continuar, ao cal o concello, en principio non presentou ningún obstáculo e se dá conta ao pleno porque é o órgano de contratación ao que corresponde a adxudicación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben. Queda explicado cal é a situación. Entón non sei, porque o outro día quedounos a dúbida se isto tiña que vir outra vez a pleno unha vez que se decidira cal era o que facía.

O Sra. Secretaria toma a palabra: Non, é que vamos a ver, o pleno é o que está decidindo neste momento.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero no momento, estamos falando en que ten que haber unha negociación entre concello e concesionario.

O Sra. Secretaria toma a palabra: Pero, a ver,

O Sr. Alcalde toma a palabra: despois ten que volver, unha vez que...

O Sra. Secretaria toma a palabra: Un momentiño, o dereito do concesionario é nas mesmas condicións que ten realmente porque si se negocia xa é unha modificación, unha novación contractual. Claro. Entón, a cuestión é, a día de hoxe, nas mesmas condicións nas que está, el manifesta a súa intención de continuar. Polo tanto, o pleno, que é o órgano de contratación, manifesta, se quere ou non quere que continúe. Ese é o tema.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón, temos que votalo? Polo tanto votos a favor?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Cantos anos son?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Son vinte e cinco, creo recordar.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Quedan cinco, creo.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Non, quince.

O Sr. Alcalde toma a palabra: eran dez. Quince.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Espera un momento que o miramos

O Sr. Fírvida toma a palabra: Dez máis quince, Silvia.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero dez xa deberon pasar porque eu levo

O Sr. Fírvida toma a palabra: Si, dez acaban o 4 de decembro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fora unha nova concesión, daquelas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu creo que pasaron quince. Ata cumprir os vinte e cinco anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cantos levan agora?

A Sra. Secretaria toma a palabra Claro, entón dáse conta ao pleno de que o concesionario exerceu o dereito que lle confire a cláusula tres do prego de condicións, manifestando a súa intención de esgotar a totalidade da prórroga ata cumprir os vinte e cinco anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E canto levan agora, dez ou quince?.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Dende o inicio da concesión, esta xente leva menos pero dende o inicio da concesión dez.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Isto foi no 2003 cando se publicou e imaxino que cando se adxudicou.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quince anos levan, polo tanto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu creo que levan quince anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu penso que tamén que si.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Non Silvia. Eu

O Sr. Alcalde toma a palabra: Primeiro colleuno outra empresa.

O Sr. Fírvida toma a palabra: A explotación da cafetería non, acórdaste, que o temos mirado. A explotación da cafetería empezou o 4 de decembro do 2008.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pode ser. De feito a explotación colleuna primeiro unha empresa e logo

A Sra. Secretaria toma a palabra: Como que do 2008?

O Sr. Fírvida toma a palabra: É unha prórroga. Estaba alí. Estaban os contratos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero como do 2008 se o procedemento de adxudicación saíu no 2003

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah!, entón son quince máis dez.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro, como vai ser cinco anos tardar en adxudicar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quince anos. que eu levo vivindo aí dezaseis e fun á inauguración.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Si, Silvia, si.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quedan dez anos. Sería prorrogable dez anos máis.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Pasaron quince e faltan dez.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro, dez anos máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón unha dación de contas non fai falta.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, un momentiño, dáse conta de que o interesado manifestou a súa intención e agora o órgano de contratación para responderlle a el que é o pleno, o órgano de contratación, ten que responder se si ou se non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón,

A Sra. Secretaria toma a palabra: Porque ten que ser por acordo entre as partes. Aquí hai dúas partes, unha é o concesionario e outra é o concello. Quen é o órgano de contratación no concello? O pleno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Neste caso o pleno.

A Sra. Vispo toma a palabra(PP): É unha prórroga Silvia, é que non hai ningunha modificación.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero vamos a ver, volvo repetir, non hai ningunha modificación.

A Sra. Vispo toma a palabra(PP): Non imos poñer ningún problema pero non hai ningunha modificación.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A ver, pero como di por acordo entre as partes, non é por decisión unilateral do concesionario, se fóra por decisión unilateral do concesionario, simplemente dábase conta de que o concesionario quere seguir pero ten que ser por acordo entre as partes e unha das partes é este pleno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu entendo o que quere dicir Silvia, creo, se me equivoco, se erro que me rectifique. Vamos a ver. Pode haber unha negociación para deixar as condicións tal como están e prorrogalo automaticamente ata os vinte e cinco anos pero tamén pode haber unha negociación.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non hai negociación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón non hai negociación posible?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, o que trato de explicar é que se dixera, por vontade unilateral do concesionario poderá prorrogarse a concesión ata os vinte e cinco, ata o prazo máximo que é vinte e cinco anos, nese caso simplemente traeríamos ao pleno e diríamos, o concesionario optou por tal, pero se di por acordo entre as partes, que eu creo que di por acordo entre as partes, que xa o estou dubidando, pero se di por acordo entre as partes, unha das partes é o pleno.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Hai que acordar si se lle concede a prórroga ou non.

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra Claro, porque o órgano, Silvia, porque o órgano

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Está especificando ela

O Sr. Fírvida toma a palabra: Silvia, porque o órgano de contratación foi o pleno

A Sra. Secretaria toma a palabra: A ver, di a cláusula, "a concesión terá unha duración máxima de quince anos contados dende a data de sinatura do contrato, prorrogables ata un máximo de vinte e cinco anos por anualidades ou por outros prazos sempre que o acorden os licitadores e o concello". Entón o concello, neste caso ao superar os catro anos, calquera contrato que supere os catro anos, é competencia do pleno, que o concello é o pleno o que ten que decidir. Se este señor que xa manifestou a súa intención de continuar ata o prazo máximo, se lle di que si ou que non e por canto. É o órgano de contratación o que ten que dicilo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón, polo tanto, votos a favor

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un momento, primeiro, polo prazo, quedan dez anos. Queredes pola totalidade, pola metade da totalidade?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu digo polos dez anos, a miña proposta, ou túa.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non é unha dación de contas. O enunciado está mal porque eu tomei unha nota no expediente que poñía dación de contas de....

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non sei, dirá ela.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non é unha dación de contas. É un punto máis da orde do día, si.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pregunta se hai que ter un informe, Fina. Partido Popular pregunta se ten que haber un informe sobre o asunto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A ver, eu, propoñemos algo. Propoñemos algo

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu voto fiándome do ...

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Claro, é que nós, espera, espera un momento.

O Sr. González toma a palabra (PP): Isto é unha chapuza máis, traer isto ao pleno sen consultar. Como se fan as cousas sempre. Na comisión, díxonos claramente, que isto era unha dación de contas. Se non é unha dación de contas tería que estar

O Sr. Alcalde toma a palabra: Explique, que explique a señora Secretaria que di que está clara

O Sr. González toma a palabra (PP): Cantos anos, canto importe, como e cando.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A ver, un momento

O Sr. González toma a palabra (PP): Senón é votar ao tuntún. Eu ao tuntún, non voto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Á hora de facer a orde do día, á hora de facer a orde do día, por quen o fixo, produciuse un erro porque había unha nota miña manuscrita que poñía dar conta ao pleno, non sei, que non sei cando, entón titulouse dación de conta. Non é unha dación de conta é un erro na denominación. É un erro na denominación. En calquera caso eu creo que a explicación, agora, aclarou que ademais de dar conta que o concesionario ten o seu interese en continuar, explico que é o pleno quen ten que decidir si se continúa ou non e por canto tempo. Non existe ningún tipo de criterio, ao menos que eu coñeza, ou que dependa de min, que incida na duración de ese contrato. As condicións van a ser exactamente as mesmas e o prazo de duración é, ou os dez anos ou un prazo menor porque o prego pon por anos ou por outro tipo de, o que acabo de dicir. Por anos, por anualidades ou por outros prazos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A Sra. Secretaria, conste unha cousa, tamén se é erro que me rectifique ela, a Secretaria, neste caso dona Silvia Alonso, pode informar tamén verbalmente

A Sra. Secretaria toma a palabra: Neste caso e en todos, teño a praza en propiedade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente. Pode informar verbalmente ao pleno. Acaba de facelo. Acaba de facelo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por suposto. Este informe consta en acta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Acaba de facelo, polo tanto, o asunto, este informe consta en acta, polo tanto quedan vostedes informados de cal é a situación deste convenio por chamarlle dalgún xeito.

O Sr. González toma a palabra (PP): É unha chapuza máis. É unha chapuza máis das que fan habitualmente. O outro día na comisión, díxosenos claramente, recórdoo, que era unha dación de contas. Unha dación de contas asumen o que queren asumir. Se é unha decisión de pleno tense que traer informado. Eu quero saber o que teño que votar. E eu non comparto esa votación

A Sra. Secretaria toma a palabra: Sempre. A ver, vou explicar unha cousa respecto aos informes que teñen que vir a pleno. Hai determinados tipos de informes que son preceptivos levalos a pleno, que son para aqueles acordos que requiren a maioría absoluta do pleno da corporación, que é a metade máis un do número legal de membros. Entón, neste suposto, non, como a concesión xa foi adxudicada, non require esa maioría absoluta, polo tanto non sería preceptivo. Agora, xa é decisión dos corporativos e do Alcalde deixalo enriba da mesa, traelo noutro momento, é dicir, iso xa é unha decisión de carácter político. Agora tecnicamente o expediente está concluso para adopción de acordo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto, dado o informe verbal da señora Secretaria no que indica que o informe está concluso para o acordo decido que este asunto sega o seu curso e trámite. Polo tanto se somete a votación.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Si, vótase, vótase a prórroga.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Canto tempo?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro, é que vamos a ver isto é unha cuestión, meramente, non, non, a ver, a cuestión do tempo non vai ser informada nin por Secretaría nin por Intervención. É unha decisión que o prego deixa excesivamente aberta, na miña opinión, pero excesivamente aberta. Se existe unha satisfacción

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Iso require unha proposta.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Claro, unha proposta ao pleno. Espera Silvia, vamos a ver, a miña idea é a seguinte, ao mellor estou equivocada. Corríxeme se… A

ver, eu o que faría se son o dono da cafetería sería, traer unha proposta ao pleno do Concello de Barbadás.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero a proposta

O Sr. Alcalde toma a palabra: É nas mesmas condicións.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Continuar, non?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está no prego. Está no prego.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero por cantos anos?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu creo que a proposta que trouxo el, que dixo?

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ata o final da prórroga. Por dez anos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Herminia González, di, que "manifesto a intención de seguir con dito contrato ata a finalización da totalidade das prórrogas". Ata os …isto é o que se pasou

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten cumpridos quince. Dez anos máis.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Solicita ata a totalidade. Agora, igual eu estou introducindo un elemento distorsionador dicindo que non ten porque collerse a totalidade, pero pide a totalidade. Dez anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente. Entón, as condicións cales son dado que se trata dunha prórroga? As mesmas que ata o momento.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Sempre, sempre as mesmas.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Cales son esas condicións?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Tiñan a documentación para, na comisión tamén.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Digo eu, se ten que vir a pleno, eu non sei nada. A min se me dicides, hai que votar

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, non hai que votalo ou non hai que votalo. Isto é unha concesión do ano 2003, na cal, como toda concesión se regula o funcionamento

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Se isto, legalmente se necesita que veña ao pleno terei que saber onde vou a levantar a man. Porque senón isto é un acto de fe.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero vamos a ver, que podedes pedir sempre a información que queirades que estamos á vosa disposición. Eu sinto non haber podido estar

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pero isto como se falou que simplemente ía ser unha dación de tal, agora xa se di que ten que vir na orde do día do pleno coma un punto máis, claro, que votar? Entende?

O Sr. González toma a palabra (DO): Agora, cambiou as condicións do que faláramos

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu lamento non haber podido estar na comisión informativa.

O Sr. González toma a palabra (PP): Traen todo sen preparar, Ramón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Deixámolo para o próximo pleno.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver, entón podemos facer outra cousa. Vou facer unha proposta eu co permiso do señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A proposta sería, a corporación queda enterada desta petición e no pleno seguinte decide cantos anos quere darse. Se non quere darse.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estamos todos de acordo?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E se queremos pedir información, pedímola.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Toda a que queirades, de feito está o prego aquí.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quedamos nese asunto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Silvia, a miña pregunta é

O Sr. Alcalde toma a palabra: En papel.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): En papel cando se convoque o pleno, refírome?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, pero é que realmente como xa di, como saltou a solicitude, pero as condicións do contrato é o prego. Nós podemos enviarvos o prego, que é o único que hai.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón votar, cando veña a orde do día, virá o prego.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Que conste que eu pensei que o prego se enviara. Eu pensei que se enviara.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Digo eu que cando, se agora se poña na orde do día do seguinte pleno, enviarase o prego, non?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, está dicindo Silvia que si.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, sen ningún problema. Vale.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Soamente unha pregunta. Non conleva nada, ou sexa, a ver, que sega todo igual un pleno máis, non?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non pasa nada.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ollo, o Partido Popular non quere prexudicar a ningún, vale.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non pasa nada porque existe un principio xeral. No funcionamento dos servizos públicos prodúcese a prórroga automática para evitar que queden baleiros se chegado o vencemento do contrato non se resolveu. Por exemplo, caso dos autobuses urbanos de Ourense no seu momento. Non se pode quedar un servizo público sen funcionamento polo tanto prodúcese unha prórroga automática ata que non salga o novo contrato. Polo tanto non, non se produce ningún problema.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quedamos así.

A Sra. Vispo toma a palabra: Pois temos todos a información e quédanos máis claro. E para todo

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale, moi ben, entón, a corporación, o acordo a corporación queda enterada. Pois é a documentación toda, claro, é que eu dixen hai que darlles o prego e a solicitude. O prego e a solicitude. Pois, ímosvos dar o mesmo, a próxima vez.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a votalo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu, a proposta

A Sra. González toma a palabra (BNG): É que aquí, hai máis xente ca min que non ten o prego.

A Sra. Secretaria toma a palabra: E por que non o teñen?

A Sra. González toma a palabra (BNG): Non ten acceso ao expediente e entón pois efectivamente estamos nunha situación un pouco ... como fai dous segundos ...

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Eu descargueina da plataforma, estaba colgada na plataforma.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Se estaba colgada na plataforma temos todos acceso.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Si, pero o sábado non estaba. Cando se colgou?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dánolos a todos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Danos a todos. A ver. Veña, decidimos algo? Queremos proseguir

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Todo empezou porque simplemente era unha dación de contas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Aínda queda o punto da orde do día, eh?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por favor, unha aclaración, a plataforma non é que sexa a oitava marabilla do mundo pero cando se incorpora un expediente, incorpórase tal cal está con toda a documentación, é dicir, non é que se poida, no momento en que se inclúe na orde do día dunha sesión, sexa a de xunta de goberno, sexa a do pleno, automaticamente queda bloqueada esa xunta de goberno. polo tanto, ou ese pleno, a posteriori non se poden incluír documentos. Polo tanto, se o documento está para uns, está para todos. Outra cousa é que tiverades problemas de conexión e non o virades.

O Sr. González toma a palabra (PP): Se a documentación existe a que temos, hai que votar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nada, votamos xa porque é a que temos. Votamos. A ver, Silvia

O Sr. Alcalde toma a palabra: Silvia, proseguimos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un pequeno matiz.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A ver, se a documentación que temos e esa

A Sra. Secretaria toma a palabra: ... os documentos, do principio ao final. Non se poden despistar

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver, son as doce menos cuarto. Dadas as explicacións

da señora Secretaria, queda bastante claro, ou bastante claro que a documentación está aí.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ay!, por favor, Rafa que se equivocaron ao denominar o punto da orde do día pero é que estou dando, é que pode equivocarse todo o mundo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está dando as explicacións. A ver, veña.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Alcalde, só unha cousa, o Partido Popular, nós podemos votar se queremos xa, porque se non se nos vai dar máis información da que temos, lémola e é correcta, a única dúbida que tiñamos eran os anos. Aparte se non hai modificacións nin hai nada, é todo a seguir en cuestión.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ademais despois das aclaracións que fixo…Dez.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dez anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A petición que fixo a interesada, que é Herminia.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dez anos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Despois das aclaracións verbais que fixo a señora Secretaria e a documentación que está na plataforma que temos todos no noso poder e que queda evidenciado que non se vai incorporar ningunha documentación máis, someto a votación esta ampliación, ou esta prórroga.

A Sra. Secretaria toma a palabra: E un matiz.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Eu auséntome, baixo a miña responsabilidade e porque foi culpa miña, non a ver.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non fai falta que te ausentes, podes absterte.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Pero eu tampouco a vin.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero non fai falta que os vaiades, se o que queredes, con absterse xa chega.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Madre mía. Votación. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, é unha abstención. Se saes do salón de plenos, que o di o ROF, non, que non é así, Ánxela.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, un momento, que teño que facer o reconto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor? Partido Popular, que son cinco votos, máis Democracia Orensana, que son dous votos, máis Grupo Mixto, que é un voto, máis do Partido Socialista, votan un, dous, tres

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non, eu pensei que estabas con abstención.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Estou con votos a favor. Do Partido Socialista, son dous votos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tres a favor.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Non, do Partido Socialista, tres. Silvia.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tres a favor.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un, dous e tres, tres o Alcalde. E do BNG, vota a favor, dous votos. Polo tanto, cinco e dous, sete. E tres.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está explicado. Está explicado. Está explicado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Solicitude de comparecencia, expediente 5036.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un momentiño, soamente os votos a favor. Alcalde, só dixemos os votos a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dá igual Ánxela, que te absteñas, cando un membro da corporación se levanta en medio da sesión e se ausenta durante, e non regresou no momento da votación, enténdese como abstención. O di o ROF. Entón, dá igual, que te vaias a onde queiras.

A sra. Ánxela González Cid (BNG) auséntase do Salón de Plenos

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de Xosé Carlos Valcárcel Doval, José Rafael Sierra Carril e Adrián Varela Vázquez (PSdeG-PSOE), Xosé Manoel Fírvida Plaza e Serafín Núñez Pérez (BNG), PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e as abstencións de Victoria Morenza Doforno e Margarita Pérez Fernández (PSdeG-PSOE), e Ánxela González Cid (BNG), o seguinte acordo: **“ Concederlle a prórroga por un prazo máximo de dez anos á entidade mercantil Cafetería Lauandre, SL, para a explotación da cafetería na zoa “cesión local sector-J”**

14. SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Solicitude de comparecencia, 5036

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero é que se interpreta como abstención.

A Sra. González toma a palabra (BNG): ... que non estaba.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Xa o puxen. Ánxela auséntase, pero é unha abstención. E a todos os efectos legais é unha abstención.

A sra. González toma a palabra: Pero consta en acta que eu non estaba.

O Sr. Alcalde toma a palabra:Si, xa está, xa o dixo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Se vas ao xulgado é unha abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa o dixo a señora Silvia.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por favor, quen se abstén ademais de Ánxela?.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale. Tres.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Punto 14. Solicitude de comparecencia, expediente 5036

A Sra. Secretaria toma a palabra: Primeiro, votación da inclusión na orde do día, dese punto. Porque vai haber que votala. Votación sobre a urxencia da inclusión do punto na orde do día. Non, non, inclúese de maneira urxente porque non se estableceu na orde do día, entonces, inclúese agora por urxencia e a urxencia vótase. Inclusión na orde do día do punto. Votos a favor? A ver, Partido Popular, que son cinco votos, máis, Grupo Mixto

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): : Non, non, eu non voto

A Sra. Secretaria toma a palabra: A inclusión, que se trate o tema. Vale. Partido Popular, cinco. Abstencións? Democracia Orensana, abstense. Votos en contra? Partido Socialista, máis, BNG, máis Democracia, perdón, Grupo Mixto, votan en contra. polo tanto, non se inclúe na orde do día o cal non implica que non haxa que votala na orde do día seguinte.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente. Neste caso queda rexeitado.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A inclusión na orde do día.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Na inclusión da orde do día deste pleno. Deste pleno.

Sen máis sométese a votación resultando rexeitado cos votos a favor de PP as abstencións de Democracia Ourensana e as abstencións de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto o seguinte acordo: **"Inclusión na orde do día do acordo Comparecencia dun Concelleiro "**

15- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas. Señor Ramón?. Non ten?. Democracia Orensana, tampouco. Partido Popular?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, un par de cuestións. A primeira, sería para a área de servizos sociais. Vamos facer a solicitude desa información por escrito. Temos coñecemento dunha baixa no servizo de axuda no fogar, no SAF, dunha traballadora por accidente laboral. Entón vamos pedir a información de que se tratou ese accidente laboral, en que domicilio se produciu e ademais se había información, ben por parte da traballadora, ben por parte dos técnicos de servizos sociais, sobre posibles riscos que puideran supoñer esa atención nese domicilio. Esa é primeira pregunta, o primeiro rogo. E despois, queremos preguntar aos servizos de administración, como se está levando a cabo o control de presenza de traballadores e traballadoras neste concello. Nada máis.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vou rápido. Como xa dixemos na comisión informativa, pretendemos que cando nos traian un expediente, que nos diga a que corresponde, porque hai reparos da señora Interventora que xa dixemos constar na comisión informativa que non sabemos a que se refire. Entón, vamos a pedilos por escrito, os reparos que veñen nestes decretos que nos deron na última tanda deste pleno e que realmente non, díxonos o señor Fírvida que era por uns pasos de cebra ou algo así, pero que non está exactamente.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Pola redacción de dous proxectos de once pasos de peóns elevados e unha mellora na Avenida de Celanova. A redacción dos proxectos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Claro, pero necesitamos a copia do reparo que fixo ela porque non sabemos cal foi o motivo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero poden pedir a documentación coma a pedíamos

nós no seu momento. Presentábamos un escrito e facilitábase a documentación.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): O problema dixeron nolo o outro día, que pedimos, pedimos, pedimos se nolo achegan saberemos perfectamente de que vai o tema e non teremos que andar pedindo. Entón, é en relación aos traballadores desta casa, non outra. Vamos a ver, logo, vimos o expediente de dona Gloria, do departamento de tesourería, ben, perdón, de contabilidade, non sei dicilo moi ben. Intervención. Nun expediente de declaración de lesivilidade. Neste caso, segundo entendemos ou queremos que nolo digan por escrito, ese informe só o podería facer, sobre a lesivilidade a señora Secretaria, dona Silvia Alonso. Non sabemos se está feito, se non está feito, e queríamos saber se é preceptivo, tanto o de Silvia ou o da señora Interventora. Vale?. Cal é a contía que ten que pagar este concello para que sexa lesivo ese informe, para, é que non o pon tampouco o informe que fixo a señora Interventora.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non está cuantificado?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non está cuantificado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non porque a sentenza está sen cuantificar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ben, pero para que isto sexa lesivo, imaxino que, a ver, lesividade todos sabemos o que significa. Entón, que sexa nulo porque a contía que hai que pagarlle a esa persoa causa un prexuízo ao concello. Creo que o expliquei perfectamente, non? Entón, entendemos que a contía tiña que estar tipificada ou aproximada para que haxa o obxecto de lesividade. Iso cae de caixón. Ou sexa, que, a ver, ou hai algún informe que non corresponde. Despois. No expediente, hai un recurso de reposición de dona Mar López, técnico medio deste concello, a unha petición que lle fixo a Alcaldía, e non sabemos, ou non temos información, se dona Gloria Ceballos respondeu a este recurso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Creo que si.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pois temos ocultación de información unha vez máis, porque non o temos ese recurso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Creo que respondeu, respondeu creo que a semana pasada. Creo lembrar, eh!

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale, pois vamos a ver, se un expediente se

incorporan todos os pasos e todos os papeis, non temos que volver a pedilo. E estamos fartos de que se nos oculte a información.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, vou facer un inciso porque senón pérdome. Respecto ao expediente de lesividade, solicítase por parte do Grupo Popular información acerca de se é necesario, para declarar esa lesividade un informe da Secretaría. Por suposto, no expediente hai, un informe de tramitación, asinado pola Secretaria e despois neste momento atópase en fase de emisión de informe polos servizos xurídicos. Xa lles anuncio aquí que esta Secretaria, por razón de amizade, vaise coa traballadora afectada, vaise abster de emitir ese informe xurídico. Polo tanto, terán que adxudicarllo a outro dos técnicos xurídicos que haxa neste concello. Pero si, é preceptivo un informe dos servizos xurídicos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pois por iso mesmo. Ou sexa, despois da explicación que deu a señora Secretaria, entendemos que isto tampouco está correcto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que está en trámite. Aínda está en trámite a declaración de lesividade.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale. Vamos a deixalo aí. Pedímolo por escrito, Silvia, non te preocupes.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver. Existe unha sentenza condenatoria por silencio administrativo, sen entrar no fondo do asunto, prodúcese o silencio administrativo e a sentenza non entra no fondo do asunto. Simplemente, condena ao concello ao abono duns haberes que non están cuantificados economicamente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non estean cuantificados tampouco pola sentenza.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non está cuantificada a sentenza, que é o que estou dicindo. Está cuantificada a retroactividade a catro anos dende a data da sentenza. As estimacións que hai son internas. Eu non as fixen. Loxicamente, fanas na área económica, trabállase cunha cantidade aproximada que determina que cando lla comunican ao Grupo de Goberno, entendan que ese é un silencio administrativo que se produciu. O silencio administrativo produce un acto administrativo e este acto administrativo transformouse por razón das contías que se manexan en lesivo. E decídese iniciar, por parte do Grupo de Goberno, un expediente de declaración de

lesividade do acto administrativo producido por silencio. E estase tramitando o expediente.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale. Vale. non vamos a entorpecer pero o que realmente se é lesivo é porque hai unha contía

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero non é exacta. Traballan con aproximación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A pregunta que ven a definir, Chelo, se me permites que interprete as túas palabras, se ten que haber unha contía mínima para que se poda iniciar ese expediente de lesividade. Pode ser calquera feito.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non é unha contía mínima.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pode ser calquera. Esa non é a miña pregunta. A miña pregunta é a contía porque para que isto sexa lesivo, ten que ser unha contía que prexudique

O Sr. Alcalde toma a palabra: Chelo, acaban de dicir que calquera contía.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP Vale, pero, entón a lesividade, ben, veremos o informe que faga o departamento xurídico X

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pode ser calquera contía

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Persoa X. Vale.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, pero tampouco van a entrar en contías porque como non as teñen calculadas, o que van a entrar é se o feito desa produción do silencio, polo tanto o acto administrativo, o silencio, é lesivo para os concellos por razóns de fondo. É dicir, se estaría xustificado que ese silencio administrativo, ben, a sentenza simplemente o declarase e conforme a dereito fora razoable, ou se existen determinados asuntos do fondo, nos que convén entrar

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale, perfecto. Seguimos con outra cuestión.

O Sr. Alcalde toma a palabra Chelo, son as doce da noite.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Soamente a última.

O Sr. Alcalde toma a palabra Vale, perfecto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Soamente a última e as demais vounas pasar por escrito

O Sr. Alcalde toma a palabra Agradézollo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, a memoria do proxecto de Ferro Couselo, xa llo dixen a Ánxela, estamos esperando. Pero si temos outro, que quede en acta, neste concello, a ver, está aquí o concelleiro de deportes. Hai un decreto da limpeza do polideportivo, do mes de agosto. Que eu saiba, o mes de agosto está pechado o polideportivo e volvemos á mesma. O 3 de setembro, Élite Gallega, factura, 31 de agosto, 2.000 euros limpeza polideportivo de agosto. E déixoo aí.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): O prego está a doce meses.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Levantamos a sesión. Moitas grazas a todos e a todas, especialmente ao público asistente. Grazas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 24:00 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE A SECRETARIA XERAL

DOCUMENTO ASINADO DIXITALEMTE Á MARXE